


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

CARPETA 01.MX

ANEXO I. ESTUDO DA PAISAXE



Outubro 2023

1	INTRODUCCIÓN	5
1.1	MARCO NORMATIVO.....	5
1.2	ESTUDO DA PAISAXE OBXECTIVO	10
2	CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE.....	12
2.1	CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE XERAL DO CONCELLO.....	12
2.1.1	Elementos estruturais da paisaxe	14
2.1.2	Elementos texturais da paisaxe.....	17
2.1.3	Compoñentes visuais	20
2.1.3.1	Compoñentes que caracterizan á paisaxe.....	20
2.1.3.2	Compoñentes individuais da paisaxe	21
2.1.4	Valores paisaxísticos	22
2.1.5	Calidade e fragilidade paisaxística	23
2.1.6	Relacións e dinámicas paisaxísticas	25
2.2	UNIDADES PAISAXÍSTICAS DO CONCELLO DE NARÓN.....	26
2.2.1	POL (Plan de Ordenación do Litoral)	26
2.2.2	Catálogo das paisaxes de Galicia	28
2.2.3	Delimitación das Unidades de Paisaxe do concello.....	34
2.2.3.1	Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema extensivo; Termotemperado.....	37
2.2.3.2	Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior.....	41
2.2.3.3	Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado	45
2.2.3.4	Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado	49
2.2.3.5	Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (superficie de cultivo); Termotemperado	51
2.2.3.6	Litoral Cántabro-Atlántico; Bosque; Termotemperado	54
2.2.3.7	Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Mesotemperado inferior.....	56
2.2.3.8	Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Termotemperado	60
2.2.3.9	Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior	63

2.2.3.10	Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Termotemperado...	66
2.2.3.11	Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior.....	69
2.2.3.12	Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado	73
2.2.3.13	Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Mesotemperado inferior.....	75
2.2.3.14	Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado	78
2.2.3.15	Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior	80
2.2.3.16	Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Termotemperado	83
2.2.3.17	A Frouxeira	86
2.2.3.18	A Gándara.....	89
2.2.3.19	Esteiros de Xubia e o Freixeiro	90
2.2.3.20	Montes da Lagoa e Campelo	93
2.3	VISIBILIDADE.....	97
2.3.1	Miradoiros e percorridos visuais.....	97
2.3.2	Visibilidade do concello segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia	104
2.4	CALIDADE PAISAXÍSTICA	106
2.5	FRAXILIDADE PAISAXÍSTICA	109
2.6	AREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	110
2.6.1	AEIP Monte da Lagoa	111
2.6.2	Esteiro do río Grande de Xubia	112
2.6.3	Monte da Mina	114
2.7	AREAS DE ATENCIÓN PAISAXÍSTICA	115
2.7.1	Megasa	115
3	A PAISAXE URBANA.....	117
3.1	PAISAXE URBANA RESIDENCIAL	118
3.1.1	Fitos de interese paisaxístico do casco urbano de Narón	119
3.1.2	Impactos Paisaxísticos	121
3.1.3	Aspectos comúns a todos os barrios	121

3.1.4	A Gándara	126
3.1.5	A Solaina	135
3.1.6	Alto do Castiñeiro	139
3.1.7	O Couto	147
3.1.8	Freixeiro	152
3.1.9	Piñeiros	157
3.1.10	Xubia	161
3.2	PAISAXE URBANA INDUSTRIAL	165
3.2.1	Polígono industrial de A Gándara	166
3.2.2	Megasa	168
3.2.3	Polígono industrial de As Lagoas	170
3.2.4	Polígono industrial Río do Pozo	172
4	OBJECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA (OCP)	176
4.1	OCP XERAIS	176
4.2	OCP PARA AS GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS	177
4.3	OCP PARA AS UNIDADES DE PAISAXE	179
4.4	OCP PARA ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO (AEIP)	182
4.5	OCP ÁREAS DE ESPECIAL ATENCIÓN PAISAXÍSTICA (AEAP)	183
5	XUSTIFICACIÓN DAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA	184
5.1	INTEGRACIÓN COAS DETERMINACIÓNS	184
5.1.1	Determinacións xerais	184
5.1.2	Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo urbano	190
5.1.3	Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo rururbano (urbano diseminado) 192	
5.1.4	Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo litoral	193
5.1.5	Directrices específicas para áreas de especial interese paisaxístico (AEIP)	194
5.1.6	Directrices específicas para áreas de especial atención paisaxística (AEAP)	194
6	EQUIPO REDACTOR	195

1 INTRODUCCIÓN

En Galicia existe un marco de referencia para todas as lexislacións sectoriais, plans e programas que poidan influír na paisaxe. No capítulo III da Lei 7/2008 defínense os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia. Os primeiros instrumentos mencionados son os catálogos da paisaxe de Galicia, aos que atribúe as funcións de delimitación das grandes áreas paisaxísticas de Galicia e de identificación dos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas, así como das súas características diferenciais.

Así mesmo, no ano 2011 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas puxo en marcha unha Estratexia da Paisaxe Galega para a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe. Esta estratexia establece nunha das súas liñas de actuación a elaboración do Atlas das Paisaxes de Galicia a partir dos Catálogos e Directrices da Paisaxe, definindo como o seu obxectivo principal “identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe da Galicia cara a súa protección e xestión”. Este Atlas concíbese como referencia para a caracterización e valoración da paisaxe galega, constituíndo, nun primeiro lugar, o Catálogo das Paisaxes de Galicia, que comprende a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas.

1.1 MARCO NORMATIVO

Lei de protección da paisaxe de Galicia

O artigo 2 da Lei 7/2008 expresa que un dos seus principios é o de defender e preservar a paisaxe, favorecendo unha relación harmónica e respectuosa entre a xente e o seu contorno, e promovendo un uso racional e ordenado do territorio, que teña en conta os valores naturais e culturais das paisaxes. Pola súa parte, o artigo 5 da lei imponlles aos poderes públicos a obriga de integrar *“a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turística, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.”*

Catálogo das paisaxes de Galicia

Mediante o Decreto 119/2016 (DOG do 25/08/2016), aprobouse o Catálogo das Paisaxes de Galicia. No Catálogo quedan delimitadas as 12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia,

despregadas en 50 comarcas paisaxísticas. O Catálogo identifica os tipos de paisaxe, delimita as unidades de paisaxe, inventaría os valores paisaxísticos, analiza as causas que determinaron cada tipo de paisaxe e fai unha diagnose xeral sobre o estado da paisaxe, en cada área paisaxística.

Regulamento da lei de protección da paisaxe de Galicia

Por medio do DECRETO 96/2020, do 29 de maio, se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Afectándolle principalmente os artigos 35, 36, 37 e 38:

O artigo 35. Os estudos da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística

1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística realizarán un estudo da paisaxe do ámbito territorial a que se refiran, que se incluírá entre os documentos informativos e de diagnose exixidos pola normativa de aplicación.

Nos supostos en que se produza de forma simultánea a avaliación ambiental estratéxica dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e a avaliación de impacto ambiental ordinaria dun proxecto técnico que desenvolve o antedito proxecto sectorial, o estudo de paisaxe exixible a este último poderá coincidir co estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto técnico.

2. O estudo da paisaxe fundamentarase nos catálogos da paisaxe e pormenorizará os aspectos que resulten necesarios, en atención ás características, fase de tramitación, alcance e finalidades do instrumento e ao carácter das paisaxes afectadas, de acordo co establecido neste regulamento e nos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

3. Os estudos da paisaxe referiranse a todos ou algúns dos seguintes aspectos, en atención ás peculiaridades de cada caso:

a) Unha caracterización da paisaxe referida ao ámbito estrito do instrumento e á contorna en que se insire, que identificará e describirá os elementos conformadores daquel, así como os tipos e unidades de paisaxe presentes no ámbito do estudo.

b) A identificación dos elementos ou zonas en que existen singulares valores paisaxísticos de tipo natural ou ecolóxico, cultural ou patrimonial, estético ou panorámico, e

produtivo ou de uso. Tomaranse como referencia as áreas de especial interese paisaxístico e os valores paisaxísticos identificados polos catálogos da paisaxe.

c) *Unha análise de visibilidade, orientada a identificar miradoiros e sendas panorámicas, así como as zonas do ámbito máis expostas visualmente, tendo en conta os potenciais usos deste. Tomaranse como referencia os contidos dos catálogos da paisaxe, coa oportuna pormenorización, en atención á escala en que o instrumento establece a súa ordenación.*

d) *A identificación dos impactos paisaxísticos existentes no ámbito do instrumento ou que lle afecten por resultaren visibles desde este, sempre que, por estaren directamente relacionados co obxecto, a escala e o alcance do instrumento, sexan susceptibles de que este prevexa as oportunas medidas de mellora ou recuperación. Poderán empregarse os impactos identificados nos catálogos da paisaxe, pero o estudo deberá concretar as súas localizacións e características.*

e) *Unha xustificación das medidas que adopte o instrumento para alcanzar os obxectivos a que se refire o artigo 34.*

4. *Na elaboración dos estudos de paisaxe evitárase a reiteración ou simple reprodución de contidos propios doutros documentos do instrumento.*

Artigo 36. Os estudos da paisaxe urbana nos instrumentos de planeamento urbanístico

1. *Ademais do estudo da paisaxe previsto no artigo anterior, deberán incorporar un estudo da paisaxe urbana os seguintes instrumentos de planeamento urbanístico:*

a) *Os plans xerais de ordenación municipal, agás cando no municipio non exista ningún núcleo urbano.*

b) *Os plans parciais.*

c) *Os plans especiais de reforma interior en solo urbano non consolidado.*

d) *Os plans especiais de protección referidos a núcleos urbanos.*

2. *Os estudos da paisaxe urbana teñen por finalidade que a ordenación que establezan os instrumentos de planeamento urbanístico sexa congruente co carácter urbano propio de cada núcleo, zona ou barrio, co obxecto de preservar os seus valores paisaxísticos e contribuír á mellora da calidade dos espazos públicos.*

3. Os estudos da paisaxe urbana dos plans xerais de ordenación municipal e dos plans especiais de protección referidos a núcleos urbanos analizarán a imaxe exterior destes e realizarán unha diagnose do estado dos espazos públicos, e deben incluír o seguinte contido:

a) Un estudo sobre a imaxe exterior do núcleo urbano, en que se analicen:

1º. As vistas do conxunto do núcleo, ou silueta urbana, e a súa relación co seu marco paisaxístico.

2º. As fronteiras ou fachadas urbanas exteriores, particularmente as que se perciben desde as vías de entrada ao núcleo.

b) A identificación dos distintos tipos ou subtipos de paisaxe urbana presentes no núcleo urbano, así como a descrición dos elementos conformadores de cada un deles.

c) A avaliación das características e o estado dos elementos formalizadores das escenas urbanas. En particular, identificaranse os puntos en que o mal estado dalgún elemento constitúe un impacto paisaxístico. Como mínimo, analizaranse os seguintes elementos:

1º. Trazado, sección e pavimentos das rúas e prazas, incluída a existencia e continuidade de itinerarios peonís.

2º. Tipoloxías edificatorias e materiais das fachadas dos edificios e dos cerramentos de parcelas.

3º. Zonas verdes e arboredos.

4º. Mobiliario urbano, sinalización, iluminación pública e redes de infraestruturas.

5º. Tráfico e aparcadoiros de vehículos.

d) A identificación de áreas urbanas de especial interese paisaxístico.

e) A identificación de áreas ou barrios cunha especial degradación paisaxística.

Artigo 37. Integración da consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística

Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística establecerán as súas determinacións tendo en conta as conclusións do estudo da paisaxe e, de ser o caso, do estudo da paisaxe urbana, nos seguintes termos:

a) As condicións de ordenación que se definan para as diferentes zonas dentro do ámbito do instrumento respectarán o tipo e carácter paisaxístico de cada unha delas. Para tal fin, a

ordenación debe procurar que as características das obras, construcións ou instalacións que se prevexan ou permitan resulten congruentes e harmonicen coas características dos elementos conformadores das paisaxes.

b) Delimitaranse as áreas de especial interese paisaxístico e establecerase para elas unha ordenación tendente á protección e á adecuada xestión dos devanditos valores.

c) Estableceranse as medidas oportunas para preservar as vistas de interese desde os miradoiros e as sendas panorámicas.

d) Dentro do obxecto, a escala e o alcance do instrumento, preveranse as medidas necesarias para eliminar, reducir ou mitigar os impactos paisaxísticos existentes.

Artigo 38. Consideración da paisaxe na avaliación ambiental dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística

1. Na documentación que se elabore para dar inicio ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística incluíranse o estudo da paisaxe a que se refire o artigo 35 e, de ser o caso, o estudo da paisaxe urbana a que se refire o artigo 36, así como os seguintes contidos:

a) A descrición e xustificación dos impactos sobre a paisaxe que pode producir a ordenación do instrumento.

b) A xustificación da adecuación ou cumprimento do instrumento cos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Directrices da paisaxe de Galicia

As Directrices da Paisaxe de Galicia emanan a partir do Artigo 10º da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia có fin de precisar os Obxectivos de Calidade Paisaxística para cada unidade da paisaxe, así como as medidas, indicadores, normas e recomendacións necesarios para acadalos.

O presente estudo de paisaxe xustifica no apartado 5. as determinacións das Directrices da Paisaxe establecidas para as unidades de paisaxe definidas para este ámbito, segundo o Artigo 11.2.d da Lei 7/2008.

Son Obxectivos de Calidade Paisaxística xerais das Directrices da Paisaxe de Galicia:

Unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía.

Unhas paisaxes heteroxéneas en que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que outorgue variedade textural e perceptiva e evitando a banalización e o abandono

Unhas paisaxes nas que se manteña a interface que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeneizan a paisaxe

Unhas paisaxes vivas, accesibles e que poidan ser desfrutadas pola cidadanía. Creación dunha cultura da paisaxe mediante recursos didácticos e formativos

Unhas paisaxes de valor natural e ecolóxico que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade e nas cales sexa compatible a preservación deses valores co aproveitamento de recursos e o desfrute da cidadanía.

Plan de Ordenación do Litoral

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) é un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

As análises e consideración paisaxísticas realizaranse segundo recolle o capítulo I Paisaxe do título V. Normas complementarias, concretamente os artigos 73, 74, 75, 76 e 77.

1.2 ESTUDO DA PAISAXE OBXECTIVO

O tratamento da paisaxe debe ter unha triplo vertente: protección, ordenación e xestión. Para elo o primeiro paso é identificar e analizar a paisaxe, entendendo a esta como universal, é dicir, incluíndo as paisaxes extraordinarias, máis tamén as consideradas xeralmente como ordinarias. A paisaxe pasou de considerarse posa súa dimensión estética a ser interpretada coma un recurso no que se suman a estética, ecoloxía, cultura, etnografía e crenzas. Estes aspectos relaciónanse entre si formando a paisaxe correspondente en cada momento.

A paisaxe é dinámica, combinación de tódolos procesos do pasado e pendente de recibir os futuros namentres evoluciona no presente. Estes procesos poden se de longa ou curta

duración, as transformacións teñen diversos ritmos, sendo algúns deles non asumibles para o home. Na paisaxe non hai nada estático, deste modo non hai dúas paisaxes iguais. A paisaxe é todo o que se percibe e os elementos conforman este territorio percibido. Estes elementos que conforman a paisaxe son a suma daqueles naturais e artificiais, vivos ou inertes e os tanxibles ou intanxibles.

- **Abióticos:** climatoloxía, hidroloxía e xeomorfoloxía
- **Bióticos:** vexetación e fauna
- **Antrópicos:** Agricultura e gandería, urbanización e actividade industrial e forestal.

A paisaxe é a resultante das combinacións entre os tres tipos de elementos que actúan por separado e uns sobre os outros, creando un conxunto indisociable, con evolucións individuais e comúns. Así, os factores que inflúen na creación dunha paisaxe son diversos en canto a espazo e tempo. Para elo débese acadar diversos obxectivos:

- Identificar os diferentes elementos que articulan o territorio municipal
- Caracterizar os diferentes tipos de paisaxe do concello de Narón
- Definir estratexias específicas para a xestión da paisaxe
- A interacción do Plan cos diferentes elementos que configuran o municipio trátanse na *memoria xustificativa*. A caracterización da paisaxe de Narón realízase en base ao traballo de clasificación realizado no Catálogo das Paisaxes de Galicia e a un intenso traballo de campo percorrendo todas e cada unha das unidades propostas.

2 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

No caso de Narón a combinación dos tres tipos de paisaxe que conforman a paisaxe (abióticos, bióticos e antrópicos) é total, posto que estamos ante dunha área de forte ocupación. Interesa coñecer a configuración en si da paisaxe, sen predominancia dun tipo de elementos sobre doutros, pero si a conxunción deles.

Todo isto relaciónase en paradigmas económicos e sociais dominantes en cada época polo que na actualidade son as políticas territoriais as encargadas de manter as lóxicas de ocupación do territorio, unha vez se van perdendo as motivacións orgánicas propias do modelo produtivo tradicional. O obxectivo último debe ser preservar as diversas tipoloxías da paisaxe tentando mellorar aquelas deterioradas ou alteradas pola acción antrópica.

A caracterización da paisaxe fundaméntase en acadar unha correcta análise e diagnose paisaxística atendendo ós diversos elementos xenéricos que a compoñen e caracterizan.

A suma de escenas similares outórganos a posibilidade de dividir o territorio en unidades de paisaxe, determinando as funcións constantes. As delimitacións paisaxísticas empregan elementos estruturais e a súa valoración, sen atender a límites administrativos.

2.1 CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE XERAL DO CONCELLO

Narón atópase dentro da denominada “Grande Área Paisaxística Golfo Ártabro” definida polo Catálogo das Paisaxes de Galicia (2016). Esta área ocupa parcial ou totalmente os concellos de Ferrol, Narón, Neda, San Sadurniño, A Capela, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Pontedeume, Monfero, A Coruña, Oleiros, Sada, Miño, Vilarmaior, Culleredo, Cambre, Bergondo, Paderne, Irixoa, Carral, Abegondo, Betanzos, Oza-Cesuras, Coirós, Aranga e Arteixo. Para os efectos da catalogación subdivídese en dúas comarcas paisaxísticas: Golfo Ártabro Litoral e Golfo Ártabro Interior.



Vista parcial do Concello de Narón dende a ladeira sur do Monte da Lagoa

A Grande Área Paisaxística (GAP) Golfo Ártabro sitúase no noroeste da Comunidade Autónoma, abarcando unha superficie de máis de 129.000 ha. O entorno físico do antigo *magnus portus artabrorum* da época clásica constitúe a transición, seguindo pola costa, entre Galicia Setentrional e Chairas e Fosas Occidentais, que se desenvolven polas comarcas máis occidentais de Galicia. Conforman unha ampla contorna xeográfica en forma de anfiteatro, pechado polo achegamento das elevacións da Dorsal Galega e a prolongación pola Serra de Montemaior, describindo un arco que define a divisoria de augas da rede hidrográfica que verte ás rías de Ferrol, Ares e A Coruña. Trátase por tanto dunha zona heteroxénea, dende o dominio litoral, vales sublitorais e serras que acadan algo máis de 700 m de cota.

O paisaxe no concello preséntase ondulada e suavemente pautada en varios niveis de erosión. A altitude da bacía hidrográfica do curso medio do Xubia sitúase na liña dos 300 m e baixa dos 100 m no mesmo val. Ao oeste da desembocadura do Xubia, un corredor vertical que une a praia setentrional da Frouxeira coas rías meridionais de Ferrol e Ares presenta un relevo laxo de maior monotonía, onde se atopan ladeiras case horizontais formando pequenos glacis sobre os que se asentaron a cidade de Ferrol e a vila de Narón. Bordean este corredor dúas

franxas, tamén verticais, a oriental máis estreita, e a occidental, que constitúe o extremo oeste, coñécese como Macizo de Ferrol.

2.1.1 Elementos estruturais da paisaxe

A composición fisiográfica do territorio é a base principal da paisaxe xa que determina a evolución dos restantes elementos. Deste xeito, o clima, a hidroloxía e a xeomorfoloxía condiciona á vexetación e a fauna que se axeitan aos condicionantes estruturais.

A xeomorfoloxía estuda as formas do terreo, determinadas por factores bióticos e abióticos. O relevo presenta forzas construtivas (pregues, formacións rochosas, deposición, etc.) e destrutivas (erosión) sobre as que actúan factores externos coma o xeo, a choiva, o vento, as ondas do mar e tamén as derivadas das actividades humanas coma a contaminación.

A composición e a estrutura do terreo é abordada pola xeoloxía e resulta moi relevante na paisaxe a pesares de que non se trate dun elemento evidente (agás nalgúns afloramentos rochosos). O modelo fisiográfico é a base dos restantes compoñentes da paisaxe, polo que é o gran condicionante de base supeditado ás coberturas do solo.

Narón e a súa comarca atópanse situados na parte noroccidental da provincia da Coruña, dentro da zona da Galicia-Tras Móntesvos, una das seis zonas que definen o macizo ibérico.

Formado por materiais deformados pola Oroxenia Hercínica na península ibérica, sendo o afloramento máis importante destes materiais; existen ademais algúns afloramentos illados integrados na cordilleira ibérica.

Os principais elementos litolóxicos de Narón son tres:

Intrusións graníticas sinorogénicas de interfase (granodioritas precoces) e postectónicas (granodiorita tardía) que dispóñense en franxas alargadas seguindo a dirección das estruturas hercínicas, estando xeralmente ligados a fallas.

Serie de materia azoica, que oscila entre o Precámbrico e o Silúrico, constituída por xistos e cuarzoquistos (xistos silíceos) orixinados por unha sedimentación de tipo “flysch” afectada despois por un baixo grado de metamorfismo.

Sedimentos cuaternarios de menos espesor e volume, de tipo adoito, incluíndo os recubrimentos existentes sobre as formacións ígneas e metamórficas formadas pola alteración da matriz rochosa.

Os depósitos máis antigos dentro dos depósitos sedimentarios están constituídos por conglomerados, gravas e gravas areosas, con estratificación gradada ou granoselección, nos que cada secuencia apóiase sobre unha base erosiva. Os depósitos aluviais son de pouca importancia debido ao réxime hídrico dos ríos atravesados polos trazados.

Os depósitos de fondo de val atópanse asociados a torrenteiras e fluxos de auga relativamente rectos e de pouca magnitude. Existen tamén depósitos de praia formados por áreas e depósitos mareais finos. Ambos atópanse nas zonas de desembocadura dos cursos fluviais, onde coexisten réximes fluviais e mariños. Nas proximidades destes ríos poden atoparse tamén algunhas terrazas illadas.

A tectónica dominante en Narón está controlada esencialmente pola Oroxenia Hercínica desenvolvida en diferentes fases, aínda que as principais estruturas de deformación non foron aínda descubertas.

Ao suroeste existe un ámbito caracterizado desde o punto de vista macroscópico pola existencia dun gran Priegue tombado con flanco investido e dirección N-S.

A escala de afloramento apréciase unha xistosidade de fluxo de tipo epizonal borrada pola xistosidad de fase 2. Ao leste do trazado dispónse, fóra do municipio, o anticlinorio de Caaveiro-Monfero pertencente ao dominio do Olo de Sapo; entre este último, un pouco máis ao sur, atópase unha banda con disposición NNO-SSE formada por intrusións graníticas de interfase e rocas básicas prehercínicas presentes no trazado.

Ao seu lado oriental existen pregues homoaxiais ao pregue anterior e buzamento axial de 10-30° cara ao norte; caracterízase tamén polo repregamento das estruturas preexistentes.

Máis ao leste, a terceira fase é de carácter moi local, con pregues decimétricos de tipo kink-band e planos axiais subhorizontais ou lixeiramente inclinados (20°). Tamén se observa aquí o seu desenvolvemento nas postrimerias da Oroxenia Hercínica e presenta fallas de desagarre dextróxicas con dirección E-O e ESE-ONO. Os desprazamentos son pequenos e oscilan entre a centena de metros e o quilómetro.

A **orografía** condiciona a paisaxe tanto dun xeito directo coma indirecto. A configuración do relevo de Narón afecta dun xeito significativo á maneira de percibir o Concello. A diversidade orográfica do concello, vai ser a que condicione a organización territorial, non só pola diferente localización dos asentamentos de poboación, senón tamén polo aproveitamento económico, pola disposición dos cultivos e das zonas forestais.

Narón presenta unha gran diversidade orográfica xa que se estende lonxitudinalmente desde a costa Atlántica ao oeste ata o val do río grande de Xubia ao leste e bordeando o tramo final da ría de Ferrol polo sueste é por iso que hai condicionantes topográficos diversos.

A maioría da súa extensión municipal sitúase por baixo dos 150 m de altura que se corresponde ás terras máis baixas que están conformadas polo val central do bordo da ría e as vaguadas do río Xubia e os seus afluentes menores, o río de Prados e río Vello, así como o tramo fluvial do río Castro que discorre dentro do termo municipal. A zona montañosa non é significativa en canto á súa altitude xa que non supera os 225 m de cota salvo nos montes costeiros de Bardas, Casavella e Lagoa ou nas estribacións do noroeste no límite cos concellos Valdoviño e San Sadurniño.

O bordo costeiro atlántico esténdese un 3,5 km entre Punta Ferruxeda e Pena Lopesa e atópase delimitado polos montes de Lagoa, case paralelo á franxa litoral con cotas máximas entre os 260 e 300 metros, o que da lugar a unha liña de costa abrupta con cantís que superan os 100 metros de altura.

A franxa litoral restante corresponde á zona da ría de Ferrol, xunto á desembocadura do río grande de Xubia, que se caracteriza por un relevo máis suave que continua cara ao interior en dirección Noroeste cara ao val central onde se atopan as parroquias de Narón, Castro, Trasancos e parte das parroquias de O Val e Sedes.

Este relevo máis suave favorece que sexa na contorna da ría onde se concentraron os asentamentos de poboación máis numerosos así como as vías de comunicación que teñen como destino Ferrol e que atravesan na súa maioría pola zona sur do concello.

Ao leste e nordés do municipio atópanse as zonas altas do concello que se sitúan nas parroquias de Sedes, Pedroso e Doso, onde predomina un relevo máis abrupto e montañoso que conforma o estreito val de Pedroso por onde discorre o Río Grande de Xubia.

No extremo nordés atópanse as zonas máis altas do concello, o punto máis alto é o chamado Campo dous Nenos con 364 m, seguido polo Coto do Esperón con 310 m e o Alto do Pedroso con 304 m.

As características de **rede hidrolóxica** definen o territorio de Narón, modelando a súa paisaxe cos vales a vertentes asociados. O termo municipal de Narón, no marco da división territorial de Galicia, atópase integramente nas bacías da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e segundo a clasificación hidrolóxica establecida polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa está integrado no sistema de explotación 14 Ferrol.

O río Grande de Xubia ten unha cunca de 31 km de longo que discorre polos concellos de Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda e por último Narón. Este río discorre polo extremo sueste do concello sendo é ou río que recibe a maior parte das augas respecto das restantes vertentes que teñen orixe non municipio, mediante unha densa rede fluvial de pequenos regachos, formando un estreito val que conforma na súa desembocadura final da ría de Ferrol.

O canle fluvial Grande de Xubia recibe pola súa vertente sur as augas do río Castro que atravesa a parroquia de Doso, mentres que pola vertente norte conflúen os ríos Prados e Lanuxe.

Os ríos Pereiro, Salgueiro e Freixeiro son os principais cursos de auga da ampla val central, que verten na ría. Nos leitos destes tres ríos, de escaso desenvolvemento desaugan un grande número de pequenos regatos, seguindo unha ampla rede fluvial de escasa magnitude que drena a variada orografía do sector.

As condición climáticas permiten a existencia desta rede fluvial ademais de actuar como modeladores da paisaxe, especialmente o vento. A precipitación media anual varía moito, cunha media anual de 1.966 mm, que repártense de xeito continuo ao longo de todo o ano, cun máximo en inverno e un mínimo en verán, sumando uns 150 días de choiva é en torno ás 2.000 horas de sol anual.

Respecto á temperatura, a media mensual máis baixa prodúcese no mes de xaneiro e a media máis alta no mes de agosto.

Os ventos dominantes, do mesmo xeito que o resto da franxa litoral das mariñas coruñesas, correspóndese coas direccións sur e suroeste nos meses de inverno, en tanto que nos meses centrais do ano están marcados polo predominio dos procedentes do norte-noroeste e nordeste.

2.1.2 Elementos texturais da paisaxe

Os usos do solo, as diversas actividades humanas e os asentamentos de poboación adáptanse aos principais elementos conformadores do medio: o relevo, a pendente, a altitude e a edafoloxía. Os diversos elementos van xerando unhas textura que caracterizan ás escenas paisaxísticas. A relación entre o ser humanos e o medio determina as composicións de formas, cores e disposición espacial.

Os diversos usos do solo forman a trama textural da paisaxe, neste senso, son indicativos dos diversos aproveitamentos; uns aproveitamentos pasados, presentes e futuros que son os grandes arquitectos da paisaxe.

En Narón destaca o desenvolvemento urbano do núcleo que se prolonga dun xeito lineal a carón da estrada que o comunica con Ferrol. Prodúcese, por tanto, unha fusión morfolóxica ou conurbación urbana entre as dúas vilas que o levan a ser, nalgúns aspectos, un único ente físico e funcional.



A realidade é que o dinamismo demográfico, económico, empresarial, comercial e incluso de ocio de Ferrolterra trasladouse e/ou instalouse en Narón debido a unha ampla e alcanzable oferta de solo e vivenda. Hoxe por hoxe a cidade con maior dinamismo da conurbación Ferrol-Narón é esta última que continúa a medrar, xa non dun xeito lineal nas marxes da estrada senón nun sentido transversal a esta.

A forte urbanización na fronte costeira trocou a morfoloxía e o cromatismo deste espazo. Na actualidade, esta artificialización do borde costeiro por medio da inserción de edificacións en altura alternando con áreas industriais conforman unha barreira visual que condiciona a percepción da fachada litoral do Concello.



Vista parcial da fronte costeira do concello de Narón dende Neda. A esquerda a ponte das Pías.

Sen embargo, en gran parte do Concello, especialmente no sector norte e oeste, consérvase un interesante mosaico agrario que se articula entorno a parcelas de pequeno tamaño cuxa produción está destinada ao autoconsumo. Nelas aparecen cultivos de cereais como a o trigo ou o millo aínda que a meirande parte son pasteiros sen un aproveitamento definido.



Entorno rural na parroquia de O Val (Santa María a Maior)

O redor destas foise creando unha trama urbana descontinua na que as novas vivendas se desvinculan completamente do cultivo da terra. O resultado é un cambio nos usos e aproveitamentos do solo. Gran parte das terras de cultivo estanse abandonando sendo substituídas por plantacións forestais de crecemento rápido e vencelladas a especies coma o eucalipto.

2.1.3 Compoñentes visuais

Estas variables veñen derivadas das anteriores compoñentes e son necesarias para a súa valoración posterior e para propoñer unhas directrices coherentes coa paisaxe. O equipo de traballo optou por dividir as compoñentes, a tal efecto, en aquelas que describen o conxunto da paisaxe e aquelas outras que se centran nas súas compoñentes individuais.

2.1.3.1 Compoñentes que caracterizan á paisaxe

Estas compoñentes tratan a organización espacial dos elementos da paisaxe, unha das variables que máis depende da posición na que se atope o observador. Dende o punto de vista da organización tridimensional do espazo debe terse en conta a amplitude da vista.

A profundidade depende da distinción dos diferentes planos de visión, sendo unha vista con alta profundidade aquela na que se poden diferenciar claramente os tres planos (altura, profundidade e anchura). A amplitude depende da distancia que acada o observador a ambos lados do eixe principal podendo distinguirse:

- **Vistas focalizadas:** os elementos da paisaxe orienta a cunca visual. As estadas soen focalizar estas vistas.
- **Vistas encaixadas:** os elementos da paisaxe delimitan a cunca visual. O val do río Xubia e a súa prolongación formando a Ría de Ferrol focalizan a percepción do observador cara o río ou cara o mar.



Vista encaixada no esteiro dos regos de Santa Cecilia e Salgueiro na parroquia de Xubia (Narón)

- **Vistas panorámicas:** dadas as características do municipio Narón con un espazo relativamente plano no centro, os rebordes montañosos do concello constitúen os mellores emprazamentos para realizar estas vistas panorámicas. A pesares de que neste sentido existe unha certa subxectividade á hora de escoller o emprazamento parece escoller lugares como o Monte da Mina (309 m.) – no oeste do Concello- e os Montes da Lagoa ou Pena Grande– no norte do mesmo.

2.1.3.2 *Compoñentes individuais da paisaxe*

- **Forma:** volume e superficie dos obxectos. A súa dominancia faino destacar en maior ou menor medida. Tamén a xeometría, a complexidade e a orientación. Respecta a forma podemos diferenciar dimensionalidade da vista (bidimensional-tridimensional), ángulo predominante (horizontalidade-verticalidade) e a relación entre as formas xeométricas e as orgánicas
- **Liñas:** siluetas, límites, camiños reais ou imaxinarios que se perciben. Analizaranse os bordes para valorar se son definidos ou difusos.
- **Escala:** a observación establécese sempre en relación a que o obxecto observado teña unha medida coñecida
- **Cor:** a combinación de cores determina a calidade estética e os contrastes visuais. Diferenciaranse cores cálidas e frías, tonalidades claras ou escuras, maior ou menor brillo, etc.
- **Textura:** agregación de formas e cores que é percibida como a variación irregular dunha superficie continua. Tamén definida coma manifestación visual da relación entre a luz e a sombra motivada polas variacións existentes na superficie do obxecto pode ter unha granulometría fina ou grosa, ser máis o menos densa e regular ou presentar contraste interno.



Vista da costa de Narón (ed.). Unha combinación axeitada de escala e forma propicia escenas de calidade paisaxística.

2.1.4 Valores paisaxísticos

A valoración directa da paisaxe corresponde aos individuos que viven e perciben a escena paisaxística. A valoración da paisaxe ten que realizarse de modo integral, xa que a paisaxe é todo o que se ve. As diferentes tipoloxías de valores son a resultante dos diversos elementos, factores e condicións presentes en cada escena paisaxística. Así temos:

- **Valores naturais ou ecolóxicos:** fan referencia ao grao no que a paisaxe mantén procesos ecolóxicos básicos e proporciona servizos ambientais, incluíndo a capacidade de soporte e o valor de conservación do ecosistema (Gómez-Sal et al., 2003). Nalgúns casos xa existe un recoñecemento de algúns destes espazos mediante as figura legais de protección, mais noutros identifícase pola súa biodiversidade e por seren conectores que facilitan a funcionalidade dos ecosistemas. Neste caso os principais valores ecolóxicos recóllense no PXOM como Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN).

O Catálogo de Paisaxes de Galicia (CPPG) recolle no concello as seguintes o espazos protexidos: ZEPA Costa de Ferrolterra – Valdoviño e ZEC Costa Ártabra e Xubia – Castro. Ademais CPPG recolle que o ámbito localízase na zona potencial Plan Recuperación da Escribenta das Canaveiras e zona 3 Narón do Plan Xestión Lobo e no noroeste Zona de Protección Avifauna liñas eléctricas.

- **Valores patrimoniais ou culturais:** son o reflexo da convivencia do ser humano co territorio, a través das expresións materiais ou inmateriais que as distintas sociedades foron xerando. Inclúen tanto os bens do patrimonio cultural (edificacións históricas, monumentos, cascos antigos, xacementos arqueolóxicos, elementos etnográficos, camiños históricos, etc.) como outros elementos que forman parte do valor cultural e identitario da paisaxe (lugares asociados a lendas, mitoloxía ou acontecementos históricos, usos tradicionais, toponimia, festas e tradicións, elementos relixiosos, espirituais ou simbólicos, etc.)

O PXOM e o CPPG recolle un extenso inventario patrimonial onde destaca o Camiño Xacobeo Inglés.

- **Valores estéticos e panorámicos:** as diversas compoñentes das escenas paisaxísticas conflúen entre elas nesta dimensión, independentemente do valor que se lles outorgue por separado. A axeitada integración e composición de diversos elementos, acadando o

concepto de harmonía, determina a presenza deste tipo de valores. Os valores estéticos fan referencia á valoración humana dos elementos estruturais e texturais da paisaxe, relacionada coa percepción da beleza e harmonía da paisaxe (Busquets e Cortina, 2009).

- **Valores de uso ou produtivos:** comprenden as técnicas e procesos de transformación humana da natureza para producir bens e servizos (agrario, gandeiro, forestal, mineiro, industrial, turístico, etc.).

2.1.5 Calidade e fragilidade paisaxística

A definición de calidade paisaxística fixa uns obxectivos que marcan as estratexias a seguir pola ordenación territorial. Empréganse para o estudo de ambas variables un método indirecto baseado na combinación de escalas cualitativas e cuantitativas para a medición das compoñentes da paisaxe. Ademais realízase unha análise sistemática do territorio referendo os datos a unha malla poligonal cadrada de 10x10 metros, de maneira que cada retícula actúa como unha porción do territorio cunhas características paisaxísticas uniformes e regulares.

Cando falamos de calidade paisaxística estamos a referirnos aos atributos e valores presentes na paisaxe, á coherencia intrínseca da escena paisaxística e a capacidade para absorber posibles modificacións. A noción de calidade está vencellada a paisaxes ben conservadas, nas que as novas actuacións se integran dun xeito correcto na idiosincrasia propia, mantendo harmonía e evitando a fragmentación e a banalización. Débense evitar as conclusións subxectivas, xa que a calidade paisaxística non responde so a condicionantes estéticos.

Para obter a calidade visual da paisaxística valoráronse as seguintes variables:

A) Calidade visual intrínseca

1. Coberturas do solo
2. Diversidade ou fragmentación das coberturas do solo
3. Unidades do relevo
4. Xeoloxía

B) Calidade visual extrínseca

1. Elementos visualmente positivos: láminas de auga, patrimonio arquitectónico.
2. Elementos visualmente negativos: minas, industrias, rede de alta tensión...

A fragilidade da paisaxe fai referencia á capacidade dunha paisaxe anta a incidencia de novas intervencións e actuacións. Par elo debe terse en conta a vexetación ,presenza de elementos patrimoniais, formas e volumes do elementos presentes na cunca visual e a accesibilidade de frecuentación á que está sometida a escena paisaxística. Deste xeito resulta especialmente relevante a presenza de núcleos de poboación ou de vías de comunicación (estradas, camiños, ferrocarril, etc.) xa que expoñen ás escenas paisaxísticas nas que se enmarcan.

Para analizar adecuadamente a fragilidade do concello de Narón, especialmente a fragilidade visual adquirida, hai que identificar as vías de comunicación máis transitadas e os puntos de atracción máis destacables dentro do territorio municipal.

O núcleo de Narón é a zona máis exposta, especialmente a trama urbana que configura a fronte costeira e os bordes das estradas AC-862 que comunica Ferrol con Narón e a AC-566 que comunica Narón con Valdoviño.

A fachada marítima ten unha gran fragilidade xa que se percibe dende parte da ría de Ferrol, especialmente dende os concellos de Fene e Neda sendo esta orla litoral un dos espazos máis antropizados de Galicia.

A contorna das estradas AC-862 e AC-566 presentan un forte tráfico rodado derivado da gran densidade de movementos que se dan dende e cara Ferrol, noutrora un dos motores económicos da comarca.

Outro dos espazos de gran fragilidade visual adquirida son Os Montes da Lagoa e o tramo final do río Xubia, ámbolos dous enmarcados dentro do espazo Rede Natura o que lles confire unha especial sensibilidade fronte a calquera tipo de impacto.

No concello tamén existen outros espazos cunha exposición visual importante o que lle outorga un alta fragilidade aínda que nun menor grao que os dous anteriores. Estas zonas serían a orla montañosa situada ao leste do Concello articulada entorno ó Alto do Pedros (303 m.) e ó Alto da Mina (309 m.) Así mesmo deben terse en conta a visibilidade dende a AP-9, AG-64, FE-12, N-655, e a liña de FF.CC. que conecta Ferrol coa A Coruña o seu paso por Narón.

Tamén o Camiño Inglés o seu paso polo concello e, dun xeito máis puntual pola súa capacidade de atracción, a igrexa de San Martiño de Xubia e o muiño de marea situado no esteiro do Rego de Santa Cecilia.

2.1.6 Relacións e dinámicas paisaxísticas

A paisaxe como sistema en si mesma, evoluciona, nunca permanece estática. Como froito da interacción entre o ser humano e a natureza xorden dinámicas ecolóxicas, estéticas e funcionais. Esta interrelación de factores naturais e humanos outorga o carácter da paisaxe, que é así a expresión das actuacións do ser humano sobre o medio. Analizar as mesma e coñecer as relacións entre os diversos elementos que a forman é comprender cara onde se dirixe, é dicir, que dinámicas están presentes na paisaxe.

O concello de Narón enmárcase dentro da "Rexión Urbana Ártabra", formada polas áreas urbanas de Coruña e Ferrol, xunto coas cidades intermedias e as súas áreas de influencia directa, acollen un colectivo demográfico que se achega moito ás 600.000 persoas. Esta zona, que segundo as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, forma un ámbito que, con unha estratexia orientada a reforzar a integración urbana e funcional entre A Coruña e Ferrol, poderá consolidar unha ampla estrutura territorial urbana no norte de Galicia, que baixo a denominación de "Rexión Urbana Ártabra" posicionarase como nodo de competitividade e vértice de conexión entre o Eixo Atlántico e Cantábrico, podendo chegar a ser un nodo metropolitano no extremo do arco atlántico.

Dentro desta rexión, Narón é un dos núcleos intermedios de conexión entre as dúas cidades, e ten importancia no desenvolvemento da citada Rexión Urbana Ártabra, sobre todo no referente ao porto exterior de Ferrol, e tamén na conexión do eixe urbano Ferrol-Narón; este eixe fomenta o futuro desenvolvemento urbano e a renovación urbana, que combinado coa reubicación de actividades en entornos urbanos moi centrais. Debido a estes fluxos a dinámica demográfica nestas áreas é moi activa con unha poboación máis nova que no resto do concello.

As zonas interiores do Narón, por contra, presentan un menor dinamismo podendo observarse unha tendencia cara o abandono do agro e un maior avellentamento da poboación. Este abandono percíbese na colonización dos espazos cultivados por parte de especies naturais ou pola aparición de repoboacións forestais asociadas a especies de rápido crecemento, usualmente eucalipto e piñeiro.

2.2 UNIDADES PAISAXÍSTICAS DO CONCELLO DE NARÓN


Para a delimitación da paisaxe rural do concello o equipo redactor optou por aproveitar o traballo de clasificación feito tanto polo POL (Plan de Ordenación do Litoral de Galicia) coma polo Catálogo das paisaxes de Galicia.

Se ben podemos encontrar certas contradicións entre ambos documentos, resulta preciso empregar esta clasificación dado que nela están baseadas as DOT (**Directrices de Ordenación do Territorio**) e que teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. Así mesmo, este conxunto de normas condiciona a redacción e desenvolvemento do PXOM xa que este debe estar adaptado a estas directrices que rexen, en liñas xerais, los principios que se deben aplicar en cada concello. Neste caso o documento de referencia no tocante o sistema de asentamentos e as infraestruturas básicas e o denominado *A Coruña e Ferrol. A Rexión urbana Ártabra*.

2.2.1 POL (Plan de Ordenación do Litoral)

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia foi aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011 (DOG nº 37 do 23/02/2011).

O Plan de Ordenación do Litoral (POL) [...] é un instrumento de ordenación territorial que ten por obxecto, de conformidade co artigo 2º da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras." [...] Ademais dos obxectivos e dos contidos que lle son propios, establecidos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia no presente Plan, de conformidade cos artigos 2º.2 d) e 5º.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, intégrase plenamente a protección, xestión e ordenación da paisaxe na ordenación territorial mediante as unidades de paisaxe identificadas. Así, as determinacións que establezan os catálogos de paisaxe litoral e as directrices de paisaxe que os desenvolvan integranse como un marco complementario deste plan, despois de que son os instrumentos previstos na Lei 7/2008, para asegurar unha adecuada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.



Comarcas Costeiras delimitadas polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

O POL encadra unha parte Narón dentro da comarca paisaxística do **Golfo Ártabro**. Esta comarca, que abrangue dende a ría de Ferrol até a da Coruña, configura un conxunto de rías nas que se combinan as diferenzas litolóxicas cun sistema de fracturas, que segue, especialmente, o patrón definido das direccións NO-SL, NL-SO e N-S. Trátase de rías pequenas que se enlazan co interior mediante un conxunto de vales fluviais polos que discorren: o río Grande de Xubia, que desemboca na ría de Ferrol; o Eume que, xunto co Mandeo e o Mendo, o fan na de Ares e Betanzos, o primeiro no brazo de Ares e o resto no de Betanzos; e o Mero, que desemboca na ría da Coruña. Consta de tres sectores: ría de Ferrol, ría de Ares e Betanzos, e ría da Coruña. Os límites que definen este espazo de gran cohesión territorial e intensa humanización veñen establecidos polo cabo Prioriño ao nordeste e polo Cabalo, na costa de San Pedro na Coruña ao suroeste. A extensión é de 270 km² no Ámbito litoral e de 419 km² se se suma o prelitoral.

A outra parte Narón está adscrita á comarca paisaxística das **Rías Altas**. Esta comarca, alónganse entre a ría de Viveiro e a ría de Ferrol. Neste tramo, o bandeado litolóxico norte-sur condiciona o desenvolvemento dunha costa de cantís máis abrupta, na que se abren enseadas

ou rías debido a procesos de disección diferencial, ou sexa, ao diferente comportamento do rochedo ante a erosión e, como feito moi importante, á combinación litoloxía/rede de fracturación. A proximidade de unidades de relevo ao litoral determina a súa fisionomía. Consta de sete divisións internas, sectores, que son os que seguen: ría de Viveiro, ría do Barqueiro, Costa de Bares e Picón, ría de Ortigueira, A Capelada, ría de Cedeira, Costa Norte de Ferrol. Esténdese desde a enseada de Coído, no extremo nordeste exterior da ría de Viveiro, até o cabo Prioriño, e límite norte da ría de Ferrol. A superficie que alcanza este gran sector é de 340 km² para o Ámbito litoral e 554 km² se sumamos o Ámbito prelitoral.

Desde a ría de Ferrol até a da Coruña esténdese un conxunto de rías nas que se combinan as diferenzas litolóxicas cun sistema de fracturas, que segue, especialmente, o patrón definido das direccións NO-SL, NL-SO e N-S. Trátase de rías pequenas que se enlazan co interior mediante un conxunto de vales fluviais polos que discorren: o río Grande de Xubia, que desemboca na ría de Ferrol; o Eume que, xunto co Mandeo e o Mendo, o fan na de Ares e Betanzos, o primeiro no brazo de Ares e o resto no de Betanzos; e o Mero, que desemboca na ría da Coruña. Consta de tres sectores: ría de Ferrol, ría de Ares e Betanzos, e ría da Coruña. Os límites que definen este espazo de gran cohesión territorial e intensa humanización veñen establecidos polo cabo Prioriño ao nordeste e polo Cabalo, na costa de San Pedro na Coruña ao suroeste. A extensión é de 270 km² no Ámbito litoral e de 419 km² se se suma o prelitoral.

A partires deste punto xa pasamos a propia delimitación e caracterización das unidades que serán descrito no apartado 2.2.3.

2.2.2 Catálogo das paisaxes de Galicia

O Catálogo das paisaxes de Galicia foi aprobado definitivamente o 28 de xullo de 2016 (DOG nº160 do 25/08/2016).


O Catálogo das paisaxes de Galicia “é un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, e que servirá de base para a posterior elaboración das Directrices de Paisaxe. Este catálogo pretende sentar as bases para a planificación, xestión e protección da paisaxe de Galicia, establecendo criterios comúns e metodoloxías de análise para futuros traballos, estudos e plans a maior escala vinculados á paisaxe.”



GAP delimitadas no Catálogo da Paisaxe de Galicia

O catálogo dos paisaxes de Galicia divide o concello de Narón en dúas unidades paisaxísticas, a maior parte de Narón está enmarcada na unidade 10-GAP-GOLFO ÁRTABRO, mentres que a zona costeira atlántica do municipio atópase dentro da unidade paisaxística 11-GAP-GALICIA SETENTRIONAL.

A unidade **10-GAP-GOLFO ÁRTABRO** corresponde parcial ou totalmente os concellos de Ferrol, Narón, Neda, San Sadurniño, A Capela, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Pontedeume, Monfero, A Coruña, Oleiros, Sada, Miño, Vilarmaior, Culleredo, Cambre, Bergondo, Paderne, Irixoa, Carral, Abegondo, Betanzos, Oza-Cesuras, Coirós, Aranga e Arteixo. Para os efectos da catalogación subdivídese en dúas comarcas paisaxísticas: Golfo Ártabro Litoral e Golfo Ártabro Interior.



GAP Golfo Ártabro

A Grande Área Paisaxística (GAP) Golfo Ártabro sitúase no noroeste da Comunidade Autónoma, abarcando unha superficie de máis de 129.000 ha. O entorno físico do antigo *magnus portus artabrorum* da época clásica constitúe a transición, seguindo pola costa, entre Galicia Setentrional e Chairas e Fosas Occidentais, que se desenvolven polas comarcas máis occidentais de Galicia. Conforman unha ampla contorna xeográfica en forma de anfiteatro, pechado polo achegamento das elevacións da Dorsal Galega e a prolongación pola Serra de Montemaior, describindo un arco que define a divisoria de augas da rede hidrográfica que verte ás rías de Ferrol, Ares e A Coruña. Trátase por tanto dunha zona heteroxénea, dende o dominio litoral, vales sublitorais e serras que acadan algo máis de 700 m de cota.

Os principais tipos de paisaxe de Golfo Ártabro en canto a superficie son aqueles que combinan unha morfoloxía propia do litoral (Litoral Cántabro-Atlántico ou Vales Sublitorais), unhas cubertas do solo relacionadas cunha forte humanización do territorio (Rururbano ou Mosaico agroforestal) e uns termotipos vinculados tamén á influencia litoral (Termotemperado ou Mesotemperado). A combinación destas tres variables configura unha GAP caracterizada pola suavidade tanto de formas como de condicións climáticas, factores clave para explicar a outra compoñente da ecuación: a ocupación intensa e continuada no tempo e no espazo deste sector do territorio galego, se ben con matices locais.

O principal tipo de paisaxe da GAP (case o 20% da súa superficie) é aquel que combina Litoral Cántabro Atlántico, Rururbano e Termotemperado, características propias da franxa costeira e polo tanto da Comarca Paisaxística Golfo Ártabro Litoral, na que as boas condicións para o asentamento humano levaron a unha ocupación continuada e difusa do territorio, singularmente nos bordes das rías de Coruña e Ferrol e, en menor medida, noutros ámbitos costeiros como a Península de Bezoucos ou a contorna da ría de Betanzos.

A unidade **11-GAP-GALICIA SETENTRIONAL** ocupa parcial ou totalmente os concellos de Ferrol, Cedeira, Moeche, Narón, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño, Cariño, Cerdido, Mañón, Ortigueira, Xove, Viveiro, O Vicedo, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo, Xermade, Vilalba, Ouro, As Pontes de García Rodríguez, Muras e Abadín. Para os efectos da catalogación paisaxística subdivídese en tres comarcas paisaxísticas: Rías Altas Litorais, Rías Altas Interior e Serras e Fosas Setentrionais. A primeira agrupa todo o tramo de costa da área, a segunda está ocupada polo postpaís costeiro da provincia coruñesa e a terceira as terras da fosa das Pontes e os cursos altos dos ríos Landro e Sor coas serras que os circundan.

*GAP Galicia Setentrional*

A Grande Área Paisaxística (GAP) Galicia Setentrional sitúase na zona norte da Comunidade Autónoma, na confluencia entre os litorais cantábrico e atlántico e abrangue unha superficie de máis de 160.000 ha. A delimitación segue aproximadamente o percorrido que fan as Serras da Carba, a fosa das Pontes e a bacía do río Grande de Xubia polo sur, así como as serras da Toxiza, do Xistral e do Buio polo leste. O resto da delimitación vén dado pola liña de costa, na que os accidentes máis característicos son as dúas rías cantábricas máis grandes (Ortigueira e Viveiro) e os cabos de Ortegal, Estaca de Bares e Prior. A parte da singularidade da costa, o aspecto máis destacable é a existencia de varias serras con dirección norte-sur, que van configurando vales fluviais que drenan nas rías citadas. As máis singulares son a Serra da Faladoira, que se prolonga ata a ría do Barqueiro nas serras da Coriscada e de Solleiros, e a Serra da Capelada, que dá lugar aos acantilados máis altos da península e morre no Cabo Ortegal. Trátase por tanto dunha zona de elevada heteroxeneidade, posto que abrangue áreas propias do dominio litoral (cantís, praias, dunas, rías, marismas, etc.), vales sublitorais, así como estribacións montañosas que acadan os 1000 m de altitude.

Galicia Setentrional presenta unha ampla amalgama de combinacións de clases de xeomorfoloxía, uso do solo e bioclima, o que impide a presenza de tipos de paisaxe dominantes. Con todo, a principal caracterización paisaxística (arredor do 25 % da superficie da GAP) vén dada pola confluencia de unidades morfolóxicas de Vales sublitorais co uso do solo Agrosistema intensivo. As plantacións forestais localízanse de modo transversal nas comarcas paisaxísticas Rías Altas Litorais e Rías Alta Interior, sendo case na súa totalidade de eucalipto e destacando amplas extensións na franxa sublitoral (Cedeira, Ortigueira, Mañón, O Vicedo e Viveiro) e nos concellos interiores (Cerdido e As Somozas). O factor altitudinal inflúe neste aspecto, xa que a medida que se ascende en altitude o eucalipto desaparece deixa paso ao piñeiro.

A presenza de cubertas de arborado dáse en todos os tipos de unidades morfolóxicas presentes na GAP (Vales sublitorais, Serras e Litoral Cántabro-Atlántico). A pesar diso, as Serras destacan pola Matogueira e rochedo e pola presenza significativa de turbeiras de cobertor nos cumios a partir de 900-1.000 m na Serra do Xistral (contorna do Cadramón, Pico Xistral e Seixo Branco), na Serra da Carba e mesmo nos Montes da Toxiza (de altitude inferior). Tamén existen turbeiras que se asentan nos vales e coas condicións de humidade necesaria acumulan auga. Así sucede, por exemplo, no Val das Toxeiras, de orixe glaciario e no que nace o río Eume. Os termostipos oscilan entre intermedio e fríos en función da súa localización en Vales sublitorais (Mesotemperado ou Termotemperado), Serras (Mesotemperado superior ou Supra e orotemperado coincidindo cos sectores de Turbeiras) ou Litoral Cántabro-Atlántico (Mesotemperado). A comparación cos niveis galegos amosa coincidencia no tipo de paisaxe máis abundante nesta GAP (12,50 % da área), que é tamén o máis frecuente en Galicia (7,6 % do territorio galego: Vales sublitorais, Agro-sistema intensivo mosaico-agroforestal e Mesotemperado inferior). Pola contra, o segundo tipo máis frecuente (Vales sublitorais, Agrosistema intensivo-plantación forestal e Mesotemperado inferior) supón nesta Galicia Setentrional un 11,8 % da superficie, mentres que en Galicia a súa presenza redúcese ao 2,9 %, o que indica a magnitude das plantacións forestais nesta área.

A partires deste punto xa pasamos a propia delimitación e caracterización das unidades que serán descrito no apartado 2.2.3.

2.2.3 Delimitación das Unidades de Paisaxe do concello.

Ao analizar o territorio, é preciso facer unha subdivisión espacial do lugar en Unidades de Paisaxe, entendéndose como porcións do territorio caracterizadas por unha combinación específica de compoñentes paisaxísticos de natureza ambiental, cultural, perceptiva e simbólica, así como de dinámicas claramente recoñecibles que lle confiran unha idiosincrasia diferenciada do resto do territorio.

Como xa se comentou con anterioridade para abordar este punto empregaremos as delimitacións feitas tanto polo POL coma polo Catálogo das paisaxes de Galicia priorizando a zonificación destas últimas en caso de superposición.

O Catálogo respecta algunha das unidades establecidas no POL e non crea novas categorías que poden levar á confusión. Nestes casos o equipo redactor empregará a clasificación feita no Plan de Ordenación do Litoral.

Tamén é preciso matizar que a extensión das unidades da paisaxe excede os límites administrativos de Narón polo que, por cuestións operativas, decídese describir unicamente a parte de cada unha de elas que afecta ao concello.

Así pois, dentro do termo municipal de Narón podemos distinguir as seguintes unidades:


CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

1. Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema extensivo; Termotemperado
2. Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior
3. Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado
4. Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado
5. Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (superficie de cultivo); Termotemperado
6. Litoral Cántabro-Atlántico; Bosque; Termotemperado
7. Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Mesotemperado inferior
8. Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Termotemperado
9. Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior
10. Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Termotemperado

11. Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior
12. Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado
13. Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Mesotemperado inferior
14. Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado
15. Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior
16. Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Termotemperado

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA

17. A Frouxeira
18. A Gándara
19. Esteiros do Xubia e o Freixeiro
20. Montes da Lagoa e Campelo



Unidades de paisaxe rural definidas polo POL e o Catálogo das Paisaxes de Galicia

2.2.3.1 Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema extensivo; Termotemperado



Vista da unidade nas proximidades da Capela da O (San Salvador de Pedroso)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coa parroquia de San Salvador de Pedroso aínda que tamén ocupa partes de San Estevo de Sedes en San Lourenzo de Doso, todas elas situadas no extremo oriental do concello.

Trátase dun espazo modificado pola actividade agrícola ou gandeira e pola produción forestal, pois estas estiveron no pasado e están aínda en gran medida ligadas de maneira íntima a esta zona de Narón. Nela coexisten superficies de cultivo ou pastos con manchas de bosque ou mato.

Mencionar o paso pola unidade da AG-64, unha vía de alta capacidade que comunica Vilalba con Ferrol xerando unha barreira visual, ambiental e paisaxística que afecta tamén á paisaxe.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico, esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas de menor pendente e que, usualmente,

están dedicadas a actividades agrícolas por presentar unha maior profundidade e calidade edafolóxica.

As áreas graníticas, onde o solo é menos profundo e de menor calidade, adoitan estar dedicadas ao monocultivo forestal de especies de crecemento rápido tales coma o eucalipto e o piñeiro. Estes terreos son, en xeral, antigas agras que o producírense o abandono das actividades agrícolas tradicionais mudaron o tipo de aproveitamento cara a silvicultura por ser os espazos de menor rendemento.

A topografía da unidade é suave con cotas que van dende os 9 ata os 70 metros sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis. A altitude máxima da unidade non supera os 200 metros (*termotipo termotemperado*).

As pendentes son suaves xa que estamos nunha zona de val vencellada a unhas xeofomas moi antigas e erosionadas o que deriva nunha paisaxe de cumes redondeadas e amplos vales.

Usos do solo

A aproveitamento principal é o agroforestal con presenza de algunha vivenda illada que orixinalmente estaba vencellada ás actividades agrogandeiras e que na actualidade desempeñan, na meirande parte dos casos, unha función meramente residencial.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas é residual, púidenmo identificarse tan so o lugar de Congostras como entidade singular de poboación. Sen embargo compre destacar que a presenza doutras vivendas e a súa distribución no espazo non responde á lóxica dos asentamentos tradicionais galegos que se agrupaban formando aldeas arredor das cales se localizaba unha agra. Neste caso as vivendas aparecen illadas, dispersas, sen conexión entre elas.

Respecto ó parcelario compre dicir que se trata de fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que non adoitan estar delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A combinación do modelo produtivo tradicional coas novas lóxicas de ocupación non impide a presenza de valores ecolóxicos relevantes. O máis evidente é a combinación da naturalidade intrínseca destas áreas co aproveitamento agrario.

A cobertura dominante é a forestal que nalgúns casos se aparece dun xeito natural derivado da propia evolución vexetal tralo abandono dos campos de labor e súa posterior colonización por outras especies. Son estes espazos de matogueira e a súa combinación con especies arbóreas propias desta rexión biogeográfica (frondosas caducifolias) que aparecen nos rebordes da agra os lugares de máis alto valor.

Destacar presenza de bosques de frondosas (ameneiros, carballos, salgueiros, etc.) e espazos de braña o sur da unidade no entorno do río Grande de Xubia que discorre de leste a oeste.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables. A explotación forestal podería ser unha delas pero estamos ante plantacións desestruturadas froito da non planificación da actividade silvícola. A cultivo de árbores de crecemento rápido aparece de maneira desordenada como solución para poñer en valor antigas terras de labor agora en desuso polo abandono rural.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Monte de Vilallonte (137m). Dende a súa cima podemos ver unha panorámica das aldeas de Vilallonte, Placente, O Cucheiro, etc.

Xunto a el, cabe mencionar o bosque de galería vencellado o tránsito do río Grande de Xubia.

Ademais, no entorno da Capela da O, existe unha pequena carballeira na que adoitan reunirse os devotos o día da romaría.

Valores culturais e patrimoniais

O elemento patrimonial máis evidente desta unidade e a presenza da Ermida da Virxe da O. Nesa capela ten lugar, no segundo domingo do mes de maio, unha das romarías mais concorridas da comarca. A ela acoden os fieis cos seus animais para pedir o favor da Virxen para

a conservación do gando. Posteriormente, e co paso do tempo, a esta petición fóronse sumando outras coma a obtención de boas colleitas, a protección das embarazadas, ou a saúde.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono da explotación racional do monte está a provocar a aparición de plantacións desordenadas dominadas pola presenza de especies alóctonas de rápido crecemento. No caso desta unidade especialmente evidente o proceso de recolonización vexetal nas parcelas a ermo que aparecen alternando con prados, algúns campos de labor en uso e plantacións de eucalipto e piñeiro.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente plano a incidencia visual é forte. Ademais a extensa rede de camiños que artella á unidade fai que se converta nunha área moi sensible as incidencias ambientais, especialmente no entorno do río onde o abandono do economía produtiva tradicional está a alterar a paisaxe degradándoa coa chegada de especies alóctonas.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Presenza de plantacións de eucalipto a carón do río Grande de Xubia.

Obxectivos de calidade paisaxística

Podería dicirse que o obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación cun dobre obxectivo: dun lado manter e mellorar os espazos no que aínda se mantén o bosque de ribeira e por outro ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

2.2.3.2 *Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior*



Vista da unidade na ladeira do Monte de Nabás na parroquia de Santa María a Maior de O Val

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coa parroquia de Santa María a Maior de O Val, San Estevo de Sedes en San Salvador de Pedroso, aínda que tamén afecta, dun xeito mais residual a San Mateu de Trasancos.

O igual que no caso anterior trátase de espazos modificados pola actividade agrícola ou gandeira e pola produción forestal que, a diferenza da unidade anterior, ten unha presenza máis residual.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Como no caso anterior, a unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

As áreas elevadas, onde o solo é menos profundo correspóndense con antigas terras de labor nas as actividades agrícolas tradicionais son substituídas pola a silvicultura (monocultivo de eucalipto e piñeiro) por ser os espazos de menor rendemento.

A topografía da unidade é suave con pendentes suaves. As cotas van dende os 100 ata os 240 metros (alto de Nabás) sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis.

A altitude máxima da unidade non supera os 450 metros (terrotipo *mesotemperado*).

Usos do solo

A aproveitamento principal é o agrícola, especialmente pastos aínda que tamén con algunha parcela na que se dá o cultivo de cereais ou tubérculos.

O igual que no anterior unidade a presenza de repoboacións forestais é unha constante.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito é residual, púidenmo identificarse tan so os lugares Lobeiro e Vilar, ambos na parroquia Santa María a Maior de O Val.

Tamén aparecen algunhas vivendas aparecen illadas, dispersas e que aínda manteñen actividade agrícola no seu entorno, basicamente para autoconsumo.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A cobertura dominante son os pasteiros en combinación co monocultivo forestal. Nalgúns casos a cuberta forestal aparece dun xeito natural derivado da propia evolución vexetal tralo abandono dos campos de labor e súa posterior colonización por outras especies. Son estes espazos de matogueira e a súa combinación con especies arbóreas propias desta rexión os lugares de máis alto valor.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables. A explotación forestal podería ser a principal se atendemos a un punto de vista económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Monte de Nabás (230 m.) na parroquia de Santa María a Maior de O Val que pola súa localización e altitude podería é un bo punto de observación da paisaxe circundante.

Valores culturais e patrimoniais

Destaca a presenza de diferentes elementos catalogados adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos ou casas de labranza. Sen embargo o elemento máis singular quizais sexa o paso, preto da aldea de Vilar, do Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa o Concello partindo de o Mosteiro de O Couto con destino o concedido Santuario.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico agroforestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe especialmente polo abandono do sistema agrícola tradicional o que deriva na presenza campos de labor en uso xunto a outros abandonados entres os que se intercalan plantacións de eucalipto e piñeiro.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente plano a incidencia visual é forte. Ademais a extensa rede de camiños que artella á unidade fai que se converta nunha área moi sensible as incidencias ambientais.

Áreas de atención paisaxística

Non se recoñecen áreas que requiran especial atención.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fragilidade paisaxística adquirida.
 - Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.

- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.3 *Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado*



Vista da unidade na ladeira do monte da Pereiruga (San Salvador de Pedroso)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta a práctica totalidade do Concello coa excepción das parroquias de Santo Apóstolo de Xubia, San Xosé Obreiro de Xubia, San Martiño de Xubia e Santa Lucía de Xubia nas que non existe esta caracterización.

Estamos ante un espazo modificado pola actividade agrícola ou gandeira e pola produción forestal que, a diferenza da unidade anterior, ten unha presenza máis residual. Neste senso non hai diferencias significativas cos anteriores.

Mencionar o paso pola unidade da AG-64 xerando unha barreira visual, ambiental e paisaxística que afecta tamén á paisaxe.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

As áreas elevadas, onde o solo é menos profundo correspóndense con antigas terras de labor nas as actividades agrícolas tradicionais son substituídas pola a silvicultura (monocultivo de eucalipto e piñeiro) por ser os espazos de menor rendemento.

A topografía da unidade e suave con pendentes suaves. As cotas van dende os 50 ata os pouco máis dos 200 metros (Coto de Vilasuso) sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis.

A altitude máxima da unidade non supera os 450 metros (termotipo *mesotemperado*).

Usos do solo

A aproveitamento principal e o agrícola, especialmente pastos aínda que tamén con algunha parcela na que se da a produción de cultivos de horta para autoconsumo.

O igual que no anterior unidade a presenza de repoboacións forestais é unha constante.

Hábitat, parcelario e núcleos

Son numerosos os asentamentos que podemos atopar dentro desta unidade dada a súa extensión (ocupa a meirande parte do Concello). As aldeas aparecen repartidas por todo o ámbito nas partes máis baixas desta área paisaxística que son, o mesmo tempo, as áreas onde se concentra meirande parte do espazo agrícola produtivo. Son zonas de val que coinciden con pequenas depresións tectónicas propias da fracturación do antigo substrato xeolóxico sobre o que se atopa Galicia.

As vías de comunicación que sucen a unidade son múltiples contribuíndo a vertebrar o espazo. Esas mesmas vías que facilitan o desprazamento dos vehículos as que propician a desarticulación do modelo de asentamento tradicional existente. As aldeas aparecen desconcentradas e as vivendas vanse emparellando na paralelas as estradas producíndose unha perda de calidade paisaxística.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular que non adoitan estar delimitadas con cerres.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Dominan os pasteiros en combinación cos pasteiros e o monocultivo forestal. Hai unha forte presenza de aldeas e vivendas illadas. Nalgúns casos a cuberta forestal aparece dun xeito natural derivado da propia evolución vexetal tralo abandono dos campos de labor.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables. A explotación forestal é a principal se atendemos a un punto de vista económico. A meirande parte do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Coto de Vilasuso (200 m.) na parroquia de Santa María a Maior de O Val que pola súa localización e altitude podería ser un bo punto de observación da paisaxe circundante. Este punto atópase na vertente meridional dos Montes da Lagoa.

Valores culturais e patrimoniais

Son moitos e moi variados os elementos catalogados que podemos atopar nesta unidade paisaxística adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos, fontes ou vivendas singulares. De entre todos eles destaca o paso do Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa sector con destino ao Santuario.

Tamén, no entorno dos Montes da Lagoa atopamos parte do percorrido da Senda Litoral Costa Ártabra. Este roteiro discorre por parte unha parte deste sector da costa galega pasando polos concellos de Ferrol, Narón e Valdoviño.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico agroforestal da unidade non incrementa a calidade no tocante a paisaxe.

Fraxilidade paisaxística

A topografía amable provoca que a incidencia visual é forte. A densa rede camiños e os numerosos asentamentos fan que a unidade se converta nunha área moi sensible as incidencias ambientais.

Áreas de atención paisaxística

Especial atención para os bosques de ribeira asociados aos numerosos regos e regatos, con fortes presións antrópicas que existen na unidade.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

Así mesmo, parte da unidade atópase dentro da Zona de Especial Protección de Valores Naturais definida polo POL e vencellada ao curso do Grande de Xubia polo que se deben impulsar medidas que garantan a súa protección.

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido e a Senda Litoral Costa Ártabra

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fragilidade paisaxística adquirida.
 - Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.

- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.4 *Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado*



Vista da unidade nas proximidades da aldea de Os Bidueiros (San Salvador de Pedroso)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coas parroquias de San Salvador de Pedroso e San Estevo de Sedes inda que tamén afecta, de xeito residual á parroquia de Santa Rita de Xubia.

Trátase de espazos dominados pola silvicultura intensiva dedicada, fundamentalmente, ao cultivo de especies de crecemento rápido coma son o eucalipto e o piñeiro.

A presenza de terras de labor ten menos peso específico e circunscríbese a agría asociada as aldeas de Bazón, Zainzas, Costeira e Vidueiros.

Mencionar o paso pola unidade da AG-64 xerando unha barreira visual, ambiental e paisaxística que afecta tamén á paisaxe.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

A topografía da unidade é suave. A altitude máxima da unidade non supera os 300 metros

Usos do solo

A aproveitamento principal é forestal intensivo en convivencia cunha base agrícola destinada ao autoconsumo e que, en conxunto, ten un menor peso relativo.

Hábitat, parcelario e núcleos

Os asentamentos que podemos atopar dentro desta unidade concéntranse na parroquia de San Salvador de Pedroso destacando as aldeas de Bazón, Zainzas, Costeira e Videiros. Nelas a morfoloxía tradicional estase vendo modificada o darse un crecemento lineal vencellado a presenza de vías de comunicación.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular que non adoitan estar delimitadas con cerres.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A dominancia do monocultivo forestal intensivo fai que os valores ecolóxicos sexan escasos.

Valores produtivos

A explotación forestal é a principal se atendemos a un punto de vista económico.

Valores estéticos

Non se aprecian valores estéticos significativos.

Valores culturais e patrimoniais

Dadas as dimensións da unidade non existen moitos elementos patrimoniais de interese. Sen embargo si podemos atopar fontes ou vivendas singulares que contribúen a incrementar a calidade da unidade.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico agroforestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe.

Fraxilidade paisaxística

Dadas as características topográficas que outorgan unha alta exposición visual ós espazos elevados podemos dicir que a fraxilidade paisaxística é alta.

Áreas de atención paisaxística

Non se recoñece ningún área de especial atención paisaxística.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

2.2.3.5 *Litoral Cántabro-Atlántico; Agrosistema intensivo (superficie de cultivo); Termotemperado*



Vista da unidade nas proximidades da aldea Grandal (Santa María a Maior de O Val)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coa parroquia de Santa María a Maior de Val e de San Mateu de Trasancos.

Trátase de espazos dominados pola actividade agraria que se desenvolve en parcelas de pequeno e mediano tamaño

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Son precisamente estes espazos sedimentarios os que concentran o groso da actividade agraria por presentar maiores profundidades edáficas e, en consecuencia, unha maior capacidade produtiva.

A topografía da unidade é suave con pendentes inferiores ao 3%.

Usos do solo

A aproveitamento principal é o agrícola intensivo sen apenas presenza de terras de labor abandonadas ou monocultivos forestais intensivos vencellados a este cambio de uso.

Hábitat, parcelario e núcleos

Son numerosos os asentamentos que podemos atopar na unidade. Trátase de pequenas aldeas que nalgúns casos aínda manteñen a morfoloxía agrupada tradicional na que o espazo agrario aparece ao redor das vivendas. Como exemplo de isto temos á aldea de Grandal na parroquia de Santa María a Maior de O Val. Sen embargo, nesta mesma parroquia, podemos atopar outros asentamentos nos que o modelo tradicional aparece desdibuxado e os núcleos medran dun xeito lineal seguindo as vías de comunicación e configurando unha trama de vivendas dispersas. Son os casos de Modia, Baltar, Casal ou Cabada-Penelas.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular que non adoitan estar delimitadas con cerres.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A presenza dunha explotación activa do espazo cultivable sen estar apenas desvirtuado pola presenza de monocultivos forestais constitúe un valor en si mesmo.

Valores produtivos

A explotación agrícola é a principal pero a maioría da produción están destinada ao autoconsumo dado que as dimensións do parcelario e a forma de cultivo tradicional non permiten un desenvolvemento económico maior.

Valores estéticos

A variedade cromática e textural vencellada ao espazo agrario constitúe un valor estético a ter en conta.

Valores culturais e patrimoniais

Destaca a presenza do Santuario de Baltar na parroquia de O Val. Tamén podemos atopar fontes ou vivendas singulares que contribúen a incrementar a calidade da unidade.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico formado polas terras de labor presentas na unidade supón unha especial calidade no tocante a paisaxe.

Fraxilidade paisaxística

Dadas as características topográficas que outorgan unha alta exposición visual ós espazos elevados podemos dicir que a fraxilidade paisaxística é alta.

Áreas de atención paisaxística

Non se recoñece ningún área de especial atención paisaxística.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

Tamén se debería manter e potenciar o bosque de ribeira vencellado aos Rego do Val e Casavella pola súa significancia paisaxística e a súa función como corredor ecolóxico.

2.2.3.6 Litoral Cántabro-Atlántico; Bosque; Termotemperado



Vista da unidade en San Salvador de Pedroso

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase no sueste da parroquia de San Salvador de Pedroso

Se ben o límite da unidade proposto polo catálogo non se axusta exactamente os límites do bosque de frondosas presente neste área si que se pode afirmar que ten por obxecto o seu recoñecemento como unidade paisaxística significativa.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

A topografía da unidade é suave con pendentes inferiores ao 3% en ascenso cara o sur dende o fondo do val polo que transita o río Grande de Xubia.

Usos do solo

Trátase dun área cun alto grao de naturalidade no que abundan as frondosas caducifolias caracterizadas en especies coma carballos, salgueiros, ameneiros, etc.

No reborde da unidade, ao norte, localízanse un area de terras de labor ocupades en parte por monocultivos forestais de especies alóctonas de crecemento rápido (eucalipto e piñeiro).

Hábitat, parcelario e núcleos

Na unidade non existe ningún asentamento de poboación.

O parcelario está composto por un mosaico de pequenas parcelas, propias do minifundismo, que se adoitan agrupar para obter un maior rendemento.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A presenza do bosque de ribeira vencellado ao río crea un espazo de altísimo valor ecolóxico. A presenza de especies coma o eucalipto repercute moi negativamente neste ámbito dado que se trata dunha árbore moi invasora e con unha altísima capacidade para desprazar a outras especies vexetais.

Valores produtivos

A explotación agroforestal é o principal valor produtivo da unidade posto que dominan os valeres naturais respecto dos antrópicos.

Valores estéticos

A variedade cromática e textural vencellada as frondosas tradúcese nuns altísimos valeres estéticos

Valores culturais e patrimoniais

Non se aprecian nesta unidade.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico formado polas diferentes especies de frondosas en conxunto co río Grande Xubia dotan á unidade dunha moi alta calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

Dadas as características topográficas que outorgan unha alta exposición visual ós espazos elevados podemos dicir que a fraxilidade paisaxística é alta.

Áreas de atención paisaxística

O bosque de ribeira vencellado ao río debe ser protexido e preservado da acción antrópica propia dos monocultivos forestais intensivos.

Así mesmo, parte da unidade atópase dentro da Zona de Especial Protección de Valores Naturais definida polo POL e vencellada ao curso do Grande de Xubia polo que se deben impulsar medidas que garantan a súa protección.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado protexer este area de alto valor natural como exemplo de vexetación climax propia da rexión eurosiberiana. Así mesmo débese protexer e potenciar o bosque de ribeira vencellado ao río.

2.2.3.7 Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Mesotemperado inferior



Vista da unidade dende o Alto de Pena Grande (Santa María a Maior de O Val)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coa parroquia de Santa María a Maior de Val e, de xeito residual á de San Mateu de Trasancos.

Trátase de espazos dominados polas matogueiras con presenza de afloramentos rochosos de tipo granítico, especialmente visibles nos espazos máis altos onde a cobertura vexetal rarea.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Estamos perante un espazo de ladeira no que dominan os materiais de tipo granitoide sobre os que se sitúan solos pouco desenvolto dada a proximidade da rocha naí o horizonte A ou superficial.

A topografía da unidade presenta unha forma suave con cumes redondeadas e un desnivel moderado cara o este pasando dos 303 metros no Alto de Pena Grande aos 146 m. ao pe da ladeira no reborde da unidade.

Usos do solo

Predominan o mato como cobertura do solo representada por queiroas (especies de *Calluna*), uces (especies de *Erica*) e toxos (especies de *Ulex*). Ademais, acompañanse doutros arbustos que poden ter boa representación como algunhas *Cistus ssp*), como a esteva (*Cistus ladanifer*) ou a carpaza macho (*Cistus populifolius*), ou as carqueixas. Tamén hai presenza de afloramentos rochosos nas zonas mais elevadas.

Hábitat, parcelario e núcleos

Dentro da unidade non se localiza ningún núcleo de poboación.

O parcelario está formado por fincas de pequeno tamaño típicas do minifundismo existente nos montes desta parte de Galicia.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A matogueira atlántica presente en gran parte do litoral galego constitúe un ecosistema singular no que se atopan especies, tanto de flora coma de fauna, de grande valor ecolóxico.

Estamos por tanto ante un espazo constitutivo dunha paisaxe singular que ademais exerce un papel fundamental no desenrolamento dos espazos naturais costeiros o actuar como corredor ecolóxico para moitas das especies identitarias da costa galega.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Monte da Lagoa (309 m.) e do Alto da Pena Grande (303 m.) ámbolos dous a parroquia de Santa María a Maior de O Val que pala súa localización e altitude constitúen bos punto de observación da paisaxe circundante.

Valores culturais e patrimoniais

Esta unidade non presenta uns valores culturais destacables aínda que os restos do antigo acuartelamento militar do Monte da Lagoa, xa no concello de Ferrol, constitúen un referente na paisaxe.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

A landa ou matogueira formada por queirugas, uces, toxos ou xestas entre outras especies, ocupa a maior parte do sector Estes espazos conservan un elevado nivel de naturalidade a pesar de que, en moitos casos, son froito da colonización natural dos campos de labor abandonados.

Fraxilidade paisaxística

A topografía en pendente provoca que a incidencia visual é forte. A súa orientación cara os espazos habitados xeran unha alta exposición visual o que se traduce nunha área moi sensible as incidencias ambientais.

Calidade paisaxística

A landa ou matogueira formada por queirugas, uces, toxos ou xestas entre outras especies, ocupa a maior parte do sector Estes espazos conservan un elevado nivel de naturalidade a pesar de que, en moitos casos, son froito da colonización natural dos campos de labor abandonados.

Fraxilidade paisaxística

A topografía en pendente provoca que a incidencia visual é forte. A súa orientación cara os espazos habitados xeran unha alta exposición visual o que se traduce nunha área moi sensible as incidencias ambientais.

Áreas de atención paisaxística

Parte unidade atópase dentro da ZEC Costa Ártabra. É acantilada, dominando o hábitat 1230, “Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas”. Conta coas especies protexidas *Linaria aguillonensis* e *Antirrhinum majus subsp. linkianum*. Os cantís teñen unha dinámica moi elevada, formándose depósitos ao pé que suman o hábitat 1210, “Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados”, tanto en coídos, praias unidas e acumulacións de bloques. As potentes vertentes están cubertas por matogueira, dominando os hábitats do grupo 40, tanto os secos europeos 4030, como os atlánticos costeiros secos 4040, como os húmidos con *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (nos rechán e valgadas). Os lugares onde se desenvolven breixos húmidos, debido á saturación hídrica constante.

Obxectivos de calidade paisaxística

Os obxectivos desta unidade serán:

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade deste, no seu caso.
- Manter a unidade como elemento integrantes dunha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.
- Potenciar a súa imaxe coma miradoiro e puntos de observación
- Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, as súas características e relacións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.
- Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.
- Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística potenciando o mantemento da flora autóctona e integrándoa con elementos singulares do entorno coma o antigo asentamento militar do Monte das Lagoas como exemplo da arquitectura militar presente no Golfo Ártabro.
- Prestar especial atención á conservación dos seus compoñentes característicos, sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.
- Manter a identidade mellorando, se é o caso, a calidade ambiental e paisaxística das áreas consolidadas pola edificación conforme ás determinacións desta normativa.

2.2.3.8 Litoral Cántabro-Atlántico; Matogueira e rochedo; Termotemperado



Vista da unidade en San Estevo de Sedes

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade é moi semellante en canto a características, coa anterior pero diferénciase no tocante á distribución xeográfica. Localízase nas parroquias de Santa María a Maior de Val, San Mateu de Trasanco, Santo Estevo de Sedes, e San Salvador de Pedroso.

Trátase de espazos dominados polas matogueiras con presenza de afloramentos rochosos de tipo granítico, especialmente visibles nos espazos máis altos onde a cobertura vexetal rarea.

Mencionar o paso pola unidade en San Salvador de Pedroso da AG-64 xerando unha barreira visual, ambiental que afecta tamén á paisaxe.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Estamos perante un espazo de ladeira no que dominan os materiais de tipo granitoide sobre os que se sitúan solos pouco desenvolto dada a proximidade da rocha na o horizonte A ou superficial.

A topografía da unidade presenta unha forma suave con cumes redondeadas e un desnivel moderado cuxa altura máxima non supera os 300 metros (Coto do Vilar, 282 metros).

Usos do solo

Predominan o mato como cobertura do solo dominante representada por queiroas (especies de *Calluna*), uces (especies de *Erica*) e toxos (especies de *Ulex*). Ademais acompañanse doutros arbustos que poden ter boa representación como algunhas *Cistus ssp*), como a Esteva (*Cistus ladanifer*) ou a carpaza macho (*Cistus populifolius*), ou as carqueixas.

Presencia de afloramentos rochosos nas zonas mais elevadas.

Hábitat, parcelario e núcleos

Dentro da unidade non se aprecia ningún núcleo de poboación.

O parcelario está formado por fincas de pequeno tamaño típicas do minifundismo galego.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Estamos ante un espazo constitutivo dunha paisaxe singular que ademais exerce un papel fundamental no desenvolvemento dos espazos naturais costeiros o actuar como corredor ecolóxico para moitas das especies identitarias da costa galega.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables aínda que si hai presenza de pequenas repoboacións forestais de eucalipto.

Valores estéticos

O principal valor estético esta vencellado a que se trata de espazos elevados rodeados de espazos agrícolas, mais ou menos activos, o que erixe en miradoiros naturais da paisaxe.

Valores culturais e patrimoniais

Esta unidade non presenta uns valores culturais destacables.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

A landa ou matogueira formada por queirugas, uces, toxos ou xestas entre outras especies, ocupa a maior parte do sector e pode ser resultado da degradación das carballeiras ou permanecer no seu estado natural. Estes espazos conservan un elevado nivel de naturalidade polo que se trata de zonas de alta calidade paisaxística (típicas do litoral galego) e ambiental.

Fraxilidade paisaxística

A topografía en pendente provoca que a incidencia visual é forte. A súa orientación cara os espazos habitados (Lobiero, Bardas, Vilar, Pradelo, etc) xeran unha alta exposición visual o que se traduce nunha área moi sensible as incidencias ambientais.

Áreas de atención paisaxística

O miradoiro do Alto de Pena Grande é un espazo de grande interese paisaxístico pola calidade das vistas que se dan dende a súa cima e alto valor ambiental do seu entorno.

Así mesmo, parte da unidade atópase dentro da Zona de Especial Protección de Valores Naturais definida recollida no POL. Débense impulsar medidas que garantan a súa protección.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade serán:

- Potenciar a súa imaxe coma miradoiro e puntos de observación
- Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, as súas características e relacións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.
- Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.

2.2.3.9 Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior



Vista da unidade nas proximidades da aldea de Bardas (Santa María A Maior de O Val)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase na parroquia de Santa María a Maior de O Val.

Trátase dun espazo modificado pola actividade agrícola ou gandeira e pola produción forestal e no que o modelo de asentamentos tradicional aparece alterado. Sen embargo o espazo rural está dedicado na práctica, a usos urbanos. Esta parte do territorio, a pesar de estar clasificada como non urbana alberga actividades que a pesar de estar enclavadas nun medio rural aparecen desvencelladas da actividade agropecuaria.

O espazo rururbano é un elemento paisaxístico relativamente novo que desdibuja totalmente a vella separación entre territorio urbano e territorio rural, e que, por esta mesma razón, acaba de desacreditar a falsa dicotomía "urbano/non urbano.

Estamos no piso altitudinal mesotemperado inferior polo que as cotas altitudinais quedan enmarcadas entres os 300 e os 400 metros aproximadamente.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico, esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas dedicadas a actividades agrícolas por presentar unha maior profundidade e calidade edafolóxica. As áreas onde o solo é menos profundo e de menor calidade, adoitan estar dedicadas ao monocultivo forestal de especies de crecemento rápido tales coma o eucalipto e o piñeiro.

A topografía da unidade é suave con cotas que van dende os 110 ata os 320 metros sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis.

As pendentes son suaves xa que estamos nunha zona de val vencellada a unhas xeofomas moi antigas e erosionadas o que deriva nunha paisaxe de cumes redondeadas e amplos vales .

Usos do solo

Predomina un uso residencial dentro do propio espazo rural. Neste sentido a maior parte das edificacións non están vencellas ao uso agrario senón que se empregan como residencia namentres que o espazo agrario anexo, ou ben está en desuso ou ben ten un aproveitamento secundario.

Nas partes máis altas da unidade dáse un uso silvícola vencellado ao cultivo de especies de crecemento rápido coma o eucalipto ou o piñeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

Dentro deste espazo atopamos as aldeas de Bardas e Pradoedo, ámbalas dúas cunha morfoloxía modificada respecto da imaxe tradicional de aldea galega posto que as edificacións non aparecen agrupadas senón espaxadas polo territorio. Sen embargo o espazo agrario, formado por parcelas de pequeno tamaño dedicadas, esencialmente, a produción para autoconsumo aínda se mantén no entorno das vivendas.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A unidade carece de valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables. A explotación forestal podería ser unha delas pero estamos ante plantacións desestruturadas froito da non planificación da valor antigas terras de labor agora en desuso polo abandono rural.

Os cultivos de horta ocupan un papel residual e a meirande parte o terreo agrícola en produción está dedicado a pasteiro.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Alto de Nabás (236 m). Dende a súa cima podemos ver unha panorámica das aldeas de Pradelo, Bardas ou o Lobeiro entre outras.

Valores culturais e patrimoniais

Nos núcleo de Bardas podemos atopar algúns exemplos de vivendas e edificacións de arquitectura popular que está catalogadas como de interese polo PXOM.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono do uso tradicional do campo está a provocar un cambio no sistema de ocupación do solo. As vivendas tenden a desagruparse primando o uso residencial sobre o uso agroresidencial. Este feito e o cambio na morfoloxía rural tradicional supón unha merma na calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

A localización da unidade preto de núcleos de poboación e a carón da rede de camiños que artella á unidade fai que se converta nunha relativamente sensible ás incidencias paisaxísticas dado que o espazo no que se enmarca se atopa moi alterado.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

A unidade non presenta áreas de atención paisaxística significativas.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación da paisaxe rural tradicional vencellada as agras que motivado polo cambio de modelo produtivo no que se tenden a abandonar.

2.2.3.10 Litoral Cántabro-Atlántico; Rururbano (diseminado); Termotemperado



Vista da unidade nas proximidades do lugar de Sobecos (Santa María de Castro)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta a práctica totalidade do Concello coa excepción das parroquias de Santo Apóstolo de Xubia, San Xosé Obreiro de Xubia, San Martiño de Xubia, Santa Lucía de Xubia e Santa Rita e Xubia.

Estamos diante dunha paisaxe rururbana, ou o que é o mesmo, un territorio de transición entre o urbano e territorio rural.

As características paisaxísticas son moi similares ás da unidade anterior coa diferenza de que altitudinalmente non se superan o 300 o estarmos no piso termotemperado.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico, esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas dedicadas a actividades agrícolas por presentar unha maior profundidade e calidade edafolóxica. As áreas onde o solo e menos

profundo e de menor calidade, adoitan estar dedicadas ao monocultivo forestal de especies de crecemento rápido tales coma o eucalipto e o piñeiro.

As pendentes son suaves xa que estamos nunha zona de val vencellada a unhas xeoformas moi antigas e erosionadas o que deriva nunha paisaxe de cumes redondeadas e amplos vales .

Usos do solo

Predomina un uso residencial dentro do propio espazo rural. Neste sentido a maior parte das edificacións non están vencellas ao uso agrario senón que se empregan como residencia namentres que o espazo agrario anexo, ou ben está en desuso ou ben ten un aproveitamento secundario.

Nas partes máis altas da unidade dáse un uso silvícola vencellado ao cultivo de especies de crecemento rápido coma o eucalipto ou o piñeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

Dentro deste espazo atopamos un gran número de entidades de poboación que foron medrando dun xeito desordenado de tal xeito que na actualidade resulta practicamente imposible onde termina un núcleo e comeza o seguinte. Prodúcese un continuo de vivendas diseminadas pola paisaxe agraria e que empregan as numerosas estradas como fío condutor.

O parcelario, caracterizado polo minifundismo, queda nun segundo plano posto que se perde o concepto de agra e con el a concepción tradicional do rural.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A unidade carece de valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

A explotación forestal aparece dun xeito desestructurado pola ausencia de planificación do cultivo silvícola.

Os cultivos de horta ocupan un papel residual e a meirande parte o terreo agrícola en produción está dedicado a pasteiro.

Valores estéticos

A unidade carece de valores estéticos significativos

Valores culturais e patrimoniais

Son moitos e moi variados os elementos catalogados polo PXOM que podemos atopar nesta unidade paisaxística adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos, fontes ou vivendas singulares. De entre todos eles destaca o paso do Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa sector con destino ao Santuario.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono do uso tradicional do campo está a provocar un cambio no sistema de ocupación do solo. As vivendas aparecen diseminadas primando o uso residencial sobre o uso agrorresidencial. Este feito e o cambio na morfoloxía rural tradicional supón unha merma na calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

Dada a alteración sufrida pola paisaxe agraria tradicional a unidade presenta unha baixa fraxilidade. A pesar deste feito debe terse en conta que o número de potenciais observadores que se concentran na unidade é moi alto.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

A unidade non presenta áreas de atención paisaxística significativas.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación da paisaxe rural tradicional vencellada as agras que motivado polo cambio de modelo produtivo no que se tenden a abandonar.

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fraxilidade paisaxística adquirida.

- Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.
- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.11 Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Mesotemperado inferior



Vista da unidade nas proximidades da aldea de Lagoela (San Estevo de Sedes)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase nas parroquias de San Estevo de Sedes e de San Salvador de Pedroso.

Estamos diante dunha paisaxe moi modificada polas actividades agroforestais.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Como no caso anterior, a unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

As áreas elevadas, onde o solo é menos profundo correspóndense con antigas terras de labor nas as actividades agrícolas tradicionais son substituídas pola a silvicultura (monocultivo de eucalipto e piñeiro) por ser os espazos de menor rendemento.

A topografía da unidade é suave con pendentes suaves. As cotas van dende os 110 ata os 364 metros (Alto dos Nenos) sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis.

A altitude máxima da unidade non supera os 450 metros (termotipo *mesotemperado inferior*).

Usos do solo

A aproveitamento principal é o silvícola con presenza monocultivo intensivo de especies de crecemento rápido como o piñeiro e o eucalipto. De xeito residual podemos distinguir algunhas parcelas dedicadas a produción hortícola para autoconsumo.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito é residual, púidenmo identificarse algunhas vivendas aparecen illadas, dispersas pertencentes aos núcleos de Eiravedra e Lagoela que aínda manteñen actividade agrícola no seu entorno, basicamente para autoconsumo.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Non se recoñecen valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Nesta unidade destacan os valores produtivos propios da explotación forestal se atendemos a un punto de vista netamente económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Campo dos Nenos e do Monte da Mina (309 m.), ambos na parroquia de Santo Estevo de Sedes que pola súa localización e altitude podería é un bo punto de observación da paisaxe circundante.

Neste senso o equipo redactor propón o Monte da Mina coma miradoiro da paisaxe.

Valores culturais e patrimoniais

Dentro da unidade non se recoñecen elementos significativos recollidos polo inventario do PXOM. Sen embargo, polo reborde norte da unidade transita o Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa o Concello partindo de o Mosteiro de O Couto con destino o concedido Santuario.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico agroforestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe especialmente polo abandono do sistema agrícola tradicional o que deriva na presenza campos de labor en uso xunto a outros abandonados entres os que se intercalan plantacións de eucalipto e piñeiro.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente exposto a incidencia visual é forte.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Esta unidade está afectada por un parque eólico, que desvirtúa a identidade de parte da unidade. Estas instalacións enerxéticas constitúen un fito visual na unidade e nas súas proximidades..

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fragilidade paisaxística adquirida.
 - Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.
- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.12 Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal); Termotemperado



Vista da unidade en San Salvador de Pedroso

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase nas parroquias de San Estevo de Sedes e de San Salvador de Pedroso.

Estamos diante dunha paisaxe moi modificada polas actividades agroforestais.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

As áreas elevadas, onde o solo é menos profundo correspóndense con antigas terras de labor nas as actividades agrícolas tradicionais son substituídas pola a silvicultura (monocultivo de eucalipto e piñeiro) por ser os espazos de menor rendemento.

A topografía da unidade é suave con pendentes suaves. As cotas van dende os 50 ata os 209 metros (Coto do Castro) sobre de nivel do mar e cuxa transición se fai dun xeito gradual sen que se produzan grandes desniveis.

A altitude máxima da unidade non supera os 300 metros (termotipo *termotemperado*).

Usos do solo

Aproveito maioritario é o silvícola con presenza monocultivo intensivo de especies de crecemento rápido como o piñeiro e o eucalipto. En menor medida aparecen algunhas parcelas dedicadas a produción hortícola para autoconsumo.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito prodúcese na parte máis baixa do sector, preto do espazo

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Non se recoñecen valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Nesta unidade destacan os valores produtivos propios da explotación forestal se atendemos a un punto de vista netamente económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Coto do Castro de 209 metros por supoñer un espazo elevado respecto da contorna podendo ser empregado como miradoiro da paisaxe.

Valores culturais e patrimoniais

Dentro da unidade aparecen algúns elementos catalogados coma de interese polo PXOM e que son propios da arquitectura tradicional galega.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico agroforestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe especialmente polo abandono do sistema agrícola tradicional o que deriva na presenza

campos de labor en uso xunto a outros abandonados entres os que se intercalan plantacións de eucalipto e piñeiro.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente exposto a incidencia visual é forte.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Non se recoñecen áreas que requiran especial atención.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do campo galego.

2.2.3.13 Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Mesotemperado inferior



Vista da unidade en San Salvador de Pedroso

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase nas parroquias de San Estevo de Sedes e de San Salvador de Pedroso.

Estamos diante dunha paisaxe moi modificada polas actividades silvícolas con predominancia dunha cobertura vexetal monopolizada, case en exclusiva, por plantacións de eucalipto.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

A topografía da unidade é máis agreste que en outras unidades sendo constante a alternancia entre cumes e vales. As cotas van dende os 75 ata os case 350 metros que se acadan no entorno do Campo dos Nenos. A transición que se fai entre as diferentes cotas é gradual sen embargo atopamos zonas con pendentes medias e altas.

A altitude máxima da unidade non supera os 400 metros (termotipo *mesotemperado*).

Usos do solo

A aproveitamento maioritario é o silvícola con presenza monocultivo intensivo de especies de crecemento rápido, especialmente eucalipto. En menor medida aparecen algunhas parcelas dedicadas a produción hortícola para autoconsumo.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito está circunscrita á aldea de Pereiruga que aínda mantén a morfoloxía tradicional propia do rural galego.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Non se recoñecen valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Nesta unidade destacan os valores produtivos propios da explotación forestal se atendemos a un punto de vista netamente económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

A pesar de ser unha zona elevada a paisaxe resulta monótona debido a homoxeneidade cromática e textural vencellada ao monocultivo forestal intensivo. Debido a este feito non se consideran valores estéticos significativos para este ámbito.

Valores culturais e patrimoniais

Dentro da unidade aparecen algúns elementos catalogados coma de interese polo PXOM e que son propios da arquitectura tradicional galega.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico forestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe debido á alteración da uso tradicional do monte e a súa transformación nun espazo homoxéneo e sen valor dende o punto de vista estético.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente exposto a incidencia visual é forte.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Esta unidade está afectada por un parque eólico, que desvirtúa a identidade de parte da unidade. Estas instalacións enerxéticas constitúen un fito visual na unidade e nas súas proximidades.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do monte galego.

2.2.3.14 Vales sublitorais; Agrosistema intensivo (plantación forestal); Termotemperado



Vista da unidade nas proximidades da aldea de Corredoira (San Salvador de Pedroso)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade localízase na parroquia de San Salvador de Pedroso.

Estamos diante dunha paisaxe moi modificada polas actividades silvícolas con predominancia dunha cobertura vexetal monopolizada, case en exclusiva, por plantacións de eucalipto.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

A topografía da unidade é máis agreste que en outras unidades sendo constante a alternancia entre cumes e vales. As cotas van dende os 100 ata os case 215 metros que se acadan no entorno do Monte Eirado. A transición que se fai entre as diferentes cotas é gradual sen embargo atopamos zonas con pendentes medias e altas.

A altitude máxima da unidade non supera os 400 metros (termotipo *termotemperado*).

Usos do solo

Aproveito maioritario é o silvícola con presenza monocultivo intensivo de especies de crecemento rápido, especialmente eucalipto. En menor medida aparecen algunhas parcelas dedicadas a produción hortícola para autoconsumo.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito está circunscrita á aldea cuxa morfoloxía está sendo modificada por un crecemento lineal vencellado ao paso da estrada AC-112.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Non se recoñecen valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Nesta unidade destacan os valores produtivos propios da explotación forestal se atendemos a un punto de vista netamente económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

A pesar de ser unha zona elevada a paisaxe resulta monótona debido a homoxeneidade cromática e textural vencellada ao monocultivo forestal intensivo. Debido a este feito non se consideran valores estéticos significativos para este ámbito.

Valores culturais e patrimoniais

Dentro da unidade aparecen algúns elementos catalogados coma de interese polo PXOM e que son propios da arquitectura tradicional galega.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico forestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe debido á alteración da uso tradicional do monte e a súa transformación nun espazo homoxéneo e sen valor dende o punto de vista estético.

Fraxilidade paisaxística

Ao tratarse dun espazo relativamente exposto a incidencia visual é forte.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Non se recoñecen áreas que requiran especial atención.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo produtivo no que se tende a abandonar o uso tradicional do monte galego.

2.2.3.15 Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior



Vista da unidade dende as proximidades de Lagoela

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta á parroquia de Santo Estevo de Sedes.

Trátase dunha unidade de reducidas dimensións que nos amosa unha paisaxe rururbana, ou o que é o mesmo, un territorio de transición entre o urbano e territorio rural.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas dedicadas a actividades agrícolas.

As pendentes son suaves xa que estamos nunha zona de val vencellada a xeofomas moi antigas e erosionadas o que deriva nunha paisaxe de cumes redondeadas e amplos vales.

Usos do solo

Predomina un uso residencial dentro do propio espazo rural. Neste sentido a maior parte das edificacións non están vencellas ao uso agrario senón que se empregan como residencia namentres que o espazo agrario anexo, ou ben está en desuso ou ben ten un aproveitamento secundario.

Nas partes máis altas da unidade dáse un uso silvícola vencellado ao cultivo de especies de crecemento rápido coma o eucalipto ou o piñeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

Tan so aparecen algunhas vivendas illadas vencelladas ao núcleo de Carballo.

O parcelario, caracterizado polo minifundismo, queda nun segundo plano posto que se perde o concepto de agra e con el a concepción tradicional do rural.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A unidade carece de valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

Os cultivos de horta ocupan un papel residual e a meirande parte o terreo agrícola en produción está dedicado a pasteiro.

Valores estéticos

A unidade carece de valores estéticos significativos

Valores culturais e patrimoniais

Dentro do sector podemos atopar algúns elementos catalogados polo PXOM adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos, fontes ou vivendas singulares.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono do uso tradicional do campo está a provocar un cambio no sistema de ocupación do solo. As vivendas aparecen diseminadas primando o uso residencial sobre o uso agrorresidencial. Este feito e o cambio na morfoloxía rural tradicional supón unha redución na calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

Dada a alteración sufrida pola paisaxe agraria tradicional a unidade presenta unha reducida fraxilidade. A pesar deste feito debe terse en conta que o número de potenciais observadores que se concentran na unidade é moi alto.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

A unidade non presenta áreas de atención paisaxística significativas.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación da paisaxe rural tradicional vencellada as agras que motivado polo cambio de modelo produtivo no que se tenden a abandonar.

2.2.3.16 Vales sublitorais; Rururbano (diseminado); Termotemperado



Vista da unidade nas proximidades do lugar de Mosteiro (San Salvador de Pedroso)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta ás parroquias de Santo Estevo de Sedes e San Salvador de Pedroso.

Ao igual que no caso anterior estamos a falar dunha unidade de reducidas dimensións que nos amosa unha paisaxe rururbana, ou o que é o mesmo, un territorio de transición entre o urbano e territorio rural.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas dedicadas a actividades agrícolas.

As pendentes son suaves xa que estamos nunha zona de val vencellada a unhas xeofomas moi antigas e erosionadas o que deriva nunha paisaxe de cumes redondeadas e amplos vales.

Usos do solo

Predomina un uso residencial dentro do propio espazo rural. Neste sentido a maior parte das edificacións non están vencellas ao uso agrario senón que se empregan como residencia namentres que o espazo agrario anexo, ou ben está en desuso ou ben ten un aproveitamento secundario.

Nas partes máis altas da unidade dáse un uso silvícola vencellado ao cultivo de especies de crecemento rápido coma o eucalipto ou o piñeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito está circunscrita ó lugar de Mosteiro cuxa morfoloxía está sendo modificada por un crecemento lineal vencellado aos diferentes viais que articulan o sector.

O parcelario, caracterizado polo minifundismo, queda nun segundo plano posto que se perde o concepto de agra e con el a concepción tradicional do rural.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A unidade carece de valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

Os cultivos de horta ocupan un papel residual e a meirande parte o terreo agrícola en produción está dedicado a pasteiro.

Valores estéticos

A unidade carece de valores estéticos significativos

Valores culturais e patrimoniais

Dentro do sector podemos atopar algúns elementos catalogados polo PXOM adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos, fontes ou vivendas singulares.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono do uso tradicional do campo está a provocar un cambio no sistema de ocupación do solo. As vivendas aparecen diseminadas primando o uso residencial sobre o uso agrorresidencial. Este feito e o cambio na morfoloxía rural tradicional supón unha merma na calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

Dada a alteración sufrida pola paisaxe agraria tradicional a unidade presenta unha baixa fraxilidade. A pesar deste feito debe terse en conta que o número de potenciais observadores que se concentran na unidade é elevado.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

A unidade non presenta áreas de atención paisaxística significativas.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación da paisaxe rural tradicional vencellada as agras que motivado polo cambio de modelo produtivo no que se tenden a abandonar.

2.2.3.17 A Frouxeira



Vista da unidade (San Estevo de Sedes)

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta á parroquia de San Estevo de Sedes, no extremo nororiental do concello.

Estamos diante dunha paisaxe moi modificada polas actividades silvícolas con predominancia dunha cobertura vexetal monopolizada, case en exclusiva, por plantacións de eucalipto.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dominan os materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios.

A topografía da unidade é máis en comparación con outras unidades. Altéranse os cumes e os vales formando unha aliñación de elevacións que delimitan a cunca visual.

As cotas van dende os 80 ata os case 350 metros que se acadan no entorno do Campo dos Nenos. A transición que se fai entre as diferentes cotas é gradual sen embargo atopamos zonas con pendentes medias e altas.

Usos do solo

Aproveito maioritario é o silvícola con presenza monocultivo intensivo de especies de crecemento rápido, especialmente eucalipto. En menor medida aparecen algunhas parcelas dedicadas a produción hortícola para autoconsumo.

Hábitat, parcelario e núcleos

A presenza de vivendas neste ámbito está circunscrita á aldea de Carballo que aínda mantén a morfoloxía tradicional propia do rural galego.

O parcelario está formado por fincas de pequeno ou mediano tamaño de forma máis ou menos regular e que usualmente non aparecen delimitadas por ningún tipo de cerre.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

Non se recoñecen valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Nesta unidade destacan os valores produtivos propios da explotación forestal se atendemos a un punto de vista netamente económico. O resto do espazo produtivo está dedicado a pasteiro ou a cultivo de horta para autoconsumo.

Valores estéticos

O principal valor estético e a presenza do Campo dos Nenos e do Monte da Mina (309 m.), ambos na parroquia de Santo Estevo de Sedes que pola súa localización e altitude podería é un bo punto de observación da paisaxe circundante.

O equipo redactor propón o Monte da Mina como miradoiro da paisaxe.

Valores culturais e patrimoniais

Dentro da unidade aparece unha fonte catalogada coma de interese polo PXOM como exemplo de arquitectura tradicional galega.

Destacar o paso do Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa sector con destino ao Santuario.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O mosaico forestal da unidade non aporta unha especial calidade no tocante a paisaxe debido á alteración da uso tradicional do monte e a súa transformación nun espazo homoxéneo e sen valor dende o punto de vista estético.

Fraxilidade paisaxística

O tratarse dun espazo relativamente exposto a incidencia visual é forte.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

Non se recoñecen áreas que requiran especial atención.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado a ordenar o desequilibrio que se está a producir na paisaxe vencellada as agras derivada do cambio de modelo

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fraxilidade paisaxística adquirida.
 - Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.
- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.18 A Gándara



Vista da unidade, cas edificacións de Ferrol ao fondo (Santiago Apóstolo de Xubia)

Esta unidade descríbese dentro do apartado de paisaxe urbana dado que a meirande parte da mesma ten características propiamente urbanas.

Nela agrúpanse os barrios de: A Gándara, O Couto, A Solaina e Alto de Castiñeiro (parcialmente).

2.2.3.19 Esteiros de Xubia e o Freixeiro



Vista da unidade na parroquia na estrada de Castela (San Xosé Obreiro de Xubia).

Gran parte desta unidade descríbese dentro do apartado de paisaxe urbana dado que a meirande parte da mesma ten características propiamente urbanas.

Nela agrúpanse os barrios de: Polígono industrial de As Lagoas, Freixeiro, Xubia, Piñeiros e Alto do Castiñeiro (parcialmente).

O resto da unidade, tipificada como Solo Rústico ou Solo de Núcleo Rural descríbese a seguir.

- ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade afecta ás parroquias de Santo Apóstolo de Xubia, San Xosé Obreiro de Xubia, San Martiño de Xubia, Santa Lucía de Xubia, Santa Rita e Xubia, San Xiao de Narón e Nosa dos Desamparados de Xubia.

Estamos diante dunha paisaxe urbana e rururbana, ou o que é o mesmo, un territorio de transición entre o urbano de Narón e da súa contorna rural.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Dende o punto de vista xeolóxico, esta unidade está dominada pola presenza de materiais de tipo granitoide entre os que se intercalan espazos de depósitos sedimentarios. Estes espazos de acumulación correspóndense coas áreas dedicadas a actividades agrícolas por presentar unha maior profundidade e calidade edafolóxica.

Usos do solo

Predomina un uso residencial dentro do propio espazo rural. Neste sentido a maior parte das edificacións non están vencellas ao uso agrario senón que se empregan como residencia namentres que o espazo agrario anexo, ou ben está en desuso ou ben ten un aproveitamento secundario.

Nas partes máis altas da unidade dáse un uso silvícola vencellado ao cultivo de especies de crecemento rápido coma o eucalipto ou o piñeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

Dentro deste espazo atopamos un gran número de entidades de poboación que foron medrando dun xeito desordenado de tal xeito que na actualidade resulta practicamente imposible onde termina un núcleo e comeza o seguinte. Prodúcese un continuo de vivendas diseminadas pola paisaxe agraria e que empregan as numerosas estradas como fío condutor.

O parcelario, caracterizado polo minifundismo, queda nun segundo plano posto que se perde o concepto de agra e con el a concepción tradicional do rural.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A unidade carece de valores ecolóxicos significativos.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

A explotación forestal aparece dun xeito desestructurado froito da non planificación.

Os cultivos de horta ocupan un papel residual e a meirande parte o terreo agrícola en produción está dedicado a pasteiro.

Valores estéticos

A unidade carece de valores estéticos significativos

Valores culturais e patrimoniais

Son moitos e moi variados os elementos patrimoniais que podemos atopar nesta unidade paisaxística adscritos a arquitectura popular galega coma hórreos, fontes ou vivendas singulares. De entre todos eles destaca o paso do Camiño Vello a San Andrés de Teixido que atravesa sector con destino ao Santuario.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

O abandono do uso tradicional do campo está a provocar un cambio no sistema de ocupación do solo. As vivendas aparecen diseminadas primando o uso residencial sobre o uso agrorResidencial. Este feito e o cambio na morfoloxía rural tradicional supón unha merma na calidade paisaxística.

Fraxilidade paisaxística

Esta unidade presenta unha baixa fraxilidade, dada a alteración sufrida do modelo agrario tradicional e polo gran proceso urbanizador. A pesar deste feito debe terse en conta que o número de potenciais observadores que se concentran na unidade é moi alto.

Áreas de atención paisaxística respecto o Plan

A unidade non presenta áreas de atención paisaxística significativas.

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade esta orientado cara a conservación da paisaxe rural tradicional vencellada as agras que motivado polo cambio de modelo produtivo no que se tenden a abandonar.

Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido

- Obxectivos xerais

- Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fragilidade paisaxística adquirida.
- Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
- Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.
- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.2.3.20 Montes da Lagoa e Campelo



Vista da unidade en Santa María a Maior do Val

ELEMENTOS CARACTERIZADORES

Descrición

Esta unidade correspóndese fundamentalmente coa parroquia de Santa María A Maior de O Val. Estamos diante dun espazo exposto os ventos do norte que conformado sobre o atlántico por cantís mais ou menos abruptos. Dominan as compoñentes naturais nunha paisaxe na que a matogueira atlántica é a compoñente dominante.

Xeoloxía e xeomorfoloxía

Trátase dunha unidade dominada por abruptos cantís de tipo tectónico que serven de peche á unidade moi preto da propia liña litoral. O gran dinamismo crea marcas de retroceso, grandes escorregamentos e fendas de tracción nas vertentes, o que implica un gran risco.

Usos do solo

A matogueira atlántica é a cobertura dominante estendéndose desde a cornixa de cantil cara ao interior, favorecendo esta formación acantilada o marisqueo do percebe, uso identitario deste sector costeiro.

Hábitat, parcelario e núcleos

Non existen asentamentos de poboación dentro desta unidade.

VALORES PAISAXÍSTICOS

Valores ecolóxicos

A matogueira atlántica presente en gran parte do litoral galego constitúe un ecosistema singular no que se atopan especies, tanto de flora coma de fauna, de grande valor ecolóxico. Estamos por tanto ante un espazo constitutivo dunha paisaxe singular que ademais exerce un papel fundamental no desenrolamento dos espazos naturais costeiros o actuar como corredor ecolóxico para moitas das especies identitarias da costa galega.

Valores produtivos

Esta unidade non presenta uns valores produtivos destacables.

Valores estéticos

O principal valor estético é a presenza do Monte da Lagoa (309 m.) que pola súa localización e altitude constitúe un bo punto de observación da paisaxe circundante.

Valores culturais e patrimoniais

Esta unidade non presenta uns valores culturais destacables aínda que os restos do antigo acuartelamento militar do Monte da Lagoa, xa no concello de Ferrol, constitúen un referente na paisaxe.

Tamén o tránsito pola unidade do Camiño Vello a San Andrés de Teixido e a Senda Costa Ártabra.

DINÁMICA PAISAXÍSTICA

Calidade paisaxística

A landa ou matogueira formada por queirugas, uces, toxos ou xestas entre outras especies, ocupa a maior parte do sector Estes espazos conservan un elevado nivel de naturalidade a pesar de que, en moitos casos, son froito da colonización natural dos campos de labor abandonados e parcialmente degradados por lumes forestais.

Fraxilidade paisaxística

A topografía en pendente provoca que a incidencia visual é forte. A súa orientación cara os espazos habitados xeran unha alta exposición visual o que se traduce nunha área moi sensible as incidencias paisaxísticas.

Áreas de interese paisaxística respecto o Plan

A unidade atópase dentro da ZEC Costa Ártabra. É acantilada, dominando o hábitat 1230, *Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas*. Conta coas especies protexidas *Linaria aguillonensis* e *Antirrhinum majus subsp. linkianum*. Os cantís teñen unha dinámica moi elevada, formándose depósitos ao pé que suman o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, tanto en coídos, praias unidas e acumulacións de bloques. As potentes vertentes están cubertas por matogueira, dominando os hábitats do grupo 40, tanto os secos europeos 4030, como os atlánticos costeiros secos 4040, como os húmidos con *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (nos rechán e valgadas).

Obxectivos de calidade paisaxística

O obxectivo desta unidade serán:

- Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade deste, no seu caso.
- Manter a unidade como elemento integrantes dunha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.
- Potenciar a súa imaxe coma miradoiro e puntos de observación
- Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, as súas características e relacións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.
- Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.
- Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística potenciando o mantemento da flora autóctona e integrándoa con elementos singulares do entorno coma o antigo asentamento militar do Monte das Lagoas como exemplo da arquitectura militar presente no Golfo Ártabro.
- Prestar especial atención á conservación dos seus compoñentes característicos, sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.

Manter a identidade mellorando, se é o caso, a calidade ambiental e paisaxística das áreas consolidadas pola edificación conforme ás determinacións desta normativa


Obxectivos referidos ao Camiño Vello a San Andrés de Teixido e a Senda Litoral Costa Ártabra:

- Obxectivos xerais
 - Mellorar a relación da poboación local e visitante (peregrinos especialmente) coa contorna a través do tránsito e posta en valor do Camiño a San Andrés, posto que a súa presenza xera unha maior frecuentación e polo tanto unha maior fragilidade paisaxística adquirida.
 - Consideración unitaria dos bens patrimoniais, naturais e paisaxísticos, xa que a conxugación de todos eles e non por separado, ofrece uns valores excepcionais.
 - Desenvolvemento económico a través do turismo, integrando o roteiro coa oferta de ocio, cultura e gastronomía.
- Obxectivos específicos
 - Dado que o camiño coincide con viais nos que existe unha intensa presenza de tráfico rodado compre adoptar medidas encamiñadas a minimizar o risco asociado a este feito. A habilitación dun espazo definido para camiñantes que pode estar delimitado mediante sinxelas intervencións sería factor clave para a mellora da seguridade viaria.

2.3 VISIBILIDADE

Este apartado desenvolverase máis polo miúdo trala fase de consenso co equipo redactor.

2.3.1 Miradoiros e percorridos visuais



Rede de miradoiros propostos

Inicialmente proponse 1 mirador a maiores dos 4 xa existentes, dous deles xa indicados no Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) e outros dous propostos polo Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Miradoiro de O Salto: Proposto POL unha panorámica dende a ponte autoestrada AP-9 que cruza a ría ao seu paso polo núcleo de O Salto. O mirador sé e accesible dende a autoestrada e non é posible parar polo que ofrece unha panorámica móbil do entorno. *Ver mapa de cuncas visuais.*


Miradoiro dos Montes da Lagoa: Proposto POL pero a pesar da cota altitudinal a que se atopa non ofrece unhas vistas panorámica satisfactorias. *Ver mapa de cuncas visuais.*

Miradoiro do Monte da Lagoa: Proposto polo Catálogo das Paisaxes nunha ubicación diferente á do POL para tratar de corrixir as eiras do primeiro. Durante o traballo de campo púidose comprobar que dende o lugar proposto tampouco se obtén unha vistas panorámica de calidade. *Ver mapa de cuncas visuais.*


Miradoiro do Monte Esperón: Proposto polo Catálogo das Paisaxes de Galicia ofrece unhas excelentes vistas de gran parte do concello de Narón e da Lagoa de Frouxeira en Valdoviño. *Ver mapa de cuncas visuais.*

Miradoiro da Pena Grande: Proposto en fase inicial polo equipo redactor para corrixir a deficiencia panorámica que se da dende o miradoiro (oficial) do alto do Monte das Lagoas. Esta nova localización ofrece unhas magníficas vistas de gran parte do concello. *Ver mapa de cuncas visuais.*


Pola súa parte, se atendemos aos percorridos visuais non podemos esquecer o paso do **Camiño Inglés** polo concello de Narón. Este itinerario ofrece unha vistas magnífica de todo o borde litoral do concello de Narón, tanto dende a marxe norte da ría de Ferrol (dende o municipio de Narón) coma de dende a marxe sur (concello de Neda).




Cunca visual dende o mirador de O Salto proposto polo POL




Cunca visual dende os Montes da Lagoa proposto polo POL




Cunca visual dende o Monte da Lagoa proposto polo Catálogo das Paisaxes de Galicia



Cunca visual desde o Monte Esperón proposto polo Catálogo das Paisaxes de Galicia



Cunca visual dende a Pena Grande. Proposto polo equipo redactor como mirador.




Cunca visual dende o Camiño Inglés ao seu paso polo concello de Narón.

2.3.2 Visibilidade do concello segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia


Neste apartado analízase a visibilidade do ámbito en base ao Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Respecto á visibilidade dende as zonas de maior exposición visual, a visibilidade máis alta localízase ao sur AP-9/E-1, no Camiño Veiga e Picota. Mentres a visibilidade no resto da trama urbana de Narón e baixa o media. As zonas de maior visibilidade localízase ao nordeste do concello no Monte dos Nenos, pero está afastado das principais vías de comunicación ou do núcleo urbano (3.500-10.000 m.).




Visibilidade de maior exposición visual


Zonas de maior exposición visual (distancia)



Visibilidade estradas núcleos



Respecto á visibilidade dende as zonas de maior potencial de vistas a visibilidade máis alta localízase na ladeira meridional do Coto do Vilar. Mentres a visibilidade alta atópase nas ladeiras meridionais dos rebordes montañosos do concello e o casco urbano de Narón.



Visibilidade dende zonas de maior potencial de vistas

- | | |
|--|---|
|  Miradoiros |  Visibilidade Baixa |
|  Camino de Santiago |  Visibilidade media |
| |  Visibilidade alta |
| |  Visibilidade moi alta |

2.4 CALIDADE PAISAXÍSTICA

A **calidade Visual de unha paisaxe** é “o grao de excelencia deste, o seu mérito para non ser alterado ou destruído o doutra maneira, o seu mérito para que a súa esencia e estrutura se conserve” (Blanco, 1979)

Para a determinación da calidade intrínseca da paisaxe se considerarán as seguintes variables:

- A fisiografía
 - A pendente (a maior pendente maior singularidade e por tanto maior calidade visual, dentro do contexto municipal)

Pendientes	Valor
Chaira <3%	Moi baixo
Pendente suave 3-10%	Baixo
Pendente moderada 10-30%	Medio
Pendente alta 30-45%	Medio-Alto
Escarpado >45%	Alto

- As coberturas do solo
 - Usos propios e coherentes co sector.
 - Vexetación autóctona do ámbito e variedade cromática
- A presenza de auga

Usos	Valor
Zonas urbanas e deportivas*	Baixo*
Zonas de extracción Sistemas Xerais de transporte	Moi baixo-baixo
Viñedo e cultivos leñosos	Medio
Mestura de especies arbóreas	Medio
Mosaico agrícola Cultivos e prados	Medio
Mosaico agrícola e urbano	Medio-baixo
Mosaico agrícola e especies arbóreas	Medio-alto

Afloramentos rochosos e rochedos	Medio
Especies caducifolias	Alto
Coníferas Repoboacións forestais Eucalipto Eucalipto e coníferas	Medio-baixo
Mato	medio
Mato e especies arbóreas	Medio-alto
Mato e rochedo	Medio
Augas continentais	Moi Alto

**Esta variable é baixa para a paisaxe rural e natural, xa que a paisaxe urbana analízase noutra apartado*

- Elementos singulares
 - Xeolóxicos
 - Xeomorfolóxicos
 - Culturais (arquitectónicos e arqueolóxicos)
 - Proximidade a ditos valores

Elementos destacables	Incrementa o valor
Impactos visuais	Reduce o valor

Todas estas variables foron convertidas a un arquivo raster para o seu posterior tratamento a través dun software especializado baseado nos SIX (QGIS).

Conclusións

As zonas de maior calidade paisaxística do concello coinciden coas zonas máis escarpadas e coas pequenas masas de especies autóctonas, segundo a análise cos SIX, que nos devolve unha aproximación orientativa das zonas de maior calidade. Ademais temos que engadir gran parte das agras dos vales encaixados como ámbito de gran calidade, pola diversidade e singularidade dos seus usos (pasteiros, vides, hortas, forraxes, etc) e morfoloxía (valados, bancais, etc), Estes ámbitos son difíciles de detectar mediante o uso de ferramentas SIX.

Neste caso a maior calidade paisaxística responde ao Monte Mina, o Esteiro do río Grande de Xubia e o Monte Mina que se detallarán no apartado 2.6 Áreas de Interese Paisaxístico.

2.5 FRAXILIDADE PAISAXÍSTICA

A fragilidade visual é a capacidade de resposta dunha paisaxe fronte a un uso. O contrario é a capacidade de absorción visual (Escribano et al, 1991), entendida como a capacidade de recibir alteracións sen deterioro da calidade visual. Por tanto a menor fragilidade menor maior capacidade de absorción visual e viceversa.

Para analizar a fragilidade seguiremos o método deseñado por Escribano et al (1991) MMA (2004), diferenciando a fragilidade visual intrínseca e fragilidade visual extrínseca.

A **fragilidade visual intrínseca**. A fragilidade visual que presenta as características e propiedades propias dun territorio.

A variables a ter en conta son as seguintes:

- Grao de naturalización das coberturas
- Pendentes
- Exposición ou orientación. As zonas de solaina son moito máis visibles.
- Elementos culturais sensibles (bens patrimoniais como os xacementos arqueolóxicos).

A **fragilidade visual extrínseca** está vinculada aos número de observadores que poden percibir un determinado paisaxe (núcleos de poboación i estradas).

- Núcleos de poboación
- Vías de comunicación

Cuncas visuais+proximidade

Estas variables se ponderarán segundo a poboación residente e o número. Para analizar a fragilidade visual extrínseca se realizarán cuncas visuais acumuladas das estradas e dos núcleos de poboación.

Conclusións

As zonas de maior fragilidade son as ladeiras dos montes que circundan o concello (Monte da Mina, Monte dos Nenos, Monte das Lagoas, etc.) e val do Río Grande de Xubia debido ao seu alto valor natural.

Así mesmo, os arredores da Estrada de Castela, da AG-64, da FE-12, da AC-566 e da AP9 entre outras tamén presentan unha gran fraxilidade, xa que son as estradas máis transitadas do concello e está circundada por un gran número de núcleos de poboación, entre os que se atopa o propio núcleo de Narón

A análise de fraxilidade total tense dende un perspectiva municipal, xa que si se amplía a escala, os montes presentes terían unha maior fraxilidade, afectando a tódalas súas ladeiras. Estes datos deben ser tidos en conta na clasificación das Áreas de Interese paisaxístico e na ordenación do solos urbanos non consolidados e urbanizables.

2.6 AREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

O equipo redactor recolle nesta fase aqueles espazos que, polas súas características xeomofolóxicas e/ou naturais merecen unha espacial cualificación dada a súa **alta calidade paisaxística** e, en consecuencia, a súa alta fraxilidade fronte os impactos. A tal fin, e como punto de partida, analízanse as propostas feitas polo POL e mais polo catálogo das Paisaxes de Galicia durante a súa fase participación pública, para ter unha perspectiva xeral do territorio.

Segundo o POL, estes espazos deben rexerse polos seguintes principios:

- a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade deste, no seu caso.
- b. Mantelos como elementos integrantes dunha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.
- c. Potenciar a súa imaxe, tanto dende o mar e as rías, coma dende os miradoiros e puntos de observación definidos nas distintas unidades de paisaxe.
- d. Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, as súas características e relacións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.
- e. Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.
- f. Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística dos conxuntos ou elementos que desfiguren os seus trazos e valores identitarios.

- g. Prestar especial atención á conservación dos seus compoñentes característicos, sen que poidan autorizarse construción, instalación e edificacións que os alteren.
- h. Manter a identidade mellorando, se é o caso, a calidade ambiental e paisaxística das áreas consolidadas pola edificación conforme ás determinacións desta normativa.

Pola súa parte o Catálogo das Paisaxes de Galicia, establece durante o proceso de participación pública, propuxo os seguintes elementos como de interese paisaxístico:

Lugares especial interese paisaxístico

- Lugares de especial interese paisaxístico participación pública
 - Miradoiro de Monte Lagoa
 - Esteiro do río de Santa Cecilia
 - Mosteiro de San Martiño de Xubia ou Mosteiro do Couto
 - Antiga ponte metálica do ferrocarril sobre a ría

Analizada a información de partida, o equipo redactor decide incluír neste apartado os espazos incluídos na Rede Natura 2000 (Montes da Lagoa e Campelo e Esteiro do río Grande Xubia) e propónse a inclusión do Monte da Mina polas súas cualidades como miradoiro singular da paisaxe.

2.6.1 AEIP Monte da Lagoa

Xa o propio Catálogo das Paisaxes de Galicia considera este espazo como unha área de especial interese paisaxístico dentro do concello de Narón, é o AEIP_10_01 MONTES DE LAGOA, na parroquia de O Val.

Reforza este argumento a catalogación como Zona Especial de Conservación (ZEC) da Rede Natura 2000, Costa Ártabra (ES1110002), Xubia-Castro (ES1110013) debido aos seus excepcionais valores naturais.

Debido á presenza de especies de avifauna de interese, foron designados como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), tamén incluídas na Rede Natura 2000, ou espazo Costa de Ferrolterra-Valdoviño (ES0000258)

A zona norte do municipio que está incluída dentro da unidade paisaxística da Costa Norte de Ferrol do POL atópase dentro da ZEC Costa Ártabra. É acantilada, dominando o hábitat 1230, “Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas”. Conta coas especies protexidas *Linaria aguillonensis* e *Antirrhinum majus subsp. linkianum*. Os cantís teñen unha dinámica moi elevada, formándose depósitos ao pé que suman o hábitat 1210, “Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados”, tanto en coídos, praias unidas e acumulacións de bloques. As potentes vertentes están cubertas por matogueira, dominando os hábitats do grupo 40, tanto os secos europeos 4030, como os atlánticos costeiros secos 4040, como os húmidos con *Erica ciliaris* e *Erica tetralix* (nos rechán e valgadas). Os lugares onde se desenvolven breixos húmidos, debido á saturación hídrica constante, albergan tamén prados húmidos do tipo 6420, ademais de poder existir potencialmente áreas turfófilas e aparecer pequenos rodais de árbores ripícolas (91E0).



Vista panorámica dende o alto do Monte das Lagoas

2.6.2 Esteiro do río Grande de Xubia

Considerada Zona de Especial de Conservación (ZEC) da Rede Natura 2000 Xubia-Castro (ES1110013) debido aos seus excepcionais valores naturais.



Bosque de ribeira nas marxes do río Grande de Xubia

Na zona do Xubia o POL establece unha unidade estuarina na que se desenvolven amplos os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais, 1110 e 1140. Degradadas outras áreas baixo paseos marítimos, as marismas só ven na desembocadura do río Freixeiro. Os cantís atópanse degradados, non desenvolvendo ben o hábitat 1230. O interior está igualmente transformado. O río Xubia conta con bosque de ribeira (91E0) -algo máis de 3ha-, e o río Freixeiro suma, entre Freixeiro e a súa desembocadura unhas 3 ha de arboredo. En Ou Cadaval, hai unha masa de 2ha de frondosas en recolonización. O Rego do Salgueiro conta con 2ha de formación de ribeira no seu tramo final. Entre Ou Feal e Ansede, un arroio e unha área deprimida suman 3,5ha máis (91E0). Por último, en San Martiño do Couto, quedan restos dunha antiga masa frondosa de castiñeiros e carballos (9260 e 9230) de algo menos de 2ha. Nas zonas chairas e deprimidas hai prados húmidos, con predominio do hábitat 6430, megaforbios eutrofos higrófilos e, menos, do 6420 de prados húmidos do *Molinion-Holoschoenion*.

2.6.3 Monte da Mina

Polas súas cualidades como miradoiro da paisaxe (Miradoiro Monte Esperón) o equipo redactor propón a inclusión deste espazo como Área de Interese Paisaxístico. Así mesmo, para reforzar o argumento, cabe dicir que o propio Plan de Ordenación do Litoral de Galicia o tipifica como Espazo de Protección de Ladeira ó recoñecerlle a súa situación característica.



Vista panorámica dende o miradoiro Monte Esperón cara Valdoviño



Vista panorámica dende o Alto do Monte da Mina

2.7 AREAS DE ATENCIÓN PAISAXÍSTICA

Neste apartado recóllense aqueles espazos que, polas súas características xeomofolóxicas e/ou naturais merecen un especial seguimento dada a súa alta calidade paisaxística potencial pero que actualmente se ve afectada a consecuencia dos impactos. Trátase de zonas con escasa capacidade de absorción fronte os cambios, é dicir, presentan unha alta fragilidade.

Previo a este proceso e co obxectivo de cumprir coa Lei de Protección da Paisaxe de Galicia establece a necesidade de identificar os ámbitos que en cada área paisaxística presenten un especial estado de deterioración e que precisen especiais medidas de intervención e protección. Atendendo a esta determinación definíronse os Ámbitos de Especial Atención Paisaxística (AEAP) como aquelas zonas nas que se produciron alteracións ou impactos en relación á paisaxe, é dicir, nas que diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe. A tal fin traballouse a partir da información dispoñible no Catálogo das Paisaxes de Galicia que xa fixo unha preselección destes espazos durante a fase de elaboración do documento en conxunto cos aportes feitos durante a fase de participación pública. O procedemento para a identificación dos AEAP foi practicamente o mesmo que o desenvolvido para a delimitación das AEIP, coa diferenza de que non se levou a cabo a última etapa de localización xeográfica.

2.7.1 Megasa

O equipo redactor establece como área de especial atención paisaxística (AEAP) o **complexo industrial vencellado ás instalacións de Megasa**. Este área categorízase dentro do *tipo 3. Actividades sectoriais* na categoría *3.3. Industrial/empresarial; industrias transformadoras*. A súa análise será abordada de xeito detallado no apartado 3.2.2 onde se fala da paisaxe urbana industrial de Megasa.

Aclarar que na fase de participación do Catálogo tamén se sinalou como a AEAP a **desorganización urbanística no entorno da Carretera de Castilla (AC-862)** ao seu paso polo concello, considereouse non clasificar este espazo AEAP posto que a súa morfoloxía responde a un modelo de crecemento difuso en mancha que se proxecta ao longo desta estrada. Se ben o modelo pode ser máis o menos acertado no tócate a ordenación e a estética resultante, é traballo do novo PXOM paliar esta eiva propoñendo unha ordenación adecuada que mitigue ou elimine os problema existentes. Ademais constatouse a proliferación de eucalipto e a existencia de aeroxeradores. En relación a proliferación de eucalipto o plan establece medidas para a súa

limitación e respecto os parques eólicos existentes o plan ten pouco marxe de acción, xa que as medidas correctoras e protectoras tiñan que vir do EIA do proxecto.

3 A PAISAXE URBANA

A paisaxe urbana en Galicia nas últimas décadas, mudou a imaxe tradicional das vilas e cidades e Narón foi exemplo destes trocos urbanísticos. No caso concreto do casco urbano de Narón abrangue dende a cidade de Ferrol polo oeste ata o concello de Neda, polo leste, artellándose seguindo a histórica estrada a Castela. A paisaxe urbana de Narón presenta grandes diferenzas, dende o grao de consolidación, a súa trama e as edificacións predominantes.

O PXOM busca artellar o crecemento urbano, favorecendo a consolidación e compactación da trama urbana, creando unha imaxe urbana de calidade e favorecendo unha transición harmónica ca súa contorna natural e rural.

As DOT determinan sobre a paisaxe urbana (Determinación orientativa 8.6), que “o planeamento urbanístico realizará un estudo de paisaxe urbana prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, as medianeiras vistas e aos peche, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeadado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos.

Este estudo presentará especial énfase nos elementos singulares da trama urbana, así como os elementos que desvirtúan ou merman a calidade da zona urbana.

Antes de comezar ca análise da paisaxe urbana diferenciaremos as áreas residenciais das industriais. Para analizar a paisaxe urbana residencial, estableceremos unha primeira división seguindo os oito barrios de Narón:

1. A Gándara
2. A Solaina
3. Alto do Castiñeiro
4. O Couto
5. Freixeiro
6. Piñeiros
7. Xubia

Mentres para analizar a paisaxe urbana industrial seguiremos a seguinte clasificación:

- Polígono Industrial de Gándara
- MEGASA
- Parque Industrial de As Lagoas
- Polígono Río do Pozo

3.1 PAISAXE URBANA RESIDENCIAL

A paisaxe urbana residencial de Narón articulouse ao longo da Estrada de Castela (Estrada de Castilla) e caracterízase polo gran número de intersticios que presenta a malla urbana, intercalados por vías ou mazas moi compactas e consolidadas. A permisividade urbanística de planeamento anterior (PGOM 1985), así como a forte presión urbanística das pasadas décadas favoreceu en moitos casos unha gran proliferación construtiva pouco estruturada e creando grandes baleiros, e favorecendo desenvolvementos incoherentes ca súa contorna. O esponxamento da malla urbana non se debe a un proceso planificado xa que son derivados de parcelas que non se desenvolveron e se atopan con usos agrícolas ou en estado de abandono.

A orografía como o resto do medio físico onde se asenta o casco urbano de Narón non é un factor determinante, xa que a maior parte do casco urbano atopase en zonas de baixa pendente, exceptuando na zona do Couto onde as pendentes increméntanse lixeiramente. O cambios bruscos de altimetría na zona urbana débense a intervención antrópica normalmente ao desenvolvemento de infraestruturas.

O casco urbano de Narón ten a súa orixe ao longo da Estrada de Castela, creando un gran pobo lineal, xa nos anos 1950. Este crecemento tamén se desenvolveu ao longo das vías próximas a esta estrada. O condicionamento desta vía e posición estratéxica de Narón favoreceu un gran crecemento urbano, creando unha pequena conurbación entre Ferrol e Neda. Ademais a trama urbana está moi condicionada polas vías do tren que seccionan gran parte do casco urbano.



Vista do vía do Ferrocarril e a estrada de alta capacidade que divide o casco urbano

Estes condicionantes favoreceron un entramado urbano moi disperso, sen unha centralidade clara e impedindo unha imaxe de conxunto.

3.1.1 Fitos de interese paisaxístico do casco urbano de Narón

A zona de maior valor paisaxística da contorna do casco urbano de Narón é a ría de Ferrol, por tanto o desenvolvemento urbano debe fomentar unha relación harmónica con dito espazo.

Outro valor natural de interese paisaxístico é o río Santa Cecilia e a súa vexetación ripícola, que no mesmo caso ca ría debe potenciarse como recurso é fomentar un desenvolvemento que permita a súa conservación e mellore a calidade de vida dos cidadáns.

Respecto os valores culturais destaca o patrimonio construído como poden ser a igrexa de Santa Rita, a Casa San Ramón, o Pazo de Cal, a Casa da Cultura o antiga casa do Concello.

Outro dos fitos de interese é o actual casa do concello, sendo un referente na Estrada de Castela.



Vista da Casa do Concello de Narón

3.1.2 Impactos Paisaxísticos

A nivel xeral a maioría dos impactos paisaxísticos do casco urbano, responden a baixa integración dos complexos industriais lindantes. Os tendidos de alta tensión nas proximidades do núcleo urbano tamén repercuten moi negativamente no casco urbano.

Outros dos elementos que reducen a calidade paisaxística do casco urbano e son moi comúns, son as medianeiras vistas e os solares en desuso nos intersticios deixados pola malla urbana.

3.1.3 Aspectos comúns a todos os barrios

Espazos libres e zonas verdes

En xeral o casco urbano de Narón presenta un déficit claro de espazos libres, exceptuando algún barrio como o de Xubia. E en moitos casos estes espazos libres presentan unha reducida naturalización, con pouco arborado e solos impermeables.

Medianeiras vistas

As medianeiras vistas soen predominar onde se localizan vivendas colectivas, aumentando nas zonas periféricas onde coexisten vivendas unifamiliares e vivenda colectiva. Inda que existe zonas onde o nivel de consolidación é tan elevado onde a penas se aprecian este tipo de medianeiras.



Exemplo de paredes medianeiras vistas na trama urbana de Narón

Viais

O viario do casco urbano está xerarquizado, ignorando as vías de alta capacidade que teñen un funcionalidade intermunicipal, podemos atopar vías dunha gran sección que artellan todo casco urbano é unhas de menor sección destinadas a unha mobilidade máis reducida.

Dentro das vías de maior sección (20 metros aprox.) podemos atopar a estrada de Castela, a estrada de Cedeira ou a avenida Souto de Vizoso.

A estrada de Castela é a máis estruturante do casco urbano, presenta dous carrís, con tramos cun terceiro carril de incorporación. Nesta vía o ancho das beirarrúas non é homoxéneo, dependendo do mobiliario urbano, dos aparacadórios se son en liña ou en batería etc. Unha gran parte deste vía revexetouse con árbores que fixo máis amigable dita calzada.

Estrada de Cedeira presenta características similares, inda que existe tramos moito máis estreitos, tamén existen tramos case sen beirarrúas o practicamente impracticables para unha persoa de mobilidade reducida.

A avenida Souto Vizoso presenta características similares a estrada de Cedeira, inda que as beirarrúas son máis homoxéneas e presentan un mellor estado.

A maior parte do resto dos viais presenta unha sección moi inferior de entre 8 e 12 metros, a favor dos vehículos motorizados.

A maior parte do viario conta con calzada de pavimento asfáltico, exceptuando casos concretos que presentan cemento. Do mesmo xeito a maior parte destas vías urbanas presentan beirarrúas, exceptuando os tramos dominados por vivendas unifamiliares illadas.

Mobiliario Urbano do casco urbano de Narón

O mobiliario non é homoxéneo xa que responde en gran medida a fase de urbanización do vial. Un dos exemplos de heteroxeneidade son as luminarias, atopando máis de 6 tipos distintos no alumeadado público.

A continuación pode apreciarse a heteroxeneidade dalgunhas luminarias existentes no casco urbano.



Rúa Cataluña



Rúa Fene



Estrada Gándara




*Rúa Pintor
Sotomaior*



*Parque da
Constitución*



Estrada de Castela



*Rúa Pintor
Máximo Ramos*

Respecto o resto de mobiliario tamén distintos tipos de bancos, papeleiras, etc.



Parque da Constitución



Parque da rúa Camiño da Praia



Rúa Pintor Máximo Ramos



Rúa 10 de Marzo

Tendidos aéreos

No casco urbano hai que destacar dúas liñas de alta tensión. Unha que atravesa o casco urbano e sae polo noroeste do Narón e outra que bordea a fronte costeira.



Vista da liña de alta tensión dende a rúa Zorrilla

Publicidade

Na Estrada de Castela é o vial onde se concentra a maioría dos usos comerciais e hostaleiros proliferando carteleiras publicitarias moi diversas.



Vista de carteis da Estrada de Castela

Ademais en varias rúas de Narón existen cartelería de grandes dimensións, de gran impacto visual, e non acordes ca trama urbana.

Peches

Os peches predominan nas zonas de vivenda unifamiliar illada e presentan unha gran diversidade. Estes peches varía de tamaño, de materiais dende vexetais, pasando por forxa ata pedra. Esta mestura de peches merma a calidade de ditos espazos urbanos.

3.1.4 A Gándara



Este Barrio limita co casco urbano de Ferrol e se estruturou a partir da estrada de Castela, como gran parte do casco urbano, e ao redor das estradas de Santa Icíá e Longrás. Ao sur a zona residencial linda co Polígono Industrial de Gándara.

Este barrio se atopa parcialmente dividido pola vía do tren e pola Estrada FE-11, que tamén o dividen co resto da trama urbana de Narón. A pesar dos túneles e dos pasos elevados, estas infraestruturas illaron este sector co resto do entramado urbano, creando un efecto barreira.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- SEV. Sistemas de espazos libres, parques e zonas verdes, corredores ecolóxicos e urbanos. Destaca o conxunto conformado pola Praza A Gándara e Praza Pintor Sotomaior/Vilaba.
- AUT. Accesos urbanos tradicionais, rede camiñeira orixinal. Destaca o rúa Estrada a Castela que limita o barrio polo norte.
- AUN. Accesos urbanos modernos, estradas novas, autovías, circunvalacións , pasos elevados e soterrados , redondas e outras. Destaca a zona da estrada FE-11.
- GAC. Grandes áreas comerciais, polígonos industriais, centros loxísticos e outras de uso industrial. Neste barrio destaca o centro comercial Odeón.
- DAD. Dispersión do asentamento urbano, fenómenos de difusión e dispersión, conurbación, perda dos lñimedes da cidade compacta e o fenómeno específico de cidade difusa.
- MUR. Mistura de usos urbanos e agroforestais e urbano e o espazo rururbano. Este tema urbano está presente na parte oriental do barrio arredor ca rúa Estrada Gándara e rúa Colmeote.

Vistas do Barrio da Gándara.

As vistas do litoral están caracterizadas por naves que imprimen unha imaxe industrial do barrio, como se pode ver no seguinte perfil baseado en LiDAR. Estas grandes edificacións desvirtúan a imaxe do resto do núcleo e do barrio. Este tipo de paisaxe urbano descríbese no apartado 3.2.1.





Perfil na Avda. Do Nar (PI Gándara)



Vista do Barrio dende o borde litoral en 3D (Fonte: Google maps)

A estrada FE-11 é unha da vía de entrada o núcleo de Narón que permite divisar gran parte do núcleo e o do barrio, onde podemos ver os distintos tipos de paisaxe urbana. Respecto a este barrio, excepto na parte oriental (onde predomina vivendas unifamiliares) existe unha homoxeneidade volumétrica inda que o deseño e os materiais das edificacións son moi diversos. Este escena urbana dende este vía está pouco coidada, percivíndose un gran número de medianeiras a vista, unha heteroxeneidade edificativa e carencias de zonas verdes.



Vista do Barrio dende a estrada FE-11 e FFCC en 3D (Fonte: Google maps)

No barrio da Gándara distínguense varias zonas:

- Zona Suroccidental
- Zona Norte
- Zona oriental

Zona Suroccidental

Tipoloxías edificatorias

A primeira situada máis cara oeste do barrio, construída na última década do século pasado e na primeira década deste século se caracteriza edificacións de baixo máis tres ou catro plantas con baixo cuberta. Esta zona de nova creación tivo un gran pulo, que foi o Centro Comercial Odeón motivando a consolidación da zona suroccidental da trama urbana.



Edificacións da rúa Cataluña

Materiais

Os materiais máis habituais nos cerramentos de fachada son a pedra de cantería e a fabrica de ladrillo recebado e pintado, as cores mais habituais son brancas, amarelas e ocre con distintas tonalidades.

As cubertas mesturan tella cerámica con lousas, predominando estas últimas nas vivendas máis recentes. A carpintería predominante está realizada en aluminio lacado onde predomina a cor branca.

Viais

A maioría dos viais deste barrio presenta beirarrúas, e os aparcamentos normalmente distribúense en liña, excepto nas proximidades do Centro Comercial Odeón, co gran aparcamento en batería ao longo da rúa Cataluña.

Espazos libres e zonas verdes

Esta zona presenta unha superficie de espazos libres considerable. Hai que destacar a zona verde do Camiño da Praia que permite unha transición máis fluída entre o espazo industrial e residencial.

Pero sen lugar a dúbidas o espazo libre de maior repercusión neste sector e posiblemente en todo o Barrio da Gándara son os parques que lindan ca rúa Pintor Sotomaior, cunha gran influencia na poboación local. Converténdose nun nodo de encontro na sociedade de Narón.



Vista do Parque de A Gándara, entre a rúa Vigo e Pintor de Sotomaior

Zona Norte

Tipoloxías edificatorias

Outra zona ben diferenciada, atopase na parte norte deste barrio entre a Rúa “Carretera de Castilla” ou Estrada de Castela e a Rúa Concepción Arenal, onde predominan edificacións moito máis antigas, realizadas antes da década dos 1990. Dentro deste ámbito destaca o Grupo Marina Vivendas, dos anos 1950, vivendas de promoción pública da época franquista. Esta urbanización, caracterízase por ser un polígono residencial, dando unha imaxe de conxunto fronte o resto de vivendas, onde existe unha maior diversidade, tanto en volumes, alturas, materiais e cores (edificacións de 6 alturas, predominantemente brancas).

Materiais

Neste sector podemos atopar fachadas pintadas en distintos cores (verdes, brancas, vermellas, etc.) ata fachadas revestidas con cerámica, tamén de diversos cores.



Vista das edificacións do Grupo Marina Vivendas

Respecto as cubertas deste ámbito existe alta densidade de vivendas con cubertas de fibrocemento, comunmente chamadas uralita, coexistindo con cubertas de tella cerámica. Respecto a volumes son comúns os edificios con baixo + tres plantas, exceptuando na Estrada a Castela onde son lixeiramente máis baixos os edificios.

Espazos libres e zonas verdes

Este sector presenta unha forte urbanización, exceptuando o Grupo Marina Vivendas onde existen pequenos espazos libres e xardíns.

Elementos de Interese

Dentro do patrimonio destaca a Escola de Nosa Señora de Chamorro, de estilo Art Déco.



Vista da Escola de Nosa de Chamorro e un cartel publicitario axeno ao elemento

Impactos paisaxísticos

Como se pode ver na imaxe anterior a cartelería de grandes dimensións nun elemento de interese reduce gran parte da calidade paisaxística. Ademais existe un gran número de grafitis na Estrada de Castela a altura do Grupo Marina Vivendas dando unha sensación de abandono e reducindo a calidade deste ámbito.

Medianeiras vistas

As medianeiras vistas se reducen fundamentalmente nesta zona a rúa Xohana Torres e na rúa Concepción Arenal.

Zona oriental

Tipoloxías edificatorias

A terceira zona da Gándara situase ao leste, concretamente ao norte do Polígono Industrial de A Gándara, e componse por vivendas unifamiliares illadas ou apegadas, que non soen sobrepasar as dúas alturas, intercalada nunha matriz conformada por xardíns e hortas, dando unha imaxe de paisaxe rururbana.

Un gran porcentaxe das xeometrías das vivendas unifamiliares deste barrio e dos veciños, son alleas aos tipos tradicionais de Narón, dando una imaxe confusa deste ámbito.

Materiais

Dentro dos materiais de fachada existen unha gran heteroxeneidade similar a de outros barrios destaca ladrillo pintado, cantería, a recebado con azulexos. As cubertas predominan a tella cerámica e uralita.

Peches

Un elemento característico desta zona é que a maioría das parcelas presentan cerres ou valados. Inda que estes valados presentan unha gran diversidade, podendo atopar cerres de forxa, blocos, ladrillos recebados en distintas cores, vexetais, etc.



Vista dos peches no leste do Barrio de Gándara (rúa Colmeote)

Viais

A maior parte deste rúas presentan beirarrúas, exceptuando as máis afastadas do casco urbano, como na rúa Colmeote.

Neste sector existen poucas zonas destinadas a aparcadoiro, redúcense fundamentalmente a Estrada Gándara, a pesar diso non existen graves problemas de aparcadoiros, nin de tráfico.

Espazos libres e zonas verdes

Esta zona carece de espazos libres e zonas verdes públicas, inda que a maior parte do espazo construído esta circundado por xardíns, cultivos-pastos ou vexetación natural (todas elas de carácter privado).

3.1.5 A Solaina



Este barrio localízase no borde noroccidental e como o barrio de A Gándara tamén limita co concello de Ferrol polo oeste. Esta trama urbana tamén está fraccionada pola vía do tren.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- AUT. Destaca o rúa Estrada a Castela que limita o barrio polo sur.
- AUN. Destaca a vía do ferrocarril.

A imaxe exterior é similar ao barrio anterior, de certa coherencia volumétrica pero de grande diversidade tanto nas fachadas como nas cubertas. Tamén existe unha carencia de zonas verdes.



Vista do Barrio dende AP-9 en 3D (Fonte Google maps)



Vista do Barrio dende o sur en 3D (Fonte Google maps)

Tipoloxías edificatorias

Como a maioría dos barrios de Narón o barrio de A Solaina, presenta unha gran diversidade edificativa. Neste barrio priman os edificios en altura. Respecto aos seus volumes

predominan os edificios baixo máis tres alturas o baixo máis catro alturas, especialmente entre a rúa Cardenal Cisneros e rúa Xoaquín Bruquetas.

As edificacións máis antigas localízanse na Estrada a Castela, onde destacan edificacións de certa singularidade como o antigo Dispensario ou Villa Consuelo, e na Avenida Santa Icíá. Dentro do barrio diferénciase o polígono residencial aberto das Casas de Santa Cecilia de promoción pública. Estas vivendas son similares ás do Grupo Marina Vivendas, aínda que son un pouco máis recentes e de máis altura.



Vista das Casas de Santa Cecilia

Materiais

Existe unha gran variedade de materiais construtivos acordes coa diversidade das edificacións, dende pedra de cantería e a fabrica de ladrillo recebado e pintado, pero se temos que destacar algo é o gran número de fachadas de ladrillo a vista, con distintas tonalidades.

As cubertas predominantes son de fibrocemento, podendo atopar outros materiais como tella cerámica ou lousas.

Viais

O viario artellase fundamentalmente a partir da vía Santa Icíá e menor medida ao longo das súas vías transversais destaca a rúa Solaina.

Espazos libres e zonas verdes

Este barrio presenta un gran número de espazos libres e dotacións en relación a outros barrios de Narón, destacando pola súa centralidade o Parque Infantil da Constitución.



Vista do Parque Infantil da Constitución

Impactos

Un dos grandes distorsións paisaxísticas que ten este barrio é a nula transición do espazo urbano cara o espazo rural ou rurubano, pasando de edificios que chegan ter seis alturas a vivendas unifamiliares de dous alturas, mesturadas con fincas a ermo ou a dedidacas a usos agrarios.

Un dos impactos máis destacables no barrio da Solaina hai que destacar torre de alta tensión no cruce da rúa Solaina e a rúa Xaquín Broquetes.

Usos

Neste barrio tamén destaca a baixa actividade comercial na planta baixa das edificacións, tendo unha alta densidade de locais baleiros.

3.1.6 Alto do Castiñeiro



Este barrio ocupa unha posición central dentro da trama urbana de Narón. Este barrio é o de maior tamaño e corresponde co centro administrativo do casco urbano, xa que nel se concentran a maior parte dos equipamentos municipais, como o consistorio e centro de saúde. Ademais a carón do consistorio atópanse unha gran superficie de espazos libres.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- SEV. Destaca o conxunto conformado pola Praza Galicia e Praza mestra Carmen Niebla.
- AUT. Destaca o rúa Estrada a Castela que cruza o barrio.
- AUN. Destaca a liña de ferrocarril e a AP-9 que limite polo norte o barrio
- Este tema urbano está presente na parte oriental do barrio.

A imaxe exterior do barrio dende a AP-9 ven marcada polos bloques en altura de rúa da Garda.



Vista do Barrio dende a AP-9 en 3D (Fonte Google maps)



Vista do Barrio en 3D (Fonte Google maps)

A praza de Galicia xunto as dotacións colindantes (algúns deles edificios singulares) fan un dos polos de atracción máis importantes do concello, creando certa centralidade arredor deste espazo. Se lle engadimos a importancia comercial neste ámbito podemos afirmar como o principal punto de encontro do casco urbano.



Vista da Biblioteca e o centro de saúde e concello ao fondo

Este barrio está separado do Barrio da Gándara pola vía do tren e pola vía de alta capacidade. Ademais outro tramo da vía do tren divide parte da zona noroccidental deste ámbito.

O Alto do Castiñeiro caracterízase por presentar un lixeiro maior número de intersticios baleiros delimitados por medianeiras vistas, que están colonizados por vexetación natural e nalgún caso por cultivos agrícolas e pastos. A gran presenza destes ocos distorsionan a imaxe de cidade.



Vista de solar e medianeiras a vista na rúa Eirexa

Neste barrio distínguense tres zonas, dúas onde predomina a vivenda colectiva e outra onde abunda as vivendas unifamiliar. A vivenda colectiva distribúese en distintas zonas:

- *Ao longo da Estrada Castela.*
- *A carón da Estrada Castela, entre a rúa Bouzas e a autoestrada AP-9 e dende Camiño Pino ata Rúa Amalia Fraguada aproximadamente.*

Ao longo da Estrada de Castela

A Estrada Castela é a vía principal do casco urbano, e a partir dela se estrutura a malla urbana de Narón. A pesar de ser a vía principal presenta unha alta heteroxeneidade de edificacións debido a súa urbanización en distintas fases construtivas, o que que conlevou, diferenza de volumes, materiais, cores, etc. Un dos mellores exemplos deste proceso urbanístico é a convivencia de edificacións de distinta época, como moi pouco respecto ao patrimonio existente.



Vista das edificacións da estrada a Castela

Tipoloxía edificativa

Dentro das alturas das edificacións nesta vía atopamos fortes crebes ente elas, dende edificios de B+6 (baixo máis seis plantas) ata vivendas de tan só dúas plantas. Na estrada de Castela existen exemplos dunha coexistencia caótica de edificacións en altura con vivendas illadas ou acaroadas, en ocasións lindeiras ca edificación en altura. Por desgraza isto non é único deste barrio en gran parte do casco urbano.

Materiais

Os materiais de fachada tamén presentan unha gran diversidade, dende cantería, muro cortina, cerámica, ladrillo recebado, etc. As cubertas atopamos fibrocemento, lousas e tella cerámica.

Fitos de interese paisaxístico

A maior parte do patrimonio atopámolo ao longo desta vía, como pode ser a Casa da Cultura e o Chalé de Antón.

Impactos paisaxísticos

O auxe construtivo reduciu considerabelmente as vivendas tradicionais, como se pode apreciar na seguinte imaxe podemos ver como as vivendas tradicionais está asolagadas polas novas construcións.



Edificación recente asolagando unha vivenda tradicional

A carón da Estrada de Castela

A carón da Estrada de Castela, entre a rúa Bouzas e a rúa Santa Tecla ao norte e ao sur ata Avenida Souto Vizoso.

Tipoloxía Edificativa

Predominan as edificacións de catro alturas, seguindo un entramado ortogonal. As edificacións son moi similares ás existentes na Estrada de Castela, cunha gran diversidade. Estes ámbitos presentan bastante consolidación con poucas parcelas baleiras. Cara o oeste dominan as parcelas libres, algunhas con usos agrarios outras totalmente a ermo, exceptuando algunha zona moi consolidada como nas proximidade da Rúa Duque de Rivas, na Rúa da Paz ou no entorno da rúa Río Masma.



Vista das edificacións en altura do entorno da rúa Río Masma, concretamente dende a rúa Obispo Argaya Coicoechea

Impactos paisaxísticos

Dentro deste sector hai que destacar as urbanizacións ao carón da Rúa Garda e Rúa Santa Tecla. Estas edificacións de grandes dimensións (8 a 11 alturas) situadas no borde do casco urbano presentan unha reducida integración ca súa contorna, xa sexa co solo rústico lindante, como co s que desvirtúa a trama urbana.



Vista de bloques en altura dente a estrada de Castela cara a rúa Garda (noroeste)

Este Barrio presenta unha pequena rede de espazos libres e zonas verdes espalladas do ámbito.

Viais

Respecto a mobilidade a maior parte dos viais existentes presentan arredor de 12 metros, priorizando os desprazamentos e ocupación motorizada, soen ser dun sentido e con aparcamento nunha ou nas dúas beiras da calzada , deixando un espazo residual para o peón.

Zona de vivenda unifamiliar

A distribución da vivenda unifamiliar concéntranse ao sueste da Avenida Souto de Vizoso. Tamén podemos encontrar algunhas casas intercaladas ao noroeste da Estrada de Castela como na rúa San Carlos ou a rúa Bon Xésus



Vías da rúa Colmeote nas proximidades da rúa Carballo Calero

Tipoloxía edificatoria

A diversidade de vivendas unifamiliares é tan ampla como as vivendas colectivas, exceptuando os volumes xa que a maior parte son de dúas alturas.

Materiais

O mesmo sucede respecto aos materiais empregados nas fachadas onde podemos atopar dende cantería, ladrillo recebado, azulexos, etc. Respecto aos tellados existe un maior homoxenidade onde soe empregarse lousa e tella cerámica. Os cerres deste ámbito presenta a mesma heteroxeneidade das vivendas, atopando dende cerres vexetais, de forxa, de pedra de cantería, bloques, ladrillos vista ou pintados, etc.




Vista das traseiras das vivendas da rúa Villar Ponte

Viais

Existe un gran porcentaxe das vías onde existen estas vivendas unifamiliares que carecen de beirarrúas ca súa correspondente inseguridade, tamén e certo que o tráfico nestes tramos é considerablemente inferior.

3.1.7 O Couto



O barrio do Couto ocupa a parte oriental, entre a estrada Gándara e a AP-9. A tipoloxía de paisaxe é moi similar a ocupada por vivendas unifamiliares do Barrio da Gándara e do alto do Castiñeiro.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- MUR. Mistura de usos urbanos e agroforestais e urbano e o espazo rururbano. Este tema urbano é común a todo o barrio.

A imaxe exterior deste barrio está dominado por un crecemento difuso de vivendas unifamiliares, onde se conservan un gran número de parcelas agrícolas.



Vista do Barrio en 3D (Fonte Google maps)

Tipoloxías edificatorias

No couto predominan vivendas illadas, circundadas por pequenos xardíns ou hortas. A heteroxeneidade das construcións, observase na disposición das vivendas respecto as parcelas e os viais, nos seu deseño e nos materiais construtivos. Esta heteroxeneidade tamén se mostra nas edificacións auxiliares, nos valados, e na vexetación circundante (céspede, cultivos de autoconsumo, especies invasoras, respecto o estrato arbóreo poden ser ornamentais, froiteiras, autóctonas, etc.).

Viais

Os viais son similares aos presentes noutros barrios con predominio de vivenda unifamiliar illada, composto por pistas asfaltadas, con un alto porcentaxe sen beirarrúas.

A orografía neste barrio ten un papel máis relevante que no resto dos barrios, influíndo tanto na afección visual das vivendas como a amplitude visual dende delas.

Fitos da paisaxe

O BIC Mosteiro do Couto é un dos elementos máis singulares localízase a carón deste barrio e é un dos máis importantes de todo o concello. Este conxunto arquitectónico compón un dos elementos de maior valor cultural e paisaxístico do concello, sendo un dos maiores puntos de atracción do concello.



Vistas do Mosteiro do Couto (a esquerda) e os pontes da autoestrada e tren (a dereita)



Vistas posterior do Mosteiro do Couto

Outro dos elementos singulares da paisaxe de Narón é o camiño de Santiago (Camiño Inglés), este percorrido relixioso-cultural é un dos maiores referentes culturais de Narón. Esta senda é empregado tanto por veciños como peregrinos tendo unha gran repercusión na percepción da paisaxe do concello. Por tanto é fundamental o ter especial sensibilidade na ordenación e xestión deste itinerario.



Vistas do Barrio dende Neda (Urbanización do Couto a dereita)

Impactos paisaxísticos

Respecto aos impactos, hai que destacar nas proximidades deste Barrio a presenza de tendidos de alta tensión, así como algún pequeno bosque de eucaliptos, co seu posible risco de incendios.



Vistas do Barrio dende Neda (Urbanización do Couto a dereita)


Outro dos elementos destacables polo seu impacto é a Urbanización O Couto, conformando un punto de atracción visual do borde costeiro de Narón (como se pode ver na anterior imaxe). Ademais o desenvolvemento lineal e continuo ao longo do borde costeiro, reduciu a permeabilidade visual creando un apantallamento deste Barrio. Ademais a proximidade a un dos valores culturais máis senlleiros da paisaxe de Narón como é o Mosteiro do Couto, fan esta urbanización un dos maior es impactos visuais. Esta urbanización so presenta certa integración arredor do vial Urbanización Couto, onde o arborado composto na maior parte de pradairos, rompe a homoxenidade deste continuo.



Vista da urbanización do Couto dende o Mosteiro

Os medianís a vista teñen unha baixa presenza xa que a maior parte das construcións son vivendas illada, con todas as súas fachadas rematadas.

3.1.8 Freixeiro



Este barrio segue desenvolvéndose ao longo da estrada de Castela e ademais artellase a seguindo a estrada de Cedeira.

Freixeiro presenta una paisaxe urbana similar o resto barrios de Narón e como gran parte deles, está seccionado pola vía do ferrocarril, no seu caso dividindo o sector de oeste a leste.

A maior parte das dotacións(pavillón, policía local, IES Telleiras e IES Terra de Trasancos) atópanse no extremo setentrional do barrio, moi afastado do “centro neurálxico” do barrio (a zona máis consolidada), nunha posición residual lindando co Polígono das Lágoas. A disposición desta ubicación responde o planeamento do 1985, impedindo a creación dunha trama complexa e compacta, e por tanto favorecendo os desprazamentos motorizados.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- SEV. Neste barrio destaca Parque Fluvial do Río Freixeiro
- AUT. Como se comentou este barrio ven marcado pola rúa Estrada a Castela .
- AUN. A AP-9 bordea o bario polo sur e a liña do ferrocarril secciona en dúas partes o barrio.

A percepción do barrio dende a autoestrada é dunha enorme complexidade tanto nos deseños como nos volumes, ademais de existir un gran volume de medianeiras a vista. A existencia do parque fluvial fai máis amigable a percepción deste barrio.



Vista do barrio dende a autoestrada en 3D (Fonte Google maps)

Tipoloxías edificatorias

A maior colmatación atopámola entre a Avenida Cervantes e o Parque Freixeiro (ao sudeste) e a rúa Cerrallón de Arriba (ao norte, lindando ca vía do tren). A densificación desta zona xa comezou nos anos 1970-1980 conformando o entramado urbano actual. A maior parte destas edificacións existentes son desta época, mesturada con algunha construción anterior ou posterior. As alturas predominantes desta zona son de tres e catro alturas. Dentro desta zona destaca un gran número de vivendas unifamiliares apegadas dos anos 1970-1970. Tamén atopamos un montón de vivendas unifamiliares apegadas na zona das Forcas, con certa homoxeneidade na rúa Cardenal Quiroga.




Vivendas unifamiliares apegadas na rúa Cardenal Quiroga

A paisaxe ao longo da estrada de Castela no barrio Freixeiro non varía respecto o resto de varios, cunha gran heteroxeneidade.

Fitos paisaxísticos


O patrimonio arquitectónico do Barrio do Freixeiro redúcese a un par de vivendas na estrada de Castela, nas proximidades da rúa Río Miño. Un dos elementos máis destacables deste barrio o río Santa Cecilia e o Parque Freixeiro situado ao sur do barrio



Vista do Parque fluvial Freixeiro

Impactos paisaxísticos

Como en gran parte dos barrios de Narón, un dos maiores problemas paisaxísticos son as paredes medianeiras vistas, e os solares baleiros intercalados entre vivendas, que en moitos casos están a ermo.



Vista de paredes medianeiras vista na rúa Zorrilla.

Outros grandes impactos son producidos polo planeamento do 1985 que tivo moi baixa sensibilidade ca súa contorna, un bo exemplo son os bloques de edificios de catro alturas, incoherentes co solo rústico e as vivendas unifamiliares da súa contorna.



Vista de rúa Ponte de Leixa

Outro elemento que resulta prexudicial para a imaxe urbana deste barrio son os depósitos de combustible nas cubertas dos edificios de vivenda colectiva, sen ningunha integración no volume da mesma, apreciándose unha baixa sensibilidade no deseño do edificio.




Vista dos depósitos na rúa Ponte de Leixa

Na estrada de Cedeira atopamos elementos incoherentes ca trama urbana.



Vista dos Carteis publicitarios na estrada de Cedeira

3.1.9 Piñeiros



Este barrio estruturase case na súa totalidade, limitándose á estrada de Castela, xa que este espazo urbano se atopa constrinxido pola vía do tren e o río Santa Cecilia. Este barrio presenta un crecemento lineal.

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- SEV. Neste barrio destaca Parque Fluvial do Río Freixeiro Norte
- AUT. Como se comentou este barrio ven marcado pola rúa Estrada a Castela .
- GSD. Sistemas dotacionais. No barrio destaca o Fogar de San Xosé de Xubia.

A imaxe dende a costa ven marcado polas traseiras das edificacións que en moitos casos non presenta a calidade das fachadas principais.



Vista do Barrio en 3D (Fonte Google maps)

Tipoloxías edificatorias

A estrada de Castela constitúe o eixo que artella este barrio conformado por edificacións heteroxéneas, propias das que se atopan no vial. Esta heteroxeneidade impide lexibilidade desta paisaxe. Existen tramos onde predomina a vivenda unifamiliar apegada (nas proximidades da escola infantil de Piñeiros), inda que a norma e vivendas unifamiliares (de unha ou dúas plantas) intercaladas por edificacións en altura (de catro e cinco plantas). O deseño xunto cos materiais empregados presentan unha gran heteroxeneidade).



Vistas da estrada a Castela cara o oeste



Vistas da estrada a Castela cara o leste

Viais

O vial presenta certa humanización, facendo máis amigable para os peóns mediante o arborado disposto nas súas beirarrúas. A pesar desta mostra de humanización, a estrada de Castela está deseñada cara o vehículo motorizado, non para o peón.

Fitos paisaxísticos

En Piñeiros non existen grandes fitos paisaxísticos positivos, xa que os elementos salientables destacan do seu entorno pola pouca concordancia co mesmo. Non pola súa elevada calidade (arquitectónica, ambiental ou simbólica). O elemento de maior interese desta zona urbana é o río Santa Cecilia, actualmente o desenvolvemento urbano medrou de costas a este elemento de gran interese natural. Por tanto a incidencia paisaxística é reducida neste barrio. Inda que xa no planeamento do 1985 conscientes da súa importancia, contemplaba este espazo como un sistema xeral. O PXOM ca súa ordenación pretende conformar o canle fluvial no elemento referencial desta paisaxe.



Vistas do Barrio de Piñeiros e o río Santa Cecilia dende o Muíño de Mareas de Aceñas



Vistas do Barrio de Piñeiros e o río Santa Cecilia dende o Muíño de Mareas de Aceñas



Vista do río Santa Cecilia dende o Muíño de Mareas de Aceñas


Espazos libres e zonas verdes

Este barrio presentaba un gran déficit de zonas de esparexemento, inda que nos últimos anos foi reducíndose mediante a ampliación do parque fluvial.

Impactos paisaxísticos

Como no resto dos barrios tamén podemos atopar paredes medianeiras vistas e algunha estrutura dalgún edificio que non se rematou.

3.1.10 Xubia



Este barrio remata o casco urbano de Narón dende o barrio de Piñeiros (ao oeste) ata a ponte de Xubia, lindando con Neda (ao leste). Como no barrio de Piñeiros este barrio segue estruturándose ao longo da estrada de Castela. Xubia presenta un alto grao de ocupación nas proximidades de Megasa mostrando a dependencia do crecemento urbano do pulo do sector industrial.

Este barrio non é a excepción, e segue presentando características paisaxísticas similares ao resto da contorna da estrada de Castela, posuíndo unha gran heteroxeneidade no espazo construído. Aínda que presenta certas peculiaridades, que lle dan unha maior singularidade que outros barrios. A maior parte da actividade hostaleira e comercial localízase na estrada de Castela, mentres que nas vías transversais, as plantas baixas están destinadas a vivendas, garaxes ou non teñen un uso claro.

Por un lado Xubia, presenta unha maior integración co borde costeiro, se exceptuamos o complexo industrial Megasa (apartado paisaxe industrial). Excepto a zona industrial

anteriormente dita, o casco urbano presenta unha ampla zona verde (Paseo Marítimo do Xubia) no borde costeiro que permite favorecer unha transición progresiva ca área urbanizada.



Vista de Xubia dende Neda

Neste barrio existen os seguintes temas urbanos:

- SEV. Neste barrio destaca Parque Marítimo Xubia
- AUT. Como se comentou este barrio ven marcado pola rúa Estrada a Castela .

A vista do exterior do barrio está moi marcada pola industria Megasa e polo paseo marítimo do Xubia. Este paseo mellora a imaxe exterior do barrio do Xubia a pesar da gran industria en primeira liña de costa.



Vista do Barrio en 3D dende o sur (Fonte Google maps)

Espazos libres e zonas verdes



Vista de Colexio e Praza do Colexio

Ademais esta área urbana contempla pequenos espazos libres e zonas verdes que permiten esponxar o espazo construído. Moitos destes parques están vinculados a dotacións como a Praza do Concello preto do Xulgado, ou a Praza do Colexio lindando co colexio Público Ponte de Xubia.



Vista da Praza do Concello e o Xulgado (Antigo Concello)

Fitos paisaxísticos

Outra peculiaridade deste barrio é unha maior riqueza patrimonial, como o Pazo da Cal, a Igrexa de Santa Rita (de principios do século XX), o Xulgado (antiga casa do concello), Casa San Román ou as vivendas tradicionais (vivendas-muíños) na Ponte de Xubia. Este elementos arquitectónicos sen lugar a dúbidas son referentes paisaxísticos deste Barrio. A igrexa de Santa Rita ou antigo concello (potenciado pola praza lindante) son fitos de referencia facilmente recoñecibles, que aportan identidade a dito barrio.



Vista da Igrexa de Santa Rita


O Pazo da Cal ou Casa San Román presenta unha menor visibilidade por tanto a repercusión na paisaxe urbana é menor.

Impactos paisaxísticos

Respecto ao impactos paisaxísticos a presenza da siderúrxica Megasa debido a súa proximidade ao casco urbano, practicamente inxerido no mesmo. Pero hai que entender o contexto da comarca, unha comarca historicamente industrial vencellada aos estaleiros. Esta industria leva dende os 1950 en Narón por tanto gran parte do seu crecemento debese a Megasa e industrias similares.

A sensibilidade social dunha área tan industrial é inferior a proximidade de grandes industrias. A pesar do dito débense tomar medidas para mellorar a integración paisaxística do complexo industrial.

Mentres o resto de impactos paisaxísticos soen ser similares cos barrios veciños como paredes medianeiras vistas, polos desniveis nas alturas das vivendas ou por falta de colmatación da zona urbana.



Vista de paredes medianeiras vistas na rúa Xoán XXIII

3.2 PAISAXE URBANA INDUSTRIAL

A paisaxe industrial, a pesar da súa antropización presenta unhas necesidades e dinámicas moi diferentes ás zonas residenciais, primando o uso produtivo fronte a outros. Estas necesidades conllevan unhas series de infraestruturas e construcións moi dispares ao casco urbano de Narón.

O sector industrial en Narón está distribuído polo centro sur do concello en tres polígonos industriais e na Industria MEGASA. Estes polos industriais modificaron directa e indirectamente o territorio do concello e por tanto a súa paisaxe.

As zonas onde se sitúan as zonas empresariais presentan una orografía suave, sen grandes pendentes tanto nos seus ámbitos como na súa contorna. En consecuencia, o desenvolvemento destes espazos non produciu grandes movementos de terra, nin grandes variacións de topografía.

Respecto os trocos nas coberturas do solo, si que foi un gran alteración, xa que estas zonas presentaban unha paisaxe tipicamente rural ou natural, cuberta por vexetación natural ou por plantacións agroforestais, que foron transformadas en construcións e infraestruturas. Estes centros económicos supuxeron unha fragmentación da paisaxe naronese, supoñendo una ruptura ca paisaxe rural e natural da súa contorna.

Os catro complexos empresariais e as súas construcións presentan unha paisaxe bastante complexa xa que se conformaron en distintas épocas e a súa colmatación tamén respondeu a distintos períodos. O desenvolvemento destes espazos realizouse baixo unha normativa e sensibilidade diferente o que provocou a heteroxeneidade destes espazos. Actualmente as políticas urbanísticas e ambientais obrigan que os novos centros empresariais se integren de xeito coherente na malla territorial, afectando o mínimo posible a paisaxe e o medio que o conforma. Esta tendencia é bastante recente xa que ata fai pouco so primaba a viabilidade e eficiencia deste espazo, sen ter en conta os impactos que ambientais e sociais que comportaba. Mostra diso, detectase que o polígono de Río do Pozo, o máis recente, a pesar das súas grandes dimensións é o que maior sensibilidade presenta respecto a paisaxe na que se insire.

Os viais predominan con pavimento de asfalto na calzada, mentres nas beirarrúas soe ser cemento, excepto nalgún tramo que presenta baldosa (paso de peóns ou tramos recentes).

O mobiliario soe limitarse fundamentalmente as luminarias e os contedores de residuos.

Estes espazos carecen de fitos paisaxísticos importantes e soen ser espazos que grazas a súa forte antropización presentan unha maior asimilación a posibles impactos paisaxísticos, que outras zonas (residenciais, rurais ou naturais).

3.2.1 Polígono industrial de A Gándara

Este polígono conforma o borde costeiro de Narón, deixando o casco urbano nun segundo plano. A posición deste sector, na fronte costeira, fan que estee moi exposto visualmente. O complexo empresarial de A Gándara comezou a desenvolverse nos anos 1980, cunha superficie de 800.000 m², por medio de grandes naves.

As construcións deste polígono presentan certa sensibilidade nas fachadas principais que da os viais, pero cunha baixa sensibilidade no tratamento do resto de fachadas (medianeiras e traseiras). Neste caso o tratamento das traseiras tiñan que ter uns acabados mellores debido a súa alta visibilidade dende o casco urbano ou dende o outro lado da ría de Ferrol.



Vista de polígono da Gándara dende o outro lado da ría

Este polígono empresarial carece de imaxe de conxunto, debido a heteroxeneidade dos acabados das naves e con grandes diferencias cromáticas e texturais tanto da súa imaxe corporativa como da súa publicidade. En canto a volumetría das naves é bastante similar, reducindo a súa incidencia visual ao outro lado da ría (Fene e Neda) e o borde do casco urbano de Narón.

Os peches das parcelas presentan unha maior homoxeneidade cas construcións, tendo unha escala similar na súa maioría e conformados por valados metálicos transparentes moi diferentes no seu deseño e acabados.



Vista das naves do polígono da Gándara

Unha das intervencións que melloran a súa integración é a zona verde que ocupa a fronte costeira circundando este ámbito polo sur e que crea unha zona de amortecemento cara a Ría de Ferrol. Ademais a través desta zona verde transcorre o camiño xacobeo Inglés, permitindo un percorrido máis agradable tanto para os veciños como para os peregrinos. O Camiño Inglés constitúe o principal valor paisaxístico deste ámbito, por tanto débese protexer e por en valor.

O polígono de A Gándara tamén presenta certa integración co casco urbano de Narón, grazas unha zona verde situada na rúa Camiño da Praia, pero a transición é nula da zona industrial a zona residencial na rúa Irmáns Pita.



Vista das naves do polígono e tendidos eléctricos da Gándara

Un dos elementos máis impáctantes deste ámbito son os tendidos eléctricos, de media e de alta tensión.



Vista do parque da rúa Camiño da Praia- Rúa Clara Campoamor e aparcadoiro do Mercadona

3.2.2 Megasa

Trátase dun complexo industrial siderúrxico está inxerido dentro da trama urbana deste barrio, con vivendas lindado directamente coa instalación que se ubica entre o borde costeiro no barrio de Xubia. Tanto os materiais coma os volumes das súas instalacións son incoherentes cunha zona residencial. Mostra desta incoherencia é intento de crear unha transición entre ambos espazos, ocultando parte do complexo mediante unha orla vexetal.



Vista de Megasa dende Neda

Os peches perimetrais do complexo cara a zona urbana son muros opacos de grandes dimensións, que a súa vez foron circundados por vexetación arbórea na súa gran maioría. Esta revexetación permite minimizar parcialmente o impacto visual entre o casco urbano de Xubia e a industria. Cara o borde costeiro o valado está composto por un muro na parte inferior e unha malla metálica na súa parte superior revexetado con especies arbóreas dentro da parcela.



Vista da entrada de Megasa.

3.2.3 Polígono industrial de As Lagoas



Este complexo empresarial sitúase na zona das Lagoas, a o norte do casco urbano de Narón, artellándose na contorna da estrada de Cedeira.



Vista do Polígono en 3D dende o sur (Fonte Google maps)

O polígono desenvolveuse nos anos 1970 e presenta unha superficie de 600.000 m². Con recentes modificacións que permitiron mellorar a mobilidade deste ámbito. Presenta unha gran heteroxeneidade nas súas edificacións, tanto no seu deseño como volume. Ademais a ocupación do sector é moi desigual con moitas das construcións cunha disposición irregular en relación ao vial ou parcela. Neste espazo podemos atopar desde vivendas unifamiliares intercaladas con grandes naves con fachada principal polo muro cortina ou naves realizadas en bloque se recebar ou pintar. Esta heteroxeneidade tamén se observa nos carteis e nos peches das parcelas que presentan diferentes tipoloxías de construción podendo observar valados opacos de bloque, transparentes de metal ou mallas.

Existen tramos de certas vías deste espazo industrial non presentan beirarrúas ou son case impracticables debido a súa reducida sección. Se lle engadimos os viais non presentan ningún axardinamento ni existen zonas verdes. Atropámonos cun espazo moi pouco amigable con peón e ca mobilidade non motorizada.

A gran complexidade dos elementos que conforman este polígono impiden a súa lexibilidade deste espazo e danlle unha imaxe totalmente incoherente.



Vista do polígono na Estrada de Cedeira

Dentro do sector non existe ningún fito paisaxístico que se deba destacar.

A relación co súa contorna e moi mellorable debido especialmente a proximidade cuns centros de ensinanza (IES As Telleiras e IES Terra de Trasancos) que lindan o sur co sector.



Vista dunha cementeira dentro do Polígono

3.2.4 Polígono industrial Río do Pozo

Este polígono promovido por SEPES nos anos 1990, é o máis novo do concello, localízase ao norte do mesmo e presenta unha superficie de 1.600.000 m². Río do Pozo estrutúrase ao longo da rúa Bernardo Romero.

Unha das características deste espazo é que se atopa dividido e a súa vez ben conectado pola autovía AG-64. Outro das particularidades do polígono é a presenza dun regato de pouca importancia (Río Seco) que atravesa o ámbito transversalmente, e que está integrado mediante un espazo libre.

A súa distribución non é homoxénea, dividíndose en zonas ocupadas por pequenas naves e outras de grandes dimensións. As de maior tamaño (>10.000 m²) localízanse na parte suroccidental, mentres as de menor tamaño con parcelas inferiores a 2.500 m², sitúanse ao sueste ou ao norte da avenida Arrieros.

A colmatación do Río do Pozo é acorde a antigüidade dos plans parciais que o desenvolveron sendo a zona máis ocupada o sur do polígono.



Vista do Río do Pozo dende Alto da Pena Grande



Vista do Polígono en 3D dende o sur (Fonte Google maps)

A tipoloxía construtiva presenta unha coherencia respecto aos volumes das edificacións, sendo máis heteroxénea nos materiais e no deseño das mesmas, cunha gran complexidade de cores e texturas. Respecto as fachadas dominan as cores claras (branco, gris, amarelos, etc.) e os verdes e azuis. Mentres nas cubertas existe un predominio claro dos verdes e dos brancos.

A cartelería tamén presenta unha enorme variedade dende o seu tamaño ata os materiais e cores empregados. Certos carteis ou imaxes corporativas das empresas teñen un gran impacto visual (alta visibilidade e fácil recoñecemento) que repercute nunha baixa integración destas construcións no polígono e na súa contorna.

Os peches das parcelas como no Polígono da Gándara son máis homoxéneos cas construcións, presentando un tamaño similar e compostos a súa maioría por valados metálicos transparentes, iso si, cunha gran diversidade no seu deseño.



Vista do Camiño da Xilfeira (suroeste)



Vista da entrada do polígono dende o oeste (Avenida Gonzalo Navarro)

Este espazo posúe unha certa integración ca súa contorna, grazas aos espazos libres que circunda parte do ámbito. Inda que estas zonas deberían ter un maior mantemento ou acondicionamento, xa que presentan exemplares de especies invasoras como o “plumero da

pampa" (*Cortaderia selloana*) ou especies pirófilas co correspondente risco, como son os eucaliptos.



Vista do polígono Río do Pozo

Este polígono empresarial localízase bastante afastado dos centros residencial do concello e da comarca, por tanto prima a mobilidade motorizada. A pesar diso, as rúas deste polígono presentan beirarrúas, en certos tramos veñen acompañados por unha estreita franxa vexetal.

Non existe ningún fito paisaxístico destacable dentro do sector.

Un dos maiores impactos que presenta este ámbito é o estado de abandono ou mal uso de certas parcelas privadas, colonizadas total ou parcialmente por vexetación e empregadas como almacenaxe temporal de maquinaria, dando unha mala imaxe do sector.



Vista de parcela abandonada, usada de aparcadoiro e de almacenamento de maquinaria

4 OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA (OCP)

Os Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP) redáctanse no Anexo I das Directrices da Paisaxe de Galicia.

4.1 OCP XERAIS

OCP XERAIS
OX.1. Unhas paisaxes protexidas, ordenadas e xestionadas co obxecto de respectar e manter o carácter dos diferentes tipos de paisaxe baixo principios de sustentabilidade e de procurar a mellora da calidade de vida da cidadanía.
OX.2. Unhas paisaxes heteroxéneas en que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que outorgue variedade textural e perceptiva e evitando a banalización e o abandono.
OX.3. Unhas paisaxes en que se manteña a interface que xeran as combinacións harmónicas, evitando a fragmentación e as grandes continuidades que homoxeinizan a paisaxe.
OX.4. Unhas paisaxes en que se manteña a singularidade a través da preservación e potenciación dos valores referenciais que as conforman.
OX.5. Unhas paisaxes vivas, accesibles e que poidan ser disfrutadas pola cidadanía. Creación dunha cultura da paisaxe mediante recursos didácticos e formativos.
OX.6. Unhas paisaxes de valor natural e ecolóxico que preserven a súa calidade, biodiversidade e singularidade e nas cales sexa compatible a preservación deses valores co aproveitamento de recursos e o disfrute da cidadanía.
OX.7. Unhas paisaxes agrarias, gandeiras e forestais en que a actividade produtiva sexa compatible co mantemento da estrutura paisaxística, cos valores históricos do territorio e coa funcionalidade dos asentamentos como lugar de habitación.
OX.8. Unhas paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales os materiais e volumes se adaptan á paisaxe da contorna e nas cales se procure a compactidade fronte á dispersión.
OX.9. Unhas paisaxes produtivas integradas na contorna e que atendan ás condicións paisaxísticas do ámbito en que se insiren.
OX.10. Unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais.

4.2 OCP PARA AS GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS

GOLFO ÁRTABRO
11B_1/3. Un espazo rururbano cun crecemento planificado, que busque compactidade e defina a funcionalidade dos espazos, xerando unha paisaxe de núcleos ordenados. Uns núcleos rurais que conserven as súas características tradicionais e estean integrados na paisaxe.
5B_2. Un mosaico agroforestal ordenado, estruturado internamente segundo un modelo produtivo sustentable e integrado cos diversos usos circundantes na procura de harmonía paisaxística, no cal se recupere a variedade estética e textural propia do mosaico.
6B_1. Unhas plantacións forestais xestionadas e planificadas na procura de explotacións forestais eficientes que teñan en conta criterios de integración paisaxística.
2B_3. Unhas matogueiras en que se compaxine a actividade produtiva agropecuaria propia das chairas e dos vales coa preservación do seu ecosistema e a protección dos ámbitos de alto valor ecolóxico.
9B_2. Uns espazos urbanos cun crecemento controlado, nos cales se promova a compactidade urbana, a integración paisaxística e a conservación dos elementos con valor paisaxístico.
10B_4. Uns conxuntos históricos cunha estrutura e elementos característicos ben xestionados e planificados, nos cales se desenvolva unha variedade de usos que favoreza a súa conservación e habitabilidade.
3A_3. Uns bosques nos canóns que manteñan a súa biodiversidade, procurando a continuidade ou o aumento da superficie con presenza de especies autóctonas, atendendo ás formas, pendentes e solos propios dos canóns.
13_3. Un bordo litoral protexido e en bo estado de conservación, no cal se conxuguen os valores naturais, estéticos e patrimoniais que conviven neste ámbito coa funcionalidade habitacional, produtiva e de desfrute, na procura do mantemento das paisaxes características. Unhas vistas das paisaxes mariñas e das rías que conserven as características e os valores paisaxísticos propios destas.
2C_3. Unhas matogueiras e turbeiras nas serras que, no caso de atesouraren un especial valor natural, conserven as súas condicións ecolóxicas e topográficas primixenias. Unha variedade morfolóxica, textural e cromática preservada na procura do mantemento dos seus valores naturais, estéticos e produtivos ligados ao ámbito de serra.
1A_3. Unhas láminas de auga nos canóns e os seus bosques de ribeira ben conservados e que actúen como corredores ecolóxicos, paisaxísticos e territoriais, grazas a unha xestión que teña en conta as especiais condicións edafolóxicas e orográficas

6A_4. Unhas plantacións forestais que teñan en conta os condicionantes orográficos e morfolóxicos dos canóns, na procura de harmonía paisaxística e dun modelo produtivo xestionado de maneira sustentable e que outorgue valor social á relevancia ecolóxica e estética dos espazos forestais.

5A_2. Uns mosaicos agroforestais nos canóns nos cales se estruturen internamente os diversos usos forestais e agrogandeiros segundo as condicións morfoestruturais propias dos canóns, que sexan explotados con medios respectuosos coa contorna e nos cales se favoreza o incremento de especies autóctonas.

GALICIA SETENTRIONAL

5B_2. Un mosaico agroforestal ordenado, estruturado internamente segundo un modelo produtivo sustentable e integrado cos diversos usos circundantes na procura de harmonía paisaxística, no cal se recupere a variedade estética e textural propia do mosaico.

6B_4. Unhas plantacións forestais en que se harmonice unha silvicultura produtiva, xestionada polos instrumentos de planificación forestal, cunha paisaxe de calidade.

5C_2. Uns mosaicos agroforestais nas serras ordenados e que recuperen o esquema organizativo propio dos espazos de serra, acadando unha estrutura na cal os diferentes usos ocupen os espazos aptos para eles.

6C_4. Unhas plantacións forestais nas serras con diversidade textural e de especies, xestionadas por instrumentos de xestión forestal que contribúan á súa riqueza paisaxística.

2C_3. Unhas matogueiras e turbeiras nas serras que, no caso de atesouraren un especial valor natural, conserven as súas condicións ecolóxicas e topográficas primixenias. Unha variedade morfolóxica, textural e cromática preservada na procura do mantemento dos seus valores naturais, estéticos e produtivos ligados ao ámbito de serra.

2B_4. Unha paisaxe con matogueiras ou turbeiras xestionada con criterios de sustentabilidade, de xeito que se evite a súa degradación e a da súa contorna, así como afeccións ecolóxicas ou paisaxísticas.

12C_2. Unhas explotacións extractivas nas serras planificadas segundo criterios de explotación acordes cos valores paisaxísticos da contorna, dimensionadas axeitadamente, minimizando o seu impacto visual e tendo presente desde o inicio da explotación a conservación do valor paisaxístico da súa contorna e a restauración ambiental, topográfica e paisaxística do lugar.

13_3. Un bordo litoral protexido e en bo estado de conservación, no cal se conxuguen os valores naturais, estéticos e patrimoniais que conviven neste ámbito coa funcionalidade habitacional, produtiva e de desfrute, na procura do mantemento das paisaxes características.

Unhas vistas das paisaxes mariñas e das rías que conserven as características e os valores paisaxísticos propios destas.

3B_3. Uns bosques nas chairas e vales ben conservados, integrados nas paisaxes das contornas que os acollen e que formen parte de corredores ecolóxicos e territoriais.

7B_1. Uns prados e cultivos extensivos nas chairas e nos vales xestionados para evitar o abandono e integrados cos espazos de valor natural circundantes.

3C_3. Uns bosques nas serras nos cales se protexa a riqueza e a variedade ecolóxica, afianzando a presenza de especies autóctonas e compatibilizando isto con actividades produtivas sustentables.

12B_2. Unhas explotacións extractivas localizadas onde o seu impacto visual sexa mínimo, ben integradas paisaxisticamente e nas cales se leven a cabo actuacións de mellora e restauración da paisaxe.

4.3 OCP PARA AS UNIDADES DE PAISAXE

RURURBANO (DISEMINADO) EN CHAIRAS E VALES INTERIORES, LITORAL CÁNTABRO-ATLÁNTICO OU VALES SUBLITORAIS.

11B_1_1. Un espazo rururbano en que os asentamentos e as construcións se integren na paisaxe, planificados segundo as necesidades de desenvolvemento e buscando a súa compactidade, seguindo un esquema básico da estrutura territorial do solo rústico e do espazo construído ben definido, no cal as funcionalidades estean claras, de xeito que se xere unha paisaxe de núcleos ordenados urbanisticamente e cunha visión de conxunto conforme a asunción dun patrón de asentamento claro.

11B_3_2_a. Uns asentamentos rurais que conserven as súas características tradicionais de xeito que se manteña o carácter propio do núcleo preexistente e a vinculación á súa contorna. As edificacións tradicionais estarán conservadas e valorizadas, cos seus materiais preservados, así coma cos seus volumes e formas propios.

11B_3_2_b. Uns núcleos rurais tradicionais preservados de intervencións que desvirtúen a estrutura ou tipoloxía en que reside o seu carácter, incluíndo nestas os desenvolvementos urbanísticos, e que manteñan a súa individualidade ben definida sobre o continuo natural e agrario do territorio, como unidades produtivas e sociais que son.

AGROSISTEMA INTENSIVO (MOSAICO AGROFORESTAL) EN CHAIRAS E VALES INTERIORES, LITORAL CÁNTABRO-ATLÁNTICO OU VALES SUBLITORAIS.

5B_4_1. Un agrosistema intensivo (mosaico agroforestal) xestionado na procura de explotacións forestais e agrogandeiras eficientes e sustentables, no cal se manteña a diversidade estética e textural e se conserven peches e sebes tradicionais, así como as especies autóctonas que dotan o sistema forestal de diversidade ecolóxica e textural, outorgando recoñecemento social aos valores produtivos, naturais e estéticos dos espazos agroforestais.

RURURBANO (DISEMINADO) EN CHAIRAS E VALES INTERIORES, LITORAL CÁNTABRO-ATLÁNTICO OU VALES SUBLITORAIS.

6B_4_1. Unhas plantacións forestais en que se harmonice unha silvicultura produtiva cunha paisaxe de calidade estética (mestura de especies, plantacións de diferente idade, bordos harmónicos, etc.) e que estean ben adaptadas á orografía propia dos espazos chans e dos vales. Uns espazos forestais xestionados polos instrumentos de planificación forestal, tendo en conta criterios paisaxísticos e buscando unha diversidade de usos e valores, expresión dun sistema de explotación sustentable.

MATOGUEIRA E ROCHEDO OU TURBEIRAS E QUEIROGAIS HÚMIDOS EN SERRAS

2C_3_1. Unhas matogueiras, rochedos e turbeiras nas serras ben estruturadas ecoloxicamente, resilientes, sen procesos erosivos e que conserven a morfoloxía e vexetación propia do seu ambiente, sen presenza de especies alóctonas e invasoras. Uns ámbitos naturais que compatibilicen a súa función ecolóxica co mantemento dos seus valores estéticos e produtivos fronte ás principais ameazas deste tipo de paisaxe: abandono, incendios, erosión e especies invasoras.

2C_3_2. Unha integración axeitada entre os espazos de matogueira ou turbeira e outros usos orientados á produtividade forestal, enerxética ou agrogandeira, especialmente no caso dos hábitats asociados, como por exemplo, o bosque húmido en ambientes hidrófilos.

AGROSISTEMA EXTENSIVO EN VALES SUBLITORAIS OU LITORAL CÁNTABRO-ATLÁNTICO

7B_1_1. Un agrosistema extensivo nas chairas e vales xestionado de modo que sexan sustento dunha matriz paisaxística variada e non uniforme, cunha diversidade textural característica das paisaxes agrogandeiras. Uns espazos agrarios extensivos que manteñan o seu uso fronte ao abandono e a repoboación forestal, respectando o sistema hidrolóxico tradicional e que se integren de xeito harmónico cos bosques e espazos de valor estético e natural circundantes.

7B_1_2. Uns prados e pastos harmonizados coas manchas de frondosas dentro dun modelo produtivo sustentable. Unhas novas pradarias que conserven ou creen novas sebes, muros, aliñamentos de árbores e outros sistemas de delimitación que eviten a monotónia das grandes superficies gandeiras.

BOSQUE EN VALES SUBLITORAIS OU LITORAL CÁNTABRO-ATLÁNTICO

3B_3_1. Uns bosques en que se preserven as masas arbóreas e a fauna autóctonas fronte á proliferación de especies alóctonas, procurando unha correcta integración entre os espazos de valor natural e os usos agrarios, gandeiros e forestais, que garanta o seu disfrute social. Os seus compoñentes florísticos e faunísticos garantirán o mantemento da súa funcionalidade ecolóxica, patrimonial, estética e produtiva como medio para evitar os incendios e para a súa boa conservación.

3B_3_2. Uns bosques en chairas e vales que formen parte de corredores ecolóxicos e territoriais, e que manteñan unha conectividade que permita a estruturación da paisaxe. Uns bosques de ribeira que coexistan cos prados e pastos propios dos vales e que contribúan a evitar os procesos erosivos dos cursos fluviais.

UNIDADES DE PAISAXE LITORAIS

13_3_1. Un bordo litoral ben conservado, no cal se protexan os valores naturais e ecolóxicos (tanto bióticos como abióticos) e se respecten os procesos naturais dos sistemas areosos, dunares e cantís (incluíndo os seus hábitats anexos). Un litoral en que se compatibilice a conservación destes valores naturais e doutros valores estéticos e patrimoniais coa funcionalidade habitacional, produtiva e de disfrute deste ámbito, atendendo a principios de sustentabilidade e na procura de paisaxes resilientes que manteñan as súas características.

13_3_2. Un bordo litoral con calidade ambiental e paisaxística mediante actuacións de conservación do medio natural, conxuntamente coa ordenación das edificacións de xeito que se preserven da ocupación as áreas precisas e nas de ocupación necesaria se favoreza a compactidade e a integración da contorna natural.

13_3_3. Unhas vistas das paisaxes mariñas e das rías que conserven as características e os valores paisaxísticos naturais, panorámicos, estéticos e de uso.

4.4 OCP PARA ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO (AEIP)

OCP AEIP
AEIP.1. Uns valores ecolóxicos preservados de xeito sustentable como garantes de variedade e funcionalidade ecolóxica, e nos cales se protexan aqueles elementos constituíntes que outorgan o valor diferencial.
AEIP.2. Uns valores culturais ou patrimoniais, sexan materiais ou inmateriais, preservados como elementos configuradores das paisaxes culturais, atendendo á súa relación co territorio.
AEIP.3. Uns valores estéticos ou panorámicos protexidos mediante o mantemento das condicións perceptivas vinculadas aos fondos escénicos, á amplitude de vistas e á matriz compositiva propia da paisaxe autóctona.

4.5 OCP ÁREAS DE ESPECIAL ATENCIÓN PAISAXÍSTICA (AEAP)

OCP AEAP
AEAP.1: Uns asentamentos de poboación compactos, continuos e planificados, con construcións e edificacións rematadas, acordes co seu contorno e respectuosas coa paisaxe.
AEAP.2: Unhas instalacións enerxéticas planificadas e deseñadas segundo as propostas máis respectuosas coa paisaxe, previstas co menor impacto visual posible e nas cales se leven a cabo as medidas correctoras precisas para a minimización do seu impacto en AEIP.
AEAP.3: Unhas explotacións extractivas integradas na contorna, nas cales se apliquen os sistemas de explotación que impliquen un menor impacto paisaxístico e nas que se adopten solucións que reduzan a súa visibilidade.
AEAP.4: Unha paisaxe libre de impactos ambientais (incendios forestais, contaminacións e deterioración dos cursos fluviais, rías e zonas húmidas, vertedoiros incontrolados, etc.) que a deteriore e supoñan unha perda ou diminución dos valores paisaxísticos propios do lugar.
AEAP.5: Unhas áreas de actividades industriais ou empresariais planificadas e deseñadas con criterios paisaxísticos, respectuosas cos elementos de valor ecolóxico, natural ou patrimonial e integradas na estrutura territorial da súa contorna.
AEAP.6: Unhas paisaxes libres dos efectos negativos que produce o abandono e conseguinte deterioración de elementos conformadores do carácter das paisaxes, tales como construcións de todo tipo, aldeas, viñas, infraestruturas ou calquera outro
AEAP.7: Unhas plantacións forestais reguladas e planificadas con instrumentos de ordenación e xestión que minimicen a incidencia das especies alóctonas, en especial nas AEIP.

5 XUSTIFICACIÓN DAS DIRECTRICES DA PAISAXE DE GALICIA

5.1 INTEGRACIÓN COAS DETERMINACIÓNS

Neste apartado detállase a proposta de integración do PXOM coas normas e recomendacións establecidas nas Directrices da Paisaxe de Galicia.

5.1.1 Determinacións xerais

DX.01 (N)	a)	Tivéronse en conta as paisaxes cotiás, tanto na unidades de paisaxe rústica como urbana
	b)	Contempláronse os valores paisaxísticos nas distintas unidades como se pode ver en cada subapartado do apartado 2.2.3 Delimitación das Unidades Paisaxísticas. No apartado 2.6 contémlanse as áreas de interese paisaxístico Dentro da paisaxe urbana, recolléronse os fitos de interese paisaxístico do casco urbano (apartado 3.1.1).
	c)	Identificáronse os elementos que producen impactos paisaxísticos na paisaxe urbana (ver apartado 3.1.2).
DX.02 (N)	a)	Neste documento analizáronse as distintas unidades de paisaxe presentes no municipio, tanto as identificadas no POL Galicia como no CPPG.
	b)	O Plan analizou no apartado 2.3 Visibilidade, a visibilidade dende os miradoiros e percorridos visuais así como se tivo en conta a visibilidade do concello segundo CPPG
	c)	O Plan propuxo unha ampliación das áreas de interese paisaxístico de Monte das Lagoas para garantir as vistas panorámicas
	d)	Recóllense os espazos de interese do CPPG e do POL de Galicia
	e)	Contempláronse os espazos de especial atención paisaxística
	f)	O Plan realizou un estudo da paisaxe urbana.
DX.03 (N)		Non afecta a este documento.
DX.04 (N)	a)	O Estudo Ambiental Estratéxico aborda os efectos do planeamento sobre a paisaxe, o patrimonio natural e cultural e establece medidas para a súa minimización.
	b)	
	c)	No Estudo da paisaxe identifícanse os efectos que o planeamento pode ter sobre a paisaxe e descríbense medidas para evitar, reducir ou compensar tales efectos.

		<p>Os novos desenvolvementos urbanísticos, infraestruturas, instalacións ou dotacións que poden afectar á paisaxe, son os solos urbanos non consolidados (85 SUNC), o solos urbanizables (8 SUB). Estimase que poden producir impactos visuais pola colmatación dos terreos ou pantallas arquitectónicas. O Plan na súa normativa establece unha serie de medidas preventivas e correctoras como pode ser a integración das edificacións (<i>Capítulo 7 Condicións de estética e integración ambiental das edificacións</i> ou no <i>artigo 360 Normas de protección e adaptación ao ambiente.</i>) ou sobre a integración do bordo litoral (Arti.215 Condicións adicionais nos núcleos rurais, solo urbano, solo rústico), entre outras.</p> <p>A delimitación dos núcleos rurais non afectarán significativamente á paisaxe xa que se recollen a urbanización difusa actual dos núcleos rurais.</p>
DX.05 (N)	a)	A ordenación é congruente cas características de cada paisaxe, protexendo os valores de cada unidade e corrixindo na medida do posible os impactos presentes.
	b)	O Plan establece os espazos de maior valor paisaxístico como SR Paisaxística, ademais nas zonas naturais de gran valor dentro da trama urbana propón Espazos libres, como nas ribeiras do río de Santa Cecilia ou no borde costeiro.
	c)	O establecemento de tres bolsas de SRPPX, e unha rede de espazos libres ao carón dos canles fluviais e o bordo litoral, favorece a protección de medio natural do concello e os principais miradoiros do concello. O plan recolle a Senda dos Faros e establece un plan especial para a súa xestión. Ademais recolle a ruta xacobeá do Camiño Inglés e o Camiño a San Andrés de Teixido.
	d)	O PXOM establece unha serie de espazos libres para mitigar os impactos visuais e sonoros, como os espazos libres propostos ao carón da liña do ferrocarril e a vía FE-11.
	e)	Establécense uns 85 Solos urbanos non consolidados que permiten rematar de xeito ordenado a trama urbana, especialmente os ocios xerados por unha urbanización difusa. Ademais contémpanse unha serie de zonas verdes que permitan favorecer unha transición máis harmoniosa entre o medio urbano e o medio rural e natural.
	f)	As ordenanzas propostas teñen en conta os distintos paisaxes urbanos, establecendo un proposta continuista co planeamento vixente, establecendo 11 ordenanzas de aplicación en solo urbano.
DX.06	a)(N)	O PXOM establece a creación de espazos públicos ben delimitados e espazos libres axardinados, equipamentos públicos. En realización a mobilidade sostible o PXOM recolle as propostas do PMUS de Narón. Ademais establece nos desenvolvementos o soterramento das infraestruturas.
	b)(N)	

c)(N)	Unha das principais estratexias do PXOM e a colmatación do casco urbano, e completar as zonas baleiras interiores, e que permitan a rexeneración urbana.
d)(R)	O PXOM non favorece a expansión do casco urbano de Narón, senón que o seu obxectivo é a colmatación da trama urbana.
e)(N)	O PXOM establece espazos libres que remata o borde costeiro así como as ribeiras do río Santa Cecilia. Ademais establece unha serie de espazos libres ao carón do ferrocarril e a estrada FE-11 que mellora os límites da trama urbana.
f)(R)	
g)(R)	A ordenación respecta o patrimonio cultural, así como as zonas verdes propostas e existentes permiten desfrutar da percepción de fitos do territorio como a Ría de Ferrol.
h)(N)	A PXOM analiza as alturas das edificacións mediante a serie de planos 15054_PXOM_202310_AI_PINFSU_03ED_02ALT, e establece unha ordenación acorde á súa volumetría.
i)(N)	Narón carece dun casco histórico como tal, inda que presenta edificios dignos de protección.
j)(N)	As ordenanzas perseguen a uniformidade volumétrica e tipolóxica das edificacións.
K)(N)	Nas zonas de vivendas unifamiliar propónse unha ordenanza 3 Residencial unifamiliar
l)(N)	Os SUNC buscarán unha proporción adecuada entre a altura das edificacións e o espazo público que delimitan, co obxecto de garantir as mellores condicións de soleamento e ventilación natural, tanto dos propios espazos públicos como das edificacións
m)(R)	Os novos equipamentos buscan equilibrar os servizos públicos en todo o casco urbano.
n)(N)	Establecese a ordenanza 4. FINCAS SINGULARES EN SOLO URBANO. Esta ordenanza é de nova creación con respecto ao planeamento vixente e busca a conservación de fundacións, quintas e en xeral edificacións señoriais que situadas nos perímetros de solo urbano ofrecen un interese como pezas unitarias de interese arquitectónico, histórico, cultural ou simplemente ambiental pola súa construción ou pola existencia de xardinería ou arboredo de notable desenvolvemento.
o)(R)	A ordenación proposta busca completar os cuarteiróns, eliminando os medianís á vista.

	p)(N)	Prevese o uso da Guía de cor e materiais como referencia para garantir unha composición de calidade.
	q)(N)	O PXOM contempla os itinerarios peonís do PMUS e establece unha ordenación coherente.
	r)(N)	A creación de novos espazos libres permite crear un gran corredor verde ao longo do rego de Santa Cecilia e ao longo do borde costeiro.
	s)(N)	Establécense normas específicas para garantir a correcta integración dos espazos libres.
	t)(N)	Regúlanse as condicións da publicidade, cartelaría e sinalética
	u)(N)	O plan integra o río Santa Cecilia no sistema de espazos libres.
	v)(N)	O Plan contempla unha condicións especiais para protexer e por en valor o borde costeiro. Concretamente establece unha serie de disposicións (Ver art. 215 <i>Condicións adicionais nos núcleos rurais, solo urbano, solo rústico</i>)
	w)(N)	Megasa atopase parcialmente dentro da zona portuaria. Detállase nas Directrices das Áreas de Especial Atención Paisaxística.
	x)(R)	Como sa xe citou o PXOM establece unha serie de zonas verdes ao carón do borde litoral.
DX.07		O PXOM recolle as áreas de especial interese paisaxístico recollidas no CPPG, os espazos de gran valor natural e os espazos de interese do POL como SRP Paisaxística. Ademais amplía estas zonas debido a súas vistas panorámicas.
DX.08		O presente PXOM conta co documento Análise do Modelo de Asentamento Poboacional que é o que determina as medidas a adoptar para a ordenación, mellora e preservación dos asentamentos tradicionais.
DX.09		<p>O plan establece 158 núcleos rurais delimitados. O presente PXOM incorpora o documento do Análise do Modelo de Asentamento Poboacional que é o que determina as medidas a adoptar para a ordenación, mellora e preservación dos asentamentos tradicionais.</p> <p>Os criterios de delimitación utilizados tratan de evitar unha perda de valores fundamentais nos asentamentos rurais, así como que a influencia negativa sobre os valores paisaxísticos e ambientais da contorna sexa a mínima posible. Na delimitación dos núcleos tivéronse en conta as condicións existentes, as características topográficas e os elementos naturais, infraestruturas e divisións catastrais.</p> <p>Sen embargo, os criterios de delimitación nas zonas máis recentes (comúns) non é tan clara, en moitos casos a diferenciación entre as zonas comúns dos distintos núcleos tradicionais non responde a unha diferenciación histórica,</p>

		<p>dado que na maior parte dos casos estamos a falar de núcleos en enxame na que as zonas de expansión forman un continuo. O criterio do presente PXOM é vincular as áreas delimitadas como comúns (as expansións continuas) aos distintos asentamentos tradicionais realizando os cortes entre os núcleos nos viais.</p> <p>Na normativa do plan se establecen unha serie de pautas para garantir a integración dos núcleos rurais. Tamén resultan de aplicación os criterios que figuran nas guías de boas prácticas editadas polo Instituto de Estudos do Territorio (IET).</p>
DX.10	a1(N)	O PXOM so establece solos urbanizables de carácter dotacional, industrial e terciario para potenciar os sectores económicos e anéxanse a o solo urbano, excepto o ámbito de A Boeira que ven derivado PSOAEG. Mentres que os SUNC plantexados son para consolidar e colmatar a trama urbana.
	a2(N)	Os novos desenvolvementos lindan co tecido urbano existente, excepto o desenvolvemento proposto polo PSOAEG.
	a3(N)	Os novos desenvolvementos non se establecen en zonas de alto valor ecolóxico e nas súas fichas propónse unha serie de medidas para garantir a protección dos valores naturais.
	a4(N)	
	a5(N)	Nas fichas dos novos desenvolvementos e na normativa establécense pautas para garantir a súa integración paisaxística.
	a6(N)	
	a7(N)	
	a8(R)	Non se modificarán nin os perfís e escenarios urbanos tradicionais
	a9(N)	Os desenvolvementos mellorará rede dotacional, especialmente a rede de espazos libres.
	b1(N)	Nas fichas dos novos desenvolvementos industriais e na normativa establécense unha serie de consideracións para garantir a súa integración paisaxística.
	b2(N)	
	b3(R)	
	b4(N)	
	b5(N)	
	b6(R)	
	b7(N)	
b8(R)		
b9(N)		
b10(N)		
c1(N)	Os novos desenvolvemento cumprirán cas directrices de paisaxe	
c2(N)		
DX.11		Non afecta. Afecta aos instrumentos de ordenación do territorio
DX.12		Non afecta. Afecta aos instrumentos de xestión agraria

DX.13	Non afecta. Afecta xestión de espazos naturais	
DX.14	Non afecta. Afecta a xestión forestal	
DX.15	Non afecta. Afecta a minaría	
DX.16	Non afecta. Afecta ao Plan sectorial eólico de Galicia	
DX.17	O PXOM establece que as construcións en solo rústico cumpran os requisitos da directriz DX.17	
DX.18	Os solos urbanizables deberán cumprir esta directriz (os criterios xa se mencionan na directriz DX.10)	
DX.19	Nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos e redes de infraestruturas enerxéticas serán subterráneos.	
DX.20	Non afecta. Afecta aos proxectos mediante os cales se materialicen os parque eólicos.	
DX.21	Non afecta, Refírese a instrumentos de planificación e proxectos de infraestruturas e vías de comunicación.	
DX.22	O PXOM recollerá que os cerramentos deban cumprir esta directriz.	
DX.23	a(R)	O inventario e normativa de patrimonio, foi consensuado ca Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
	b(R)	Os espazos libres propostos ademais de dispoñerse ao longo do borde costeiro circunda a parte meridional do Camiño Inglés.
	c(R)	Ao carón do elemento arquitectónico de maior importancia como é co caso do Mosteiro do Couto, establecece unha gran zona verde (OC-05) ao nordeste. Así como a creación dun espazo libre arredor do Castro de Petouzal (OC-02).
	d(N)	Contémpanse o Camiño Inglés e o Camiño a San Andrés
	e(R)	Recollido no apartado de normativa no referido a muros e peches (art. 96 e 97)
	f(N)	A normativa establece criterios para as intervencións de restauración ou recuperación para garantir a integración paisaxística.
	g(R)	Se asegurará a conservación dos valores estéticos e paisaxísticos dos elementos patrimoniais a través da normativa do Plan.
	h(R)	Catalógase a Fabrica de Fariñas e Cobreira de Xubia.
	i(R)	Tanto no Mosteiro do Couto coma no Castro de Petouzal protéxense as vista, mediante a creación dun espazo libre na súa contorna
	j(R)	Non se crean itinerarios paisaxísticos temáticos a excepción do Camiño de Santiago e o Camiño de San Andrés de Teixido.
k(R)	Non se prevén medidas compensatorias que fomenten a conservación da paisaxe asociado a valores patrimoniais.	
DX.24 (R)	a)	Non se realiza inventario do patrimonio cultural inmaterial.
	b)	
	c)	Non se elaboran rexistros nin cartografía de toponimia.
	d)	Recollido no apartado de normativa no referido a muros e peches

	e)	Recollido no artigo 126, apartado 1.b da normativa do PXOM
DX.25		Recollido no apartado de normativa no referido a protección do Camiño Inglés (Título XV da normativa)
DX.26	a(N)	Recóllense os miradoiros inventariados no CPPG e o POL Galicia.
	b(N)	Os miradoiros están en SRP Paisaxística, a excepción do miradoiro do Salto
	c(R)	Non aplica, non afecta directamente aos miradoiros.
	d(N)	
	e(R)	
	f(R)	

5.1.2 Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo urbano

DIRECTRIZ	INTEGRACIÓN NO PXOM
UR.01 (N)	O Plan establece 85 ámbitos de solo urbano non consolidado a fin de completar os baleiros existentes dentro da malla urbana nos que son precisos acometer obra urbanizadora ou ben reforma interior así como a obtención de novas dotacións e aperturas viarias.
UR.02 (N)	A maior parte dos ámbitos de solo urbano non consolidado son obxecto de reforma interior ou renovación urbana.
UR.03 (N)	No artigo 138 da normativa non se permite deixar medianeiras vistas sobre espazos libres, zonas verde e equipamentos. Ademais establece outras pautas para mellorar imaxe exterior mediante o coidado das medianeiras.
UR.04 (R)	
UR.05 (R)	No Artigo 215 da SECCIÓN 3a. CONDICIÓNS ADICIONAIS DE ACTUACIÓN SOBRE OS NÚCLEOS EEDIFICACIÓNS EN SOLO RÚSTICO NA ZONA COSTEIRA da normativa do PXOM recóllense unha serie de pautas para potenciar as vistas do borde costeiro.
UR.06 (R)	O PXOM non recoñece áreas urbanas de especial interese paisaxístico pero si que ten en conta os elementos de máis valor paisaxístico. O Plan

	<p>recolle e protexe os elementos culturais, mediante a inclusión no catálogo. Mentres no borde litoral e fluvial crea unha rede de espazos libres que permite a súa protección e disfrute.</p>
UR.07 (R)	<p>O Plan ten unha ordenanza específica para as fincas singulares en solo urbano (ordenanza 4).</p>
UR.08 (N).	<p>O plan recolle nos artigos 438 e 439 da normativa do PXOM as normas de protección paisaxística. Ademais contempla unha serie de espazos libres para protexer a súa contorna natural. En relación aos bens culturais o plan fixo un minucioso inventario e protexeu ditos elementos.</p>
UR.09 (N)	<p>O plan establece unha ordenanza 4 para os elementos singulares con pezas de interese arquitectónico, histórico, cultural ou simplemente ambiental pola súa construción ou pola existencia de xardinería ou arboredo de notable desenvolvemento.</p>
UR.10 (R)	<p>Recollido no artigo 190.8 da normativa do PXOM.</p> <p>Ademais, o estudo de mobilidade do PXOM establece unha serie de sendas co obxectivo de crear espazos de lecer e goce do medio ambiente dos parques e da paisaxe da ría. Estes itinerarios e espazos libres permitirán unir varios barrios de Narón e sería unha alternativa para circular polas estradas AC-862 (a estrada de Castela), FE-11, FE-12 ou a AC-566.</p>
UR.11 (R)	<p>O Plan establece a reforestación con especies naturais, so en SUNC proponse plantar máis de 8.400 exemplares. Esta Directriz recollese nos artigos 142 e 407 da normativa do PXOM</p>
UR.12 (R)	<p>Recollido especificamente nos artigos 189.6, 192.9, 335.1d, 336.4, 337.2, 337.3a 383.1c, 383.1d, 383.11, 384.1. 384.2 da normativa do PXOM.</p> <p>A obrigatoriedade no emprego de especies vexetais autóctonas é transversal tamén en outros artigos cuxo fin último e a protección da biodiversidade do concello mediante a conservación da flora e da fauna autóctona (CAPÍTULO 6. BIODIVERSIDADE. Artigos 430.4 e 430.6, da normativa do PXOM)</p>
UR.13 (R)	<p>Recollido nos artigos 197.1, 198.1, 433.1, 435 e 436 da normativa do PXOM</p>
UR.14 (R)	<p>No Plan non están prevista ningunha canalización de cursos fluviais. Os cursos de auga do concello están clasificados como SRPAU polo que se establecen as determinación en materia de protección adscritas a esta clasificación do solo. Así mesmo, no caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera outro elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seralle de aplicación a normativa da lexislación</p>

	de augas, e terá plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.
UR.15 (R)	Os cursos de auga do concello están clasificados como SRPAU polo que se establecen as determinación en materia de protección adscritas a esta clasificación do solo. Ademais ao carón do río Santa Cecilia se establece unha serie de zonas verdes, que se revexetarán con especies autóctonas.
UR.16 (N)	Recollido nos artigos 211.1f, 215.20, 298.7, 304.8, 493.4b e 452.6c da normativa do PXOM
UR.17 (R)	Recollido nos artigos 199.4., 417.4b, 436.5, 450.2b e 451.6 da normativa do PXOM

5.1.3 Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo rururbano (urbano diseminado)

DIRECTRIZ	INTEGRACIÓN
RU.01 (N).	Estas medidas se recollen no Título X Normas particulares do solo de núcleo rural, concretamente nos capítulos 4, 5 e 6 (artigos 360, 361, 362, 363, 364, 365, 366, 367, 368, 369, 370,371 e 372).
a)	
b)	
c)	
RU.02 (N).	Recollido nos artigos 360, 361, 362, 363, 364, 365, 366, 367, 368, 369, 370, 371 e 372 da normativa do PXOM
a)	Respectarase o establecido na LPP e o RLPP. Terase en conta o establecido nas guías publicadas polo IET, en especial, a Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais, guía de cor e materiais de Galicia e a guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos. Artigo 360.7 da normativa do PXOM.
b)	
c)	
d)	
RU.03 (N).	Respectarase o establecido na LPP e o RLPP. Terase en conta o establecido nas guías publicadas polo IET, en especial, a Guía de boas prácticas para intervención nos núcleos rurais, guía de cor e materiais de Galicia e a guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos. Artigo 360.7 da normativa do PXOM.

RU.04 (R).	A maior parte dos propostos localízanse dentro destas unidades a excepción da ampliación do cemiterio municipal.
------------	--

5.1.4 Determinacións para as unidades de paisaxe de tipo litoral

DIRECTRIZ	INTEGRACIÓN
LT.01 (R)	O plan pretende protexer o borde costeiro, mediante o establecemento de SRP Costas, así como outras categorías que favorecen a súa protección como SRPEN. Mentres na contorna urbana se establecen unha serie de espazos libres. No capítulo 3. Normativa Sectorial en materia de Costas nos artigos 208, 210.b, 212.6, 398.4 e 398.6 da normativa do PXOM.
LT.02 (R)	A única praia existente é a Praia do Casal, que se atopa dentro de Rede Natura e o Plan establece como SRPX, SRPEN e SRPC. Por tanto, se protexerá os valores naturais da praia natural.
LT.03. (N)	
LT.04 (R)	
LT.05 (R)	Esta determinación queda englobada no artigo 215.19 da normativa do PXOM.
LT.06 (N)	Recollido no artigo 215.18 da normativa do PXOM.
LT.07 (R)	Recollido nos artigos 208, 210.a, 211.2c, 212.6, 215.18 e 428.5 da normativa do PXOM.
LT.08 (R).	O PXOM recolle o trazado da Senda dos Faros proposta polo POL e establece un plan (PEM-02) para a xestión da senda litoral.
LT.09. (R)	En Narón no existen portos deportivos.
LT.10 (R)	Excede as competencias do PXOM, inda que as actuacións do plan é a protección do medio natural e cultural.
LT.11 (N)	Regulado no artigo 212.3 da normativa do PXOM.
LT.12 (R)	Na área de recualidación establece un Plan de protección (PEP) ARC-01. Os PEP teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos. Neste PEP inclúese o futuro Espazo Libre SX-EL-N01 (Pasaeo da Ría-Tramo Norte)

5.1.5 Directrices específicas para áreas de especial interese paisaxístico (AEIP)

DIRECTRIZ	INTEGRACIÓN
AEIP.1. (N)	Recollido no artigo 439.1 da normativa do PXOM.
AEIP.2. (R)	Excede as competencias do PXOM.
AEIP.3. (R)	O PXOM reconece estas áreas.

5.1.6 Directrices específicas para áreas de especial atención paisaxística (AEAP)

DIRECTRIZ	INTEGRACIÓN
AEAP.1. (R).	<p>Tomar conciencia da importancia de integrar os terreos do porto de Ferrol e da industria siderúrxica Megasa na configuración da paisaxe urbana de Xuvia.</p> <p>Considerando que a ordenación detalla do sistema xeral portuario deberá tramitarse a través do plan especial do porto (a formular pola autoridade portuaria e a aprobar polo Concello), si cabe reflexionar no PXOM , sobre a relación física e urbanística (construtiva e de usos) entre o porto e a cidade e a repercusión que a actividade portuaria ten na función urbana como entidade complementaria.</p> <p>O Sistema Xeral Portuario e o plan especial que o ordene debe posibilitar non só a integración axeitada entre a zona portuaria e o núcleo urbano de Xuvia senón que tamén debe apostar polo desenvolvemento prioritario e principal das actividades e usos con respecto aos principios de integración ambiental e urbana, evitando o apantallamento das edificacións, a rotura do campo visual da fachada marítima e a conxestión do viario de acceso ao porto.</p> <p>O PXOM carece de competencias para ordenar estes terreos, que estarán ao disposto na lexislación sectorial e o Plan Especial do ámbito portuario de Megasa, aprobado definitivamente o 17 de xullo de 1995. Si é competente, con todo, para instar á autoridade portuaria a revisar o Plan Especial e reflexionar sobre a relación física e urbanística entre os terreos portuarios e a cidade, máxime se temos en conta que as instalacións portuarias non só sitúanse nun punto privilexiado da costa naronense, senón que tamén lindan co Camiño Inglés de Santiago. É por iso que o Plan define oPEID-03.</p>
AEAP.2. (N)	
AEAP.3. (N)	

6 EQUIPO REDACTOR

A consultora TYSGAL SC (CIF: J70446687) foi o redactor encargado do Estudo da Paisaxe para o PXOM do Concello de Narón.



Equipo de traballo:

Jose M. Taboada Faílde

Colexiado nº 949 polo Colexio de xeógrafos de España



TYSGAL
CONSULTORÍA
CIF: J70446687
info@tysgal.com tysgal.com
Av. Número Doutado 27, Entresuelo A
Santiago de Compostela

Víctor Bouzas Blanco

Colexiado nº 3044 polo Colexio de xeógrafos de España



TYSGAL
CONSULTORÍA
CIF: J70446687
info@tysgal.com tysgal.com
Av. Número Doutado 27, Entresuelo A
Santiago de Compostela

Asinado en A Coruña a xx de xullo de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto

Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto

Arquitecta

Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda.

Codirectora dos traballos



CONCELLO DE NARÓN
